

ESENCIA DA GALEGUIDADE

José Lois Estévez

XUNTA DE GALICIA

Imprime: ACK Servicios de Comunicación
I.S.B.N.: 84-453-1791-1
Depósito Legal: C-6996

*Se algún mérito ten este opúsculo, atribuiráselle
a D. FERNANDO AMARELO DE CASTRO, sen a súa
intervención, endexamais se escribiría.*

As súas deficiencias todas pesan sobre min.

J. L. E.

ÍNDICE

Limiar.	7
Capítulo I	9
INTRODUCCIÓN.	9
Capítulo II	11
GALICIA E O GALEGO	11
Capítulo III	15
TESTEMUÑOS LITERARIOS SOBRE GALICIA E OS GALEGOS	15
Capítulo IV	49
IDENTIFICACIÓN XEOGRÁFICO-ETNOLÓXICA	49
1 Xénesis do galego	49
2 Galicia pre- e pos-romana	50
3 Galicia suevo-visigótica	53
4 Conquista islámica e reacción gótica	54
5 Galicia desde a «inventio» do sepulcro do Apóstol Santiago.	58
6 Rasgos de carácter atribuídos os galegos.	61
Capítulo V	69
PREVIA INDAGACIÓN SOBRE A ESENCIA	69
1 Perplexidade ante o problema da esencia: ¿Pode a «idea» conceptualizarse?	69
2 A posición aristotélica inicial	70
3 A esencia como «categoría»	70
4 As tentativas de unha definición «real» da esencia	72
5 Esencia e «forma substancial»	74
6 ¿Xenera contradicción a perspectiva aristotélica?..	75
7 Zubiri fronte ó Estagirita.	76
8 Cambios accidentales i esenciais de un suxeito	76
9 Zubiri e o concepto de esencia	77
10 10. A esencia segundo Husserl	77
11 11. As tesis de Zubiri	80
12 Notas constitucionais e adventicias da esencia	81
13 ¿Defin Zubiri realmente a esencia?	81
14 Reparos a construción de Zubiri	84

15	¿Cousas reais e “cousas sentido”?	85
Capítulo VI		87
SESGO CATEGORIAL DA GALEGUIDADE		87
1	Aclaración terminolóxica: ¿Qué significa sesgo categorial?	87
2	Resposta normativa: Galicia e a galeguidade segundo nostras leis	88
3	O problema da “nacionalidade histórica” galega	93
4	O concepto de «pobo»: cuestionamiento da súa definición	101
5	¿Un futuro Estado galego?	103
Capítulo VII		111
GALEGUIDADE E SENTIMENTO PATRIO		111
1	Patria e familia	111
2	¿Qué significa «Patria»?	115
3	A expansión da comunidade familiar	115
4	Nación e Patria	119
5	Ius sanguinis e ius soli	120
6	Patriotismo y nacionalismo	125
Capítulo VIII		131
Conclusiones		133
Índice de Autores		133

Os pasos que os homes deron ó longo dos tempos gozan da incerteza e conducen, unha vez tras outra, á interrogación, á busca de respostas para coñecer, para entender. É a inseguridade, cualidade esencial do humán, a que impulsa e a que motiva para as conviccións e para as accións. Por iso recórrense camiños sempre inéditos e son, aínda os chamados trillados pola humanidade na súa historia, os que para cada persona e para cada comunidade ou pobo proporcionan experiencias.

Igual acontece cos saberes, que recorren labirintos experimentais, fenomenolóxicos, racionais, teóricos, espirituais, entre impresións de avance e retroceso, e que, a pesares de titubeos, erros e tribulacións, van aumentando en cantidade e, o que é máis importante, progresando en calidade e en exactitude.

A esa calidade, dende a fondura e amplitude dos seus saberes, contribúe agora con xenerosidade o Prof. Lois Estévez, abrindo perspectivas e incitando a unha curiosidade intelectual activa, ó brindarnos unha aproximación pluridisciplinar na busca do sentido esencial da Galeguidade.

Dende unha intensa formación filosófico-xurídica, antepón dificultades razonadas a partires de sólidas fundamentacións e como desafíos a esas vulgaridades socorridas tan comúns, con ánimo de proba-las desviacións de moitos asertos convencionais e moi manidos, tratando de presentaren unhas bases reais sobre as que sexa factible asenta-la determinación dunha Comunidade diferenciada.

E obrigado poñer de relieve a inmensa e minuciosa aportación das testemuñas literarias sobre Galicia e os galegos, principalmente de autores e textos clásicos, así como as apretadas referencias históricas, xa que, na súa variedade, deparan infinidade de suxerencias e apuntan vías de investigación e de estudio. Galicia reflíctese a través de impresións e de expresións, de presencias diversas e de distintas apreciacións da súa identidade, segundo o recorrido literario, as incidencias xeo-gráfico-históricas, as convencións e decisións do acontecer político e a impronta relixioso-cultural.

De entre as interpretacións posibles acerca da Galeguidade e do seu ser, o Prof. Lois, en primeiro lugar, afirma que se trata dun “feito”, que é unha realidade patente, na que destacan dúas notas: a coparticipación nunha tarefa e o que aquela proceda dun consenso afectivo. E unha realidade que, hoxe por hoxe, está ahí, que é evidente, e á que nos move unha coincidencia de afectos, emocións e sentimentos, e unha vontade de compartiren nun mesmo sentir operativo.

A forma migratoria do nomadismo primitivo, ó que fai mención o autor neste texto para subliñala importancia e primacía do “ius sanguinis” sobre o “ius soli”, conduce moi claramente á vinculación familiar, a súa tradición e herdanza cultural, como permanente causa de identificación comunitaria. Mais, aínda sendo o vínculo principal no persoal e no comunitario, como eu mesmo sinalei en repetidas ocasións ó acentúa-la realidade do social, non cabe dúbida algunha que a posterior validación do “ius soli”, reforza unha conciencia de pertencencia a unha Comunidade aínda máis identificada. O grave é cifrar somentes no territorio a razón comunitaria e a identidade cultural.

A significación e o papel da ascendencia foi, en orde a identidade, repetidamente invocado e aducido, por canto o vivir humán supón un encadeamento transmisor, non só de vida senón

tamén de tradicións, de costumes, de usos e de cultura. Require, polo tanto, en canto a súa conservación e o seu perfeccionamento unha aceptación e, ó tempo, unha vontade de asumir o conxunto dos valores transmitidos. E esa vontade, que non poderá quedarse nunca nun bo desexo, debe traducirse en incorporación activa, en colaboración decidida e en firme aportación para a súa afirmación, crecemento e herdanza mellorada.

A ardua cuestión da Galeguidade, polo que atinxe o seu contido e a súa definición, é evidente e susceptible de moitas aproximacións a partires de ópticas distintas, pero a súa implantación, a súa expansión e a popularidade que foi adquirindo nectos últimos anos, esixen a receptividade de todas elas. Cada día son máis os galegos, residentes en calquera territorio do mundo, que se acomodan nesa concepción do ser galego, e fano os de toda-las xeracións. Uns, por acentuación da identidade orixinaria, e outros, os descendentes, pola incorporación familiar e animosa.

Todo paso é avanzar no camiño, aínda que as veces a mesma consecución de solidez na ruta nos faga retroceder ó pasado e ós cementos fondos polos que foi trazándose. O horizonte de futuro permanece e segue aí, como liña de aspiracións e como meta ilusionadora, convertendo ó porvir común e compartido no aglutinante máis enérxico para ese camiñar a un destino.

En tal perspectiva, é precisamente a nosa diáspora, os galegos de fóra da Galicia territorial, quen máis contribuíron a acentuación e consolidación da Galeguidade como un feito incuestionable e progresivamente máis consciente ou, cando menos, máis sentido en canto forma de enlazamento cunhas raíces que caracterizan un modo de vivir.

Con agrado e recoñecemento, prologamos nesta ocasión a obra que o Prof. Lois Estévez aporta a esta Colección Básica “Da Emigración á Galeguidade”, na que nos brinda a súa análise e consideracións en favor de novas maneiras ou posicións para o aprecio da Galeguidade, e faino dende a súa inquebrantable traxectoria científica e dende a coherencia indubidable do seu pensamento.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente de la Xunta de Galicia



1

Capítulo

Introducción

Na clausura do III Consello de Comunidades Galegas o Secretario Xeral, Sr. Amarelo, finalizaba a súa intervención afirmando que aquel era o último Consello da emigración e o primeiro da galeguidade. Segundo as súas propias explicacións, intentaba representarse así, partindo do presente, non só a fisionomía do onte senón incluso unha previsión do maná. No fondo, todo o seu discurso propoñíase mostrar como fora, ata o momento, concibida Galicia por quen se formulara nalgunha forma o problema da súa definición ⁽¹⁾.

Había nas súas palabras un reto incitante, que, por certo, lanzou-me en privado despois, a fin de espertala miña curiosidade en torno ó difícil problema enunciado no título deste traballo. El preguntábase, e desafiabamos a investigar qué tendencias prevalecen actualmente sobre o significado político que haxa de darse á nosa Comunidade autónoma, tanto dende a Constitución e o Estatuto galego como máis alá dos mesmos, para formula-lo atrevido prognóstico de como probablemente será configurada a realidade galega no porvir ⁽²⁾.

En síntese, a cuestión aquí debatida pódese resumir nunha pregunta: ¿Que denotación recibiu, recibe e debería recibir en definitiva a palabra Galicia para soportar indemne os vaivéns do tempo?

Galicia escribe Amarelo non se circunscribe só a un territorio; son as súas xentes, os galegos, os definidores do país, mellor que a terra. Galicia está -explícanos máis tarde- onde habitan galegos,

¹ AMARELO DE CASTRO: *A galeguidade: un sentimento común*, Xunta de Galicia, 1995, 1314.

² AMARELO DE CASTRO: *Op. cit.* 19, 127 ss.

cos seus usos e os seus costumes, coas súas formas e modos de vida ⁽³⁾.

Cantos teñan a fortuna de coñecer e ter convivido con comunidades de galegos en distintas partes do mundo -engade o Secretario Xeral-, entenderán o significado e a exactitude das afirmacións anteriores ⁽⁴⁾.

¿Será correcto este modo de ver?

Para dictaminar sobre tan alambicado asunto con coñecemento de causa debemos preguntar ante todo a qué se chama “Galicia” e que é ser galego?

³ AMARELO DE CASTRO: *Op. cit.* 14.

⁴ AMARELO DE CASTRO: *Ibid.*



Galicia e o Galego

Non querendo dar pola miña conta, para non incorrer en prexuízo, unha descrición de Galicia e o galego, voume permitir transcribir aquí a sumaria e *fermosa que fai Roque Barcia no seu Dicionario* General Etimolóxico de la Lengua Española, Barcelona, s. f. (pero cunha Introducción datada en 1879).

Coido que os lectores a quen sexa descoñecido o texto, me agradecerán que o divulgue. E o seu autor ben se merece non só a homenaxe que así lle tributo, senón a gratitude de tódolos galegos. Por suposto, non o actualizarei, senón que respectarei absolutamente a súa literalidade: Os datos afectados de obsolescencia son notorios: non é preciso rectificalos.

Velaquí as súas palabras:

“GALICIA. Feminino. Xeografía. Un dos reinos en que se dividía antigamente a península española. Atópase situado entre os 41°-43° de latitude setentrional e 3°-5° de lonxitude occidental do Meridiano de Madrid sobre unha superficie de 29 082 quilómetros cadrados, que poboan 1.846.753 habitantes. Esta vasta rexión ocupa a extremidade noroeste de España, e confina nesta dirección co Océano Atlántico; polo Este, con Asturias e León; e polo Sur con Portugal.

As montañas de GALICIA son ramificacións da cordilleira pirenaica; os seus montes máis elevados, os de Cervantes, Cebreiro, Courel, Serra dos Cabalos, Segundera e Canda. Na costa atópanse os cabos e puntas de Burela, San Ciprián, Estaca de Bares, Ortegaleira e Monte Faro, ó Norte; e ó Oeste, os de Prioiro, Nariga, Roncudo, Vilán, Nave, Fisterra, Monteleón, Corrubedo, San Vicente, Lourido, Silleiro e Santa Tegra. Este último e outros menos notables, forman varias enseadas ou rías e sobre 50 portos que ofrecen abrigo e seguridade contra os frecuentes temporais que naquelas augas se experimentan. Entre as primeiras, encóntranse as de Ribadeo, Santa Marta, Cedeira, Viveiro, Ferrol, Pontedeume, Sada ou Betanzos, Coruña, Corme e Laxe, Camariñas, Corcubión, Pontevedra, Noia, Muros, Arousa, Padrón e Vigo; entre os segundos, os de Ribadeo, Bares, Ferrol, Viveiro, Sada, Coruña, Corme, Camarinas, Corcubión, Muros, Carril, Vigo e Marín. As illas máis notables atópanse na parte occidental; as de Baiona fronte a ría de Vigo; as de Ons, á saída da de Pontevedra, e a de Sálvora, que cubre a de Arousa. O río máis importante que percorre este antigo reino é o Miño, que ten a súa orixe na fonte do seu nome, entre Lugo e

Mondoñedo, e ó cal únese o Sil, que nace ó Norte da provincia de León. Ai recibe varios afluentes a dereita e esquerda; o Támeiga; que se interna no veciño reino de Portugal; o Arousa (¿⁵?), o Mendo, o Allóns, o Eo e outros moitos desaugan no mar, formando as extensas rías arriba mencionadas.

O clima, notablemente diverso, aínda nos puntos circunveciños, é frío e chuvioso cara ó Norte; temperado, no centro; cálido nos vales situados ó mediodía e cuberto cara ás costas. A frondosidade dos bosques, a fertilidade dos seus vales e a abundancia das súas augas, deron a este país o nome de Suiza española. O terreo préstase admirablemente a toda clase de cultivos nos vales e ladeiras; e nos seus montes, cubertos de arborado e de follaxe, encóntranse augas minerais, algunhas vetas de metal, particularmente de ferro, e copiosas canteiras. As campiñas producen algúns cereais, moitas patacas, nabos, castañas, avelás, froitas, vino, seda, liño e millo, de que se fai o pan que comen as clases necesitadas; nas súas praderías mantense numeroso gando vacún, lañar, cabalar e de porco, o cal constitúe a principal riqueza do país; as costas e os ríos dan abundante e exquisita pesca. A industria consiste en boa lencería e fiado, de que se prové gran parte da Península, e en excelentes manteigas, curtidos, panos, sombreiros, louza, pescado, salgadura, escabeche, sardiñas, queixo e gandos. O territorio divídese en catro provincias: A Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense. A poboación, aínda que numerosa, ofrece poucas comarcas considerables; os seus moradores atópanse, polo xeral, repartidos en pequenas aldeas e casaríos, constituíndo freguesías e parroquias.

Historia. A Teucro atribúe San Isidoro, nas súas *Etimoloxías*, a fundación deste país, ó cal deu o nome de Gallada, que, con lixeiras variantes, veuse transformar no de Galicia, que na actualidade leva. Posteriormente, outros filólogos, que investigaron con igual interese a orixe desta voz, derivana do grego Galactos, interpretado leite; aludindo, sen dúbida, á vida pastoril que distinguirá ós seus habitantes. Sexa diso o que fose, o que se parece fóra de toda dúbida é que o país de GALICIA, Gallicia, Gallecia e Galiza, toma o seu nome dos gallaici, antigo pobo que o habitaba, o cal opuxo unha tenaz e vigorosa resistencia ás poderosas lexións romanas. En canto á antigüidade dos pobos desta parte da Península, é moi aventurado canto se diga, posto que a penas foron coñecidos dos nosos primeiros historiadores.

Estrabón, Mela e Plinio, só dan unha noticia moi breve da súa nomenclatura xeográfica. Fraccionádo-los galaicos en numerosas parcialidades, dividiunas Augusto entre dous conventos xurídicos: Ptolomeo designou con perfecta claridade e método as cidades do lucense e do bracarense. Tal era o estado de Galicia cando, a principios do século V, foi invadida polos bárbaros, os cales a fixeron teatro das fazañas máis atroces e crueis. Os suevos, prevalecendo nesta conquista sobre os alanos, os vándalos e os silingos, a quen botaron do territorio, constituíron este, baixo Hermerico (406) (⁶), nun vasto reino, que chegou a estenderse ata a Lusitania e a Bética. En 585 era destronado Eurico polo tirano Andeces, e dous anos máis tarde, Leovigildo, rei dos visigodos, expulsaba a aquel de Galicia e incorporaba este reino á súa coroa. En 713, despois dunha loita sanguenta e desesperada, quedou o país sometido ó poder dos musulmáns; pero non tardou moito tempo en sacudi-lo seu xugo e formar parte dos estados cristiáns, que se empezaron a formar nas montañas de Asturias. Constituían entón os galegos un país populoso e eminentemente guerreiro: non só repelían con frecuencia as algaradas sarracenas,

⁵ E un erro de Roque Barcia, que non corrixo no texto.

⁶ O número que consta no texto é (40)). A errata resulta evidente. Por iso, excepcional-mente, corrixo.

senón que os atacaban moitas veces, chegando a internarse ata nos seus propios dominios; e cando as correrías dos islamitas eran de tal natureza que non podían rechazalas, sabían polo menos sosterse firmes nas súas respectivas fortalezas. O conde de GALICIA chegou a verse elevado, polo valor deste pobo, case ó nivel do mesmo rei de Oviedo, non obstante aparecer coma feudatario seu. Os naturais deste país foron calificados por un historiador árabe coma os máis bravos e aguerridos de toda a cristiandade; e houbo época en que non pasaba un só día sen que sostivesen sangrentos combates cos sarracenos. Despois dalgunhas rebelións, Fernando, despois chamado o Grande, rei de León e Castela, erixiu Galicia coma reino particular e cedeuno con Portugal ó seu fillo García, o ano 1060; pero os habitantes, retirados ás súas montañas, apenas recoñeceron a autoridade real, e os seus condes continuaron sendo os verdadeiros soberanos dos seus respectivos territorios, e máis dunha vez chegaron a dispoñer da coroa. En 1474, baixo o reinado de Fernando V, apelidado o Católico, constituíu o país civilmente e pasou a ser unha das provincias de España, conservando, sen embargo o título de reino. Dende esta época veu GALICIA figurando coma unha das comarcas españolas máis importantes, sen desmerecer nunca das súas antigas e lexítimas glorias.

Aspecto do país. As rías de GALICIA, especialmente a de Arousa son puntos os máis agradables e deliciosos da terra”.

Se aceptamos esta pasaxe coma unha descrición sintética de Galicia, corresponde contestar agora á outra pregunta: ¿Como son os galegos? Comecemos, por razóns de coherencia, co testemuño do propio Roque Barcia no final do seu anterior artigo. Nel fálanos, nos seguintes termos, do “*Carácter xeral dos seus habitantes.* Os galegos están dotados dunha organización física enérxica, robusta e vigorosa: son probos, sobrios, valentes, humildes, fieis, activos e moi inclinados á agricultura; pero carecendo de propiedades e faltándolles ocupación no seu propio país, vense obrigados a emigrar ás demais provincias de España e ó veciño reino de Portugal, onde se entregan ás faenas máis penosas. Nas Castelas ocúpanse nos traballos da sega, terminada a cal regresan ós seus fogares; en Madrid constitúen a numerosa clase dos augadores. A emigración a Portugal é tan considerable que en Lisboa acostuma a haber ata 30.000 galegos, adicados ó servizo público e ó movemento da aduana. O galego ten dotes privilexiadas para o ministerio da xudicatura, explicando este feito a curiosidade de que a maior parte dos maxistrados españois proceda de Galicia. As mulleres, xeralmente falando, son sinxelas, fermosas e perfectamente formadas. O pobo galego debe unir ó nobre escudo das súas armas o brasón seguinte:

**Allí un reino antiguo está
a quien su hazaña ilustró,
que alguno más rico habrá
pero más honrado no.”*

Vexamos, para contraste, outros xuízos sobre Galicia e os galegos nas grandes aportacións literarias castelas (⁷).

⁷ SAAVEDRA VÁZQUEZ, M^a del Carmen no seu *Galicia na idade moderna*, tomo IV da *Historia de Galicia de Vía Láctea* editorial, A Coruña, 1995, 13 ss., *ofréceno-la imaxe que se fixeron do noso país, entre mediados do século XV e todo o XVI, diferentes viaxeiros. A mala impresión que, polo xeral, se forman das nosas xentes merece pouco*

crédito. A visión de quen pasa escaso tempo nun lugar é sempre superficial e falsa. Como advertía sabiamente BALMES: El Criterio, 20 ed. 1911, 62 ss. "...Para que no se entrañe la severidad con que trato a los autores de viajes, sin que por esto me proponga rebajar el mérito dondequiera que se halle, bastará recordar las necedades y disparates que han publicado algunos extranjeros que han viajado por España..".. "La razón y la experiencia enseñan que, para formar cabal concepto de una pequeña comarca y poderla describir tal como es, bajo el aspecto material y moral, es necesario estar familiarizado con la lengua, pasar allí larga temporada, abundar de relaciones, estar en trato continuo, sin cansarse de preguntar y observar..."



Testemuños literarios sobre Galicia e os galegos.

Non faltan entre nos certos sectores de opinión que abrigan a crenza de que os galegos fomos discriminados habitualmente ou durante certo tempo polo resto dos españois. Como se Galicia fora a cincenta das rexións da nosa patria. Tomeime o traballo de indagar se na Literatura clásica castelá cabe descubrir algunha mostra de desdén ou trato pexorativo para co noso pobo. O resultado estatístico das miñas indagacións conduce, máis ben, a soste todo o contrario. Vexamos sucintamente os principais testemuños seleccionados.

Xa no Poema do Cid Galicia é mencionada varias veces e sempre para honrala.

Arengando ós seus antes de batallar co conde don Remont, o Cid dilles, para animalos:

“Nos cabalgaremos siellas gallegas”.

É un eloxio á nosa talabartería da época, a que máis destacaba en España.

Máis adiante, cando o rei Alfonso dispónse a tratar sobre o matrimonio das fillas do Cid cos Infantes de Carrión, di o xogar que:

*“Ifantes de Carrión llevan grandes compañías.
Con el rey van leoneses e mesnadas gallizianas”.*

Cando o Cid envía a Muño Gustios a pedir ó rei xustiza, lese:

*“Al rey don Alfons en San Fagunt lo falló;
Rey es de Castiella e es rey de León*

*e de las Asturias bien a San Salvador,
fasta dentro en Santi Yaguo de todo es señor,
e los condes gallizanos a él tienen por señor”.*

Por último, cando se van convocar Cortes en Toledo, o xograr canta:

*“Assi como lo dixo, suyo era el cuydado:
non lo detiene por nada Alfonso el Castellano,
enbía sus cartas pora León e a Santi Yaguo,
a los portugueses e a gallizianos,
e a Carrión e a varones castellanos...”*

Varias veces o Arcipreste de Hita refírese no seu **Libro de Buen Amor** ó Apóstolo Santiago. Unha, no verso décimo, dicindo:

“De poder de gentiles sacaste a Santiago”,

aludindo seguramente á traslación do seu corpo de Xerusalén a Compostela.

Nas estrofas 1.600 e seguinte recomenda contra a preguiza as remarías. Di:

*“Armados estemos mucho contr’açidia, mala cosa,
de los siete pecados mas sutil e engañosa,
e cada día pare doquier qu el diablo posa:
más fijos malos tyene, que la lana rraviosa.
Contra ésta e sus fijos, que ansy nos devallen,
andemos remarías e las oras non callen...”*

Antes, na número 1.205, tras aludir a unha promesa penitencial de ir coma romeiro a Xerusalén, describe realmente ós peregrinos que se encamiñaban cara a Santiago:

*“El viernes de indulgencias vestió una esclavina,
grant sombrero rredondo, mucha concha maryna,
bordón lleno de imágenes, en él la palma fyna,
esportilla e cuentas para regar ayna.
Los capatos rredondos e bien sobresolados,
echó un grand' dobler sobre los sus costados,
gallofas e bodigos lyeva y condesados:
destas cosas romeros andan aparejados.
Deyuso el su sobaco va la mejor alfaja;*

*calabaqa bermeja, más que pico de graja
bien cabe un acumbre e más una miaja:
non andarían romeros syn aquesta sufraja...”*

No “**Prohemio**” ou carta que o marqués de Santillana enviou coas súas obras ó condestable de Portugal -descuberto polo P. Sarmiento-hai noticias moi importantes sobre os comezos e méritos da poesía galega.

Así no parágrafo X escribe:

“Extendiéronse, creo, d'aquellas terras é comarcas de los lemosines estas artes a los gállicos é á esta postrimera é occidental parte, que es la nuestra España, donde assaz prudente é fermosamente se han usado. Los gállicos é franceses escribieron en diversas maneras rimos e versos, que en el cuento de los pies é bordones discrepan; pero el peso é cuento de las sílabas del terqio rimo, é de los sonetos é de las canqiones morales, eguales son de las baladas...”

No parágrafo XIV é aínda máis explícito:

*“Entre nosotros usóse primeramente el metro en assaz formas: asy como el “**Libro de Alixandre**”, “**Los votos del Pavón**”, é aun el libro del Archipreste de Hita. Aun desta guisa escrivió Pero López de Ayala, el viejo, un libro que figo de las **Maneras del Palacio**, é llamáronlo “**Rimos**”. E después fallaron esta arte que mayor se llama, é el arte común, creo, en los reynos de Galligia e Portugal, donde non es de dubdar que el exercicio destas sgiengias mas que en ningunas otras regiones é provingias de España se acostumbrió; en tanto grado, que non ha mucho tiempo qualesquier degidores é trovadores destas partes, agora fuessen castellanos, andaluques e de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallega ó portuguesa. **E aun destes es cierto rescevimos los nombres del arte, asy como maestra mayor é menor, encadenados, lexapren é mansobre.**”*

Insiste sobre isto mesmo no parágrafo XV, onde cita algúns nomes de poetas galegoportugueses e entre eles o de Macías, o namorado.

Outro gran poeta que se ocupou de Galicia máis dunha vez é Juan de Mena. No seu Laberinto di:

*“Vi las provingias de España e poniente
a de Tarragona, la de Çeltiberia,
la menor Cartago que fue la de Esperia,
con los rincones de todo oçidente;
mostróse Vandalia la bien paresçiente,
de toda la tierra de la Lusitania,*

*la brava Galigia con la Tingitania
donde se cría feroje la gente. (Octava 48).*

*“Favila olvidado será en aquella ora,
e los claros hechos de Alfonso el primero,
aquél que a Segovia ganó de guerrero,
Braga, la Flavia, Ledesma e Çamora,
e a Salamanca nos dio fasta agora,
Astorga, Saldaña, León e Simancas,
a Noya e Viseo, faciéndolas francas
de moros con mano jamás vencedora. (Octava 275).*

*“Conquiso Sepúlveda con lo ganado,
Ernés, Portogal, e poblólas luego
de gente de Asturias e mucho gallego,
gentío que vino de buelta mesclado... (Octava 276)*

Fray Luis de León, príncipe dos líricos españois, adica unha das súas admirables odas ó Apóstolo Santiago. Nela fanse alusións tácitas, altamente poéticas, a Galicia. Pola súa gran extensión, non reproducirei a obra completa; só algunhas pasaxes:

*“Las selvas conmoviera,
las fieras alimañas como Orfeo,
si ya mi canto fuera
igual a mi deseo
cantando el nombre santo Zebedeo.*

*Y fueran sus hazañas
por mí con voz eterna celebradas,
por quien son las Españas
del yugo desatadas
del bárbaro furor, y libertadas.*

*Y aquella nao dichosa,
de al cielo esclarecer merecedora,
que joya tan preciosa
nos trajo, fuera agora
contada del que Scita y Cairo mora.*

%%%%%

*A España, a quien amaste
(que siempre al buen principio el fin responde),
tu cuerpo le enviaste
para dar luz a donde
el Sol su resplandor cubre y esconde.*

*Por las tendidas mares
la rica navecilla va cortando;
Nereidas a millares
del agua el pecho alzando,
turbadas entre sí la van mirando.*

%%%%%%%%

*Ya pasa del Egeo,
vuela por el Ionio, atrás ya deja
el puerto Lilibeo,
de Córcega se aleja,
y por llegar a nuestro mar se aqueja.*

*Esfuerza, viento, esfuerza,
hinche la santa vela, enviste en popa,
el curso haz que no tuerza,
do Ahila casi topa
con Calpe, hasta llegar al fin de Europa.*

*Y tu, España, segura
del mal y cautiverio que te espera,
con fé y voluntad pura
acude a la ribera
a recibir tu guarda verdadera.*

*Que tiempo será cuando
de innumerables huestes rodeada,
del cetro real y mando
te verás derrocada
en sangre, en llanto y en dolor bañada.*

*De hacia el Mediodía
oye, que ya la voz amarga suena,
la mar de Berbería
de flotas veo llena,
de gente hierven playa y el arena.*

%%%%%%%%

*De tu virtud divina
la fama que resuena en cada parte,
siquiera sea vecina,
siquiera más se aparte,*

a las gentes conduce a visitarte.

*El áspero camino
vence con devoción, y al fin te adora
el franco, el peregrino
que Livia descolora,
el que en poniente, el que en levante mora.”*

No capítulo LVIII da Segunda parte de “*El Ingenioso Hidalgo...*”, na aventura das imaxes cubertas, conta Cervantes:

“Rióse D. Quijote y pidió que quitasen otro lienzo, debajo del cual se descubrió la imagen del Patrón de las Españas a caballo, la espada ensangrentada, atropellando moros y pisando cabezas; y en viéndola dijo D. Quijote:

Este sí que es caballero y de las escuadras de Cristo: Este se llama don San Diego Matamoros, uno de los más valientes santos y caballeros que tuvo el mundo y tiene agora el cielo...”

Algo después, en el mismo capítulo, pregunta Sancho a su amo: “...Querría que vuesa merced me dijese qué es la causa por que dicen los españoles cuando quieren dar alguna batalla, invocando aquel San Diego Matamoros: ^Santiago y cierra España! ¿Está por ventura España abierta, y de modo que es menester cerrarla, o qué ceremonia es ésta?*

Simplicísimo eres, Sancho respondió Don Quijote; y mira que este gran caballero de la cruz bermeja báselo dado Dios a España por patrón y amparo suyo, especialmente en los rigurosos trances que con los moros españoles ha tenido, y así le invocan y llaman como a defensor suyo en todas las batallas que acometen, y muchas veces le han visto visiblemente en ellas, derribando, atropellando, destruyendo y matando los agarenos escuadrones; y desta verdad te pudiera traer muchos ejemplos que en las verdaderas historias españolas se cuentan...”

Estes pasos da obra xenial provocan no lector galego e aínda simplemente en calquera lector curioso varias preguntas. Pois ¿non parece estraño que en ningunha das alusións ó noso Apóstolo faga referencia Cervantes a Galicia nin á cidade que leva o seu nome? ¿Por qué tan inexplicable silencio? ¿Tina Cervantes algún motivo de manía, aversión, hostilidade ou falta de simpatía cara a Galicia ou ós galegos?

Confeso que por algún tempo, abriguei esta sospeita; sobre todo tras ler certo fragmento de “*La Tía fingida*”, obra atribuída con sólido fundamento a Cervantes, onde se formula un xuízo, aparentemente moi pexorativo, dos galegos.

Despois, houben de corrixir tal primeira impresión por dous razóns. Ante todo, por ter tropezado con outro texto, xenuinamente cervantino, onde o Apóstolo Santiago e a súa cidade son evocados con eloxio, o mesmo que A Coruña e a súa famosa Torre de Hércules.

En efecto; no entremés de “*La soberana Virgen de Guadalupe y sus milagros y grandezas de*

España” pónense en boca do moro Aliatarfe os seguintes versos:

*“Pienso, Cegrino fuerte, no dejallo,
hasta llegar a do los lleva el miedo,
a Córdoba me animan sus caballos,
y sus bellas mujeres a Toledo:
En las Montañas pienso conquístanos,
y a Francia amenazar desde Laredo,
y así verán que desta suerte llevo
al rico Altar de su Patrón Gallego.
Que una vez humillado su Rodrigo,
como en los campos de Xerez lo dejo,
por la industria del Conde su enemigo
y de aquel alfaquí prudente y viejo,
no ha de templarse de África el castigo
menos que con romper su claro Espejo
de la Torre que iba a la Coruña,
mientras su diestra aquesta espada empuña.*

Despois, examinando en conxunto a pasaxe de *“La Tía Fingida”*, crin que debería matiza-las miñas anteriores inferencias. Pois o xuízo, aparentemente pexorativo, polas circunstancias de quen o fai e a ocasión en que se fai, podería redundar en loanza.

En efecto: Fala unha celestina e notemos o que di dos españois de tódalas rexións:

“Advierte, hija mía, que estás en Salamanca, que es llamada en todo el mundo madre de las ciencias, y que de ordinario cursan en ella y habitan diez o doce mil estudiantes, gente moza, antojadiza, arrojada, libre; aficionada, gastadora, discreta, diabólica y de humor. Esto en lo general; pero en lo particular, como todos por la mayor parte son forasteros y de diferentes partes y provincias, no todos tienen unas mismas condiciones. Porque los vizcaínos, aunque son pocos, es gente corta de razones; pero si se pican de una mujer son largos de bolsa. Los manchegos son gente avalentonada, de los de Cristo me lleve, y llevan ellos el amor a mojicones. Hay también una masa de aragoneses, valencianos y catalanes; teñios por pulida, olorosa, bien criada y aderezada; mas no los pidas más, y si más quieres saber, sábetete, hija, que no saben de burlas; porque son, cuando se enojan con una mujer, crueles y no de buenos hígados. A los castellanos nuevos teñios por nobles de pensamientos, y que si tienen dan; y por lo menos, si no dan no piden. Los extremeños tienen de todo, como boticarios, y son como la alquimia, que si llega a plata, lo es, y si a cobre, cobre se queda. Para los andaluces, hija, hay necesidad de tener quince sentidos, no que cinco; porque son agudos y perspicaces de ingenio, astutos, sagaces y no nada miserables. Los gallegos no se colocan en predicamento, porque no son alguien. Los asturianos son buenos para el sábado, porque siempre traen a casa grosura y mugre. Pues ya los portugueses es cosa larga de pintarse sus condiciones y propiedades; porque como son gente enjuta de cerebro; cada loco con

su tema; mas la de casi todos es que puedes hacer cuenta que el mismo amor vive en ellos envuelto en lacería.”

Para Claudia, non había que tomar en conta ós galegos, porque, a fuer de humildes, practicamente non aparecían por alí. Dedicábanse ó estudio ou ó seu traballo e eran pouco inclinados ós vicios.

Outras dúas referencias a galegos fai Cervantes en “*La Entretenida*” (Xornada terceira, case ó final). Non teñen tampouco significado pexorativo, aínda que un exame superficial produza, en aparencia, esa errónea impresión. Dorotea, replicando a Torrente, criado de Cardenio, que lle critica os seus andares, dille:

*“Bodegón con pies, camine,
que aquí no le conocemos,
calle o pase, pues olisca
a lacayo y a gallego.”*

Dorotea infire probablemente que Torrente é un criado pola vestimenta; e galego, polo acento.

Na mesma comedia, pouco máis adiante, di Ocaña, para establecer contraste con Torrente:

*“Hermanos, yo soy Ocaña,
lacayo, mas no gallego,
sé brindar y sé gastar
con amigos cuanto tengo.”*

Non se pode ver aquí reproche indirecto de avaricia, posto que as últimas palabras postas en boca de Torrente foran:

*“Y advertid que soy Torrente,
perulero por lo menos,
y os daré selvas de plata
y mil montes de oro llenos.”*

Na súa “*Viaje al Parnaso*”, menciona Cervantes expresamente un poeta lucense nestes versos:

*“Este por quien de Lugo están ufanas
las musas, es Silveira, aquel famoso,
que por llevarle con razón te afanas.”*

Finalmente no “*El rufián dichoso*” o protagonista chámase Cristóbal de Lugo. ¿Foi personaxe histórico ou de ficción? Para Cervantes, indubidablemente o primeiro: As súas acotacións escénicas demostrano cumpridamente. Di, por exemplo, en varias ocasións: “Todo esto es verdad de la historia”. “*Todo esto desta máscara y visión fue verdad, que así lo cuenta la historia del santo.*” “*Todo esto fue así, que no es visión supuesta, apócrifa ni mentirosa*”, etc. ¿De que santo ou beato se trata? Debería chamarse S. Cristóbal de la Cruz ou S. Cristóbal de Lugo. Cervantes fai o seguinte resumo da súa vida:

(Fala a ninfa “Comedia”)

*“Yo estaba ahora en Sevilla,
representando con arte,
la vida de un joven loco,
apasionado de Marte,
rufián en manos y lengua,
pero no que se enfrascase
en admitir de perdidas
el trato y ganancia infame.
Fue estudiante y rezador
de psalmos penitenciales,
y el rosario ningún día
se le pasó sin rezalle.
Su conversión fue en Toledo,
y no será bien te enfade
que, contando la verdad,
en Sevilla la relate.
En Toledo se hizo clérigo,
y aquí en Méjico fue fraile,
adonde el discurso ahora
nos trajo aquí por el aire.
El sobrenombre de Lugo
mudó en Cruz, y es bien se llame
fray Cristóbal de la Cruz
desde este punto adelante...”*

Sábase que pertenceu á orde de Santo Domingo e que se lle atribúen moitos milagres. ¿Era galego? A obra cervantina non responde a esta cuestión. Pero o sobrenome induce a pensar que ou era de Lugo ou de familia lucense. Busquei con empeño a este posible santo galego; pero ata agora os meus esforzos resultaron pouco menos que inútiles (⁸).

⁸ En *IBN, Index bio-bibliographicus notorum hominum*, por *LOBIES, Jean-Pierre &c MASSON-STEINBART e colaboradores, I, Sectio generalis, Vol. 43, Osnabrüch, 1988*, figuran dous Cristóbal de la Cruz, dun, seguramente sobre o que escribe Cervantes, limitase a dicir que é relixioso sevillano. Do outro, máis famoso, que é relixioso portugués, de Lisboa, 1685. En *Piezas Maestras del Teatro Teológico Español*, edición publicada con introduccións e notas de *GONZÁLEZ RUIZ, Nicolás*, vols. I e II, 1946, recóllese no vol. II a obra cervantina, sobre

Tamén ñas enigmáticas *Nuevas andanzas del Ingenioso Hidalgo Don Quijote de la Mancha*, publicadas baixo o pseudónimo de Alonso Fernández de Avellaneda, hai varias alusións a galegos e a Galicia. Xa no capítulo IV á demanda de D. Quijote, que, como na obra cervantina, convertía a pousada en castelo, contéstalle o pousadeiro: “*Señor caballero, aquí no hay castillo ni fortaleza; y si alguna hay, es la del vino, que es tan bravo y fuerte, que basta no solamente para derribar, sino para hacer decir mucho más de lo que vuesa merced nos ha dicho, y así decimos y respondemos todos en mí, y yo por todos, que aquí no ha venido escudero alguno de vuesa merced; si quiere posada, entre, que le daremos buena cena y mejor cama, y aún, si fuera menester, no le faltará una moza gallega que le quite los zapatos...*”

A tal moza galega aparece na obra coma “*del partido*”; pero D. Quijote transforma en princesa e doncela, chámaa *infanta galiciana* e a invita a que lle acompañe a Zaragoza “*donde defenderá contra todo el mundo su extremada hermosura*” nas xustas ás que se propón concorrer.

No capítulo XXV, di por boca de Sancho:

“*...Mi señor Don Quijote no me parece que lleva talle de hacerme rey en su vida; y así, de fuerza habré de parar, mal que me pese, en almirante o adelantado cuando su merced gane alguna ínsula o península de las que me ha prometido; y a fe que si como él y yo hemos dado por lo secular diéramos por lo eclesiástico, que quedaríamos bien medrados desde que andamos en busca de aventuras, pues nos han hecho a los dos más cardenales y más colorados que hay en Roma ni en Santiago de Galicia...*”

De novo pon en boca de Sancho, no capítulo XXVI, a seguinte curiosa manifestación:

“*... Queremos entrar en la venta yo y la señora reina de Segovia; que a fe que tenemos muy bien picados los molinos; y si no, aparejaos para enviarnos aquí algunos cuarteles de pan, en cuya destroza nos ocupemos su majestad y yo, mientras mi señor la hace en vosotros en esta vecina guerraación; ¡asíguerreando le vea yo en casa de todos los griegos de Galicia!...*”

a cual di (páx. XXXII s.) o autor citado: “*... La comedia de Cervantes es histórico legendaria, en el sentido de que tiene una base histórica indudable, que el autor recogió, probablemente, en Sevilla, toda ella aromada por una leyenda piadosa. Es histórico el personaje central, fray Cristóbal de Lugo o de la Cruz. Es histórica, asimismo, la figura de su protector, Tello de Sandóval; la del virrey de Méjico, don Luis Velasco y la del prior de los dominicos. Por la firmeza con que Cervantes insiste en el carácter verdadero de algunas escenas, debió de conocer algo más que una referencia oral, aunque no sabemos de relato escrito en el que pudiera basarse. “Direi, por cabo, que confiada por min esta indagación ó meu sobrino, o Dr. Ángel d’ Ors Lois, Profesor na Universidade Complutense e máximo experto en lóxica medieval, logrou él resolver o problema. Encontrou unha sintética biografía de Fray Cristóbal de la Cruz no obra do doménico P. Fr. Alonso Fernández tituada “Historia Eclesiástica de Nuestros Tiempos”, Toledo, 1611. Contase nela que Fray Cristóbal nacerá en Sevilla e que morreu en México. “Apenas había espirado” (sic) -dinos él-se le quitaron todas las llagas del rostro y cuerpo, quedando blanco y hermoso el que antes estaba todo manchado y leproso”. Pouco despois, consultando o Diccionario Literario de González Porto-Bompiani (de obras y personajes de todos los tiempos y todos los países), IX, Barcelona, 1959, 367, pueden ler: “Su argumento está sacado de la **Historia de la Fundación y Discurso de la Provincia de Santiago de Méjico, de la Orden de Predicadores. Por las Vidas de sus Varones Insignes y Casos Notables de Nueva España**, de Fray AGUSTÍN DE DAVILA PADILLA, 1596. Sem embargo, ó meu xuício, non me parece probable que libro tan pouco divulgado nos medios españois poidera servir a Cervantes como fonte da sua comedia.*”

Por último, no capítulo XXXI, outra moza de vida airada, chamada Bárbara, convertida tamén por D. Quijote na raíña Cenobia, di iniciando un breve resumo da súa vida:

“... La mía, señores ilustrísimos, es la que tengo dicha en el Prado, breve y llena de altos y bajos, como tierra de Galicia”.

Os que se mostran máis progalegos entre os nosos grandes autores, son, ó meu xuízo, Lope de Vega e Tirso de Molina. O primeiro en moitas das súas obras teatrais alude a Galicia e pondera as súas belezas.

“*El mejor alcalde, el rey*” comeza nun campo, á beira do Sil, e o protagonista exclama:

*“Nobles campos de Galicia,
que, a sombra de estas montañas,
que el Sil entre verdes cañas
besar la falda codicia...”*

Na escena VI da mesma obra e Acto escribe ademais:

*“En los montes de Galicia,
hermana, no suele haber
fieras, puesto que el tener
poca edad fieras codicia.
Salir suele un jabalí
de entre esos montes espesos,
cuyos dichosos escesos
tal vez celebrados vi...”*

Na escena X do Acto segundo dise:

*“Un labrador gallego he visto echado
a la puerta, y bien triste.
Rey. Pues ¿quién a ningún pobre le resiste?
Id Enrique de hará,
y traedle vos mismo a mi presencia.*

Na seguinte escena pregunta o rei por D. Tello de Neira:

*“Que es hombre tan poderoso
en Galicia?”*

Respóndelle:

*-Es tan famoso
que desde aquella ribera
hasta la romana torre
de Hércules es respetado:
si está con un hombre airado
sólo el Cielo le socorre.
El pone y él quita leyes;
que éstas son las condiciones
de soberbios infanzones
que están lejos de los reyes...”*

Na escena XII, falando do rei, consta:

*“Como Alfonso se ha criado
en Galicia con el conde
don Pedro de Andrade y Castro,
no le negará la puerta,
por más que sea hombre bajo,
a ningún gallego...”*

En “**Los Benavides**” hai tamén varias mencións de Galicia. Unha na mesma escena primeira:

*“Y con vuestro parecer
quiero a Galicia enviar
por el conde y su mujer:
que ellos le sabrán criar
y está bien en su poder...”*

Máis adiante, na mesma xornada:

*“Jurado el niño Rey, nobles hidalgos,
por Galicia, León y las Asturias,
me quedaré con él, si es vuestro gusto,
en la ciudad, o llevaré conmigo,
a Lugo, donde viva, o Santiago,
que en esto no saldré de vuestro voto:
así me lo aconseja la Condesa...”*

Na “*Epístola al Licenciado Francisco de Rioja, en Sevilla*” di Lope de Vega de Gregorio Hernández:

*“Polimnia, de marfil en el Parnaso
ciñe a Gregorio Hernández mil laureles,
al lado del divino Garcilaso”.*

E, máis adiante, loando ó Conde de Lemos, manifesta:

*“Diáfano cristal retrata luego
un Pedro generoso, honor y gloria
de Castro, Lemos y del Sil gallego.”*

Góngora, que nas súas *Soledades* soubo cantar tan bela e harmoniosamente as nosas Rías, e que ten un espléndido soneto ó Conde de Lemos, índolle visitar en Monforte, foi crítico duro de algúns costumes galegos de entón, que malentendeu.

Reproducirei primeiro o soneto:

*“Llegué a este Monte fuerte, coronado
de torres convecinas a los cielos,
cuna siempre real de tus abuelos,
del Reino escudo, y silla de tu estado.
El templo vi a Minerva dedicado,
de cuyos geométricos modelos,
si todo lo moderno tiene celos,
tuviera envidia todo lo pasado.
Sacra erección de príncipe glorioso,
que ya de mejor púrpura vestido,
rayos ciñe de luz, estrellas pisa.
Oh cuánto deste monte imperioso
descubro! Un mundo veo. Poco ha sido,
que seis orbes se ven en tu divisa.*

A continuación transcribirei o seu poema satírico:

*“¡Oh montañas de Galicia,
cuya (por decir verdad)
espesura es suciedad
cuya maleza es malicia!
tal, que ninguno cudicia*

*besar estrellas, pudiendo,
antes os quedáis haciendo
desiguales horizontes;
al fin, gallegos y montes,
nadie dirá que os ofendo...”*

Máis ofensivas que esta estrofa son para os galegos as seguintes:

*¡Oh Sil, tú, cuyos cristales
desatas ociosamente,
mal coronada tu frente
de castaños y nogales,
qué bien de los naturales
vas murmurando y no paras!
Perdonen tus aguas claras
de Baco el poder injusto,
si ellos te niegan el gusto
y ellas te niegan las caras.*

*¡Oh, posadas de madera,
arcas de Noé, adonde
si llamo al huésped, responde
un buey y sale una fiera!
Entróme (que non debiera),
el cansancio, y al momento
lágrimas de ciento en ciento
a derramallas me obliga,
no sé cuál primero diga,
humo o arrepentimiento.*

*¡Oh labrante mujeriego
de tierras, de holandas non,
cuyas agujadas son
flechas del amor gallego!
Muestra castidad no os niego,
antes digo será eterna,
pues descalza la más tierna,
lleva, la que menos ara
pierna que guarda su cara,
cara que guarda su pierna.*

*¡Oh Narcisos de sayal,
antípodas de la gala
cuyo pié entra en cualquier sala*

*sin guante de Fregenal!
Puedo decir, y no mal,
de Galicia y sus confines,
sin disculpar escarpines
de los cheiros de la algalia,
que a Genova y aún a Italia
se la gana en Juanetines.”*

Máis incompreensión aínda, se cabe, amóstraa Góngora noutro soneto “*A Galicia*”:

*“Pálido sol en cielo encapotado,
mozas rollizas de anchos culiseos,
tetas de vacas, piernas de correos,
suelo menos barrido que regado,
campo todo de tojos matizado,
berzas gigantes, nabos filisteos,
gallos del Cairo, búcaros pigmeos,
traje tosco y estilo mal limado,
cuestas que llegan a la ardiente esfera,
pan de Guinea, techos sahumados,
candelas de resina con tericia;
papas de mijo en concas de madera,
cuevas profundas, ásperos collados,
es lo que llaman reino de Galicia.*

A estes versos deron resposta Quevedo e Trillo Figueroa. Quevedo opúxose:

*“Contra Galicia escribiste,
tierra de tocino y nabos,
que, como todo es limpieza,
toda junta te dio enfado.”*

Nun poema “*Contra el Patronato de Santa Teresa de Jesús*”, en defensa do exclusivo de Santiago, atópanse algunhas estrofas de Quevedo que aluden ás peregrinacións a Compostela. Velaquí están:

*“... El como Cid, del africano imperio
sacó del captiverio
la católica gente;
Cid, en fin, cuyo nombre de valiente,*

*y que ganado había,
parece que lo pierde en sólo un día.
Y aun con razón a alguno le parece
pues coadjutor le ofrece
tan cuerdo, con su lado,
que debe de estar viejo y arrugado,
y que sin ver la esgrima,
deja la espada y al bordón se arrima.
Mas si del no tenemos confianza,
équé dirá Italia y Francia?
éQué Alemania? ¿Qué el mundo?
Fuerza será de hoy más que en su profundo
sagrario, de extranjeros
helados no florezcan los romeros.*

%%%%%

*Vos, el que hizo poblar a Compostela,
adonde siempre vuela
devoto el peregrino,
que si en el cielo mira su camino,
juzga, libre de enojos,
que van los pies por donde van los ojos.”*

Este poema de Quevedo foi contestado noutro de autor anónimo, aínda que se atribúa a composición a Góngora (pese a grandes diverxencias do estilo) e a Peres de Montalbán.

O título intencionado que lle precede é o de “*Poema delírico*”. E unha das súas estrofas é a seguinte:

*“... El cuerpo de Santiago está en Galicia,
que el orbe nos codicia:
de donde cierto infiero
que no anduvo en las lides caballero
su cuerpo; en quien se advierte
de ambos sexos la diversa suerte.*

%%%%%

*“Tu, don Pablo, la flor de socarrones,
que con los bobarrones,
llamas la Láctea Vía
(que muestra el cielo en despidiendo el día)
Camino de Santiago,
no te quejes de mi si burlas hago.”*

O mesmo Quevedo, na súa *España defendida, y los tiempos de ahora*, no seu prólogo “Al Letor” di: “*Más me enojó ver que, cuando ligeramente pasábamos por estas cosas como buscando lo que más debíamos sentir, salió otro, atreviéndose ala fe y a las tradiciones y a los santos, y no quiso que Santiago hubiese sido patrón de España (9) ni venido a ella.*”

Máis de cerca, no capítulo I, concérnenos aínda o seu comentario a una cita: “*Esto dice de España no español, hijo apasionado, sino Justino de Trogo Pompeo, y añade tantas alabanzas de la paciencia, fortaleza, sufrimiento y magnanimidad de sus hijos, que, por no hacer largo el capítulo, dejo de referirlas. En él están para quien no las conociere en España misma. Sólo notaré que la tierra, que en España es tenida aún de los mismos españoles en desprecio por ruda, pobre, bárbara y remota, poco favorecida de Naturaleza, mereció tales palabras de Justino de Trogo: *Los gallegos dicen que es de los griegos su origen*. Dejo la razón como es. Dice más adelante, tratando de la tierra: ^Galicia, región fértil de metales y de plomo y de minio o bermellón, lo cual dio nombre al vecino reino, que, corrompido el vocablo por falta de una letra y adición de una tilde, llaman el Miño, siendo su nombre el Minio, tan rica de oro, que muchas veces con el arado se surcaban terrones de oro. Hay en esta tierra un sagrado monte por privilegios de ciega y oscura antigüedad, en el cual no tiene Usencia el hierro para herir tierra ni árbol; sólo cuando la tierra es tocada con rayo, que es frecuente en ella, se permite coger el oro como dádiva de Dios. Las mujeres tratan los campos y labranzas y sirven a las casas, y los hombres se divierten en armas y robos**”.

Tirso de Molina, o clásico castelán que mellor coñeceu Galicia, fai da mesma, como Lope, fermosas descrições e acendidos eloxios. Por exemplo: Na escena VI do acto primeiro de “*Mari-Hernández, la gallega*” figuran estes versos:

*“La voz tenéis de codicia.
Al paraíso de Galicia,
serranos, al valle.
Al valle.”*

E na escena VII do mesmo acto atopamos os seguintes pareados:

*“Caldeira, esta es Galicia.
No vive en estas sierras la malicia
de envidias y traiciones,
de lisonjas, engaños y ambiciones.
Los que en mi busca vienen,
aquí jurisdicción ni ayuda tienen...”*

O principio do acto II atópanse estes versos:

⁹ Noutras das suas obras ten defendido Quevedo o patronato de Santiago, a saber: *Memorial por el patronato de Santiago y de todos los santos naturales de España*; y *Su espada por Santiago*.

*“Yo pasaba a Santiago
desde Francia, peregrino,
robáronme en el camino
los vestidos y un cuartago
en que un compañero y yo
descansábamos a ratos,
llevando sobre él los hatos
y alforjas: él se quedó
en la posada desnudo;
yo, de medio arriba Adám,
sobre el puro cordobán
un calzón de lino crudo...”*

Na mesma escena, un pouco máis adiante, lese:

*“Compraremos vacoriños
(que los gallegos son bravos),
un prado en que sembrar nabos,
diez cabras y dos rocinos;
cogeremos ya el centeno,
ya la boroa, ya el millo,
buen pan éste, aunque amarillo,
sano el otro, aunque moreno;
gallinas, que con su gallo,
nos saquen cada año pollos,
manteca de vaca en rollos,
seis castaños, un carvallo,
una becerra y un buey;
y los diez años pasados,
podrá envidiarnos, casados,
el conde de Monterrey.”*

Na escena IX do acto segundo aparecen estes versos interesantes e algo enigmáticos:

*... Moro es el Conde
y aun peor, si al refrán miras
de * antes moro que gallego*...*

Polo demais, hai en toda a obra constantes alusións á paisaxe galega do val de Limia, unha canción no noso idioma e, ademais, no acto III, escena V, a protagonista, disfrazada de “galego honrado”, segundo acota Tirso, fábula, expresándose na nosa lingua, a seguinte historia:

*“Meu pai dicía
ser fidalgo de Betanzos;
casouse con a mai miña,
fidalga de Calabazos.
Despois os dous se aveciñan
pertiño de Santiago,
em huma feligresía
que tem por nome Morrazos,
donde vídose parida,
me pus o nome que teño...”*

Aínda se poderían facer un par de citas máis; pero, como máis tarde retomaremos esta obra, parece preferible pasar agora a outra de Téllez, transcorrendo a súa acción, en gran parte, en Santiago. Trátase de *“La villana de la Sagra”*, que comezando nunha casa de xogo santiaguesa; contén, amén dun eloxio, entre outros vinos de España, ós de Ourense ⁽¹⁰⁾, dous magníficos sonetos a Santiago, Velaquí están:

*“Reino famoso, adiós, que alegre hago
ausencia de tu célebre montaña,
pues que siendo mi patria, como extraña
diste a mi juventud siempre mal pago.
Adiós, ciudad, sepulcro de Santiago,
que das pastor y das nobleza a España;
adiós, fin de la tierra, que el mar baña,
reino famoso, del inglés estrago.
Adiós, hermana, que en tus brazos dejo
tu nobleza, tu fama, tu hermosura;
porque eres de mujeres claro espejo.
Adiós juegos, amores, travesura;
que aunque mozo, desde hoy he de ser viejo,
si me ayudan el tiempo y la ventura.*

O segundo, ben que en todo humorístico, di:

*“Adiós, ciudad gallega, noble y sabia,
asombro del alarbe y estorlinga,
estación del flamenco y del mandinga,
del scita y del que vive en el Arabia.*

¹⁰ Di: “... Noticia tengo/ en cuantas partes baña/ con buenos vinos España/ sus hijos; aunque Galicia/ de nuestra amistad se agravia;/ en esta ausencia dispense/ conmigo el tinto de Orense/ y el fondón de Rivadavia..)

*Adiós, fregona, cuyo amor me agravia,
gallega molletuda; adiós, Dominga,
que aunque lo graso de tu amor me pringa,
siento más el dejar a Rivadavia.
Adiós, fondón, traspuesto en tantos cabos,
y conocido de los mismos niños,
que aquí te dejo el alma con mil clavos.
Adiós, barajas, de mi amor brinquiños,
adiós, redondos y tajados nabos,
adiós, pescados, berzas, bacoriños.*

O enxeñoso e aventureiro madrileño Agustín de Rojas en *El Viaje Entretenido* alude tamén en varias ocasións a persoas e cousas galegas. O seu coñecemento do noso país parece tan directo e veraz, que só se pode explicar se o autor viviu nel durante algún tempo. E se ben o *Viaje*, iniciado en Sevilla, remata na *Tierra de Campos*, o mellor do libro, o “*Cuento de Leonardo y Camila*”, aínda que se supón contado na Bretaña francesa, a súa acción transcorre aquí, en Galicia. O seu comezo é así:

“Has de saber, amigo caro, que desdichas más, que tengo de ellas harta copia, me llevaron habrá tres años a Galicia, con un cargo mayor que mi merecimiento; y dejando un día las orillas del Sil y sus apacibles y deleitosos valles, poblados de fructíferos castaños y otros mil géneros de árboles, cuajados de suaves frutas, sustento propio de los agrestes montañeses de aquellas partes, en un caballo morcillo, con más priesa de la que mi amorosa pasión pedía, empecé a caminar por los espaciosos campos de la tierra de Viana. Y no dándome mis ansiosos suspiros lugar para que del todo me despidiese de aquellas apacibles orillas del anciano Sil, sin que primero contemplase la antigua gloria que en ellas había recibido, deteniendo un poco la floja rienda del cansado caballo, volviendo el rostro a las cristalinas aguas, comencé a decir:

**¡Ay aguas dulces y delicadas, que acompañadas de la creciente de mis ojos, apresuráis vuestra corriente más del paso acostumbrado! Deteneos un poco, pues sois testigos de mi gloria, y ayudadme a aliviar y desfogar mi pena. Acordaos de aquel venturoso y felicísimo día, principio de mi descanso y casa de todo mi cuidado, en el cual merecí ver la divina hermosura de mi querida Camila, o por mejor decir, acordarme de aquella antigua gloria, para que teniéndola presente en los ojos del alma, eche de ver la razón que tengo para llorar y sentir la desgraciada suerte de mi contraria fortuna. ¡Ay, tiempo avaro! Aquellos son los altos y apocados castaños en los cuales la vi y contemplé primero, y viendo su rara y bella hermosura perdieron los ojos su vista y el alma su libertad. Aquella es la alabastrina fuente donde primero la hablé, hallándola sola, y sirviéndome la soledad de escudo y amparo de mis libertadas razones, la descubrí mi pasión, con más ánimo del que en mí pensé hubiera. En aquel fresno levantado esculpí las primeras señas y muestras de mis primeros favores. Aquéllos son los amenos prados por donde alegres nos salíamos a pasear, seguros de los reveses y vaivenes de la fortuna, y éste es el primero día, azote de mi alma, verdugo de mi paciencia, principio de mi destierro.*...”*

Omito parte do relato para seguir coa descriptiva da paisaxe:

“Proseguimos por aquellos espaciosos campos del valle de Viana, en los cuales se ve maravillosamente la abundancia de los rojos trigos y panes que la diosa Ceres fue causa hubiese en la tierra. Y pasando por el poblezuelo pequeño del Pereiro, cabeza de aquel señorío que en sus antiguas ruinas muestra la grandeza y majestad que solía tener, y hallándome en la otra parte de un pequeño río que aquellos valles riega y fertiliza, entramos por los términos anchos, ricos y espaciosos de la noble ciudad de Orense. Los más de los cuales estaban poblados de fértiles viñas llenas de sus copiosos frutos, puestos a trechos vistosos jardines, compuestos de varias y diversas flores por la naturaleza producidas, porque en estas partes poca necesidad hay del arte, donde la maravillosa compostura de la naturaleza vence y sobrepuja a cualquier otro artificio. Por las sendas, caminos y encrucijadas había maravillosos encañados donde la madre selva trababa con amorosos lazos al jazmín y rosál, y el suelo, matizado de finísimos junquillos, tomillos y otras olorosas flores, daba y producía olores suavísimos...”

Interrompo, unha vez máis, o curso da historia, para determe unicamente no que máis importa:

“.. Prosiguiendo mi camino, vine a llegar a los famosos valles y riberas de Lacia⁽¹¹⁾, río copioso y abundante en pesca, y en cuyas orillas se coge el más dulce, oloroso y suave vino que en otra cualquiera de las del mundo...”

Nesto crúzase cun camiñante, que lle di:

“... Mi camino para Compostela y de allí he de pasar a la Coruña, a negocios que me importan”.

Leonardo preguntalle quen é e recibe a seguinte contestación:

“-Mi nombre es Montano de Ulloa, de la noble casa de este apellido, nacido en tierra de Monterroso, donde está su antiguo solar. Y porque más claro entendáis lo que os digo, ya habrá llegado a vuestra noticia la del río Miño, cuyas aguas, naciendo en tierra de la antigua ciudad de Lugo, van regando todos aquellos espaciosos llanos y faldas de las fragosas y empinadas cuevas hasta meterse en el Sil. -Yo he oído y tengo bastante noticia de este río, le dije, aunque por mi mal, pues en sus orillas tiene su morada, y vuelve en cielo su suelo y tierra la gloria de mi alma y causa de toda mi pena. - Huélgome, dijo el noble Montano, que tengáis tanta noticia de él; sabed, pues, que más abajo de la villa de Puertomarín, comienza luego a regar el valle y tierra que llaman de

¹¹ Non imaxino a qué río galego poida denominar así, pois non coñezo ningún que leve ese nome. ¿Tal vez sexa unha errata polo Avia (L'Avia)? O vino tan alabado sería o “Ribeiro”, sendo as súas loas cantadas tamén por outros autores. ¿Ou quixo encubrir con “Lacia” calquera outro?.

Monterroso, tierra gruesa y en quien se ven maravillosamente en grande abundancia los raros frutos de la diosa Ceres; es sitio apacible y regalado, en donde el cielo depositó todos los deleites que en una apacible soledad se pueden desear, así para el alma como para el cuerpo. En medio, pues, de este valle está un castillo y fortaleza, fuerte, vistoso, antiguo y de buen edificio y morada, que es el solar de la antigua y noble casa de los Ulloa, de donde por línea recta descendo. Y ahora hago mi camino para la real Audiencia de La Coruña, en defensa de un pleito del mayorazgo de mi casa...”

Contestándole, Leonardo identifícase:

“-Mí nombre es Leonardo de Sotomayor, capitán de infantería española por su Majestad; descendo por línea recta de esta antiquísima casa, siendo de los deudos más cercanos de su noble mayorazgo, cuya calidad es bien conocida por el mundo, ora traiga su primer origen de la hercúlea sangre del padre Osiris, cuando, viniendo a librar esta tierra de Galicia de los tres hermanos Geriones (grandes cosarios que la andaban tiranizando) y fundando la torre que llaman de Hércules, junto a la Coruña, dejase en ella un primo hermano suyo que la gobernase; ora, como dicen otros, descendan de aquel lastimado ayo del príncipe gallego que con incauta mano, pensando que la empleaba en una fiera andando a caza, empleó la lanza en el corazón de su discípulo que venía entre unas matas, por lo cual le dio el rey por armas, conocida su inocencia, tres barras negras en campos de plata. Mis padres y antepasados siguieron siempre la corte de los reyes de España, ocupados en el gobierno de ella, que por su nobleza, letras, discreción y prudencia se les encargaba y fiaba, así en la paz como en la guerra. Diales el cielo hijos y a mí hermanos, aventajados en todo género de buena crianza y disciplina. Por lo cual fueron siempre muy favorecidos del rey, y así les entretenía en oficios y cargos de su real servicio, y a mi como a uno de ellos, o quizá por mi desdicha, que es lo más cierto, me cupo, con el cargo de capitán, el gobierno de cierta parte del reino en que estamos, adonde, o por ser mi natural o por particular amor y afición a que mi estrella me inclinaba, fui siempre aficionado desde que en ella comencé a vivir, enviándome mis padres a un noble colegio de ella, siendo de pequeña edad, a aprender las artes liberales...”

Prescindiendo de moitas cuestións interesantes, como os seus reparos á administración de xustiza, entón coma hoxe, deficientísima en España, ou coma os seus amores con Camila, pasarei ó seu final, imitando ó autor, que a vai narrando con intermitencias de Guadiana, saltando ó libro III e ó IV; onde escribe:

“Y al fin, aquel mismo día me partí y llegué a la antigua ciudad de la Coruña, honra de la noble y leal Galicia, donde vi sus fuertes muros, sus gruesas piezas de artillería, los fuertes de San Antón y de Santa Marta, y todas las demás cosas que hay que ver, que son hartas. Y habiendo visitado al gobernador y gente principal de la ciudad, que eran mis deudos, me despedí de mi fidelísimo y nobilísimo amigo Montano, que casi me faltó el corazón en esta despedida... Yo tomé luego mi camino y saliendo de los muros de la Coruña, contemplando su soledad, comencé a decir:

*Adiós, hercúleos muros, que a los cielos
amenazáis con la soberbia altura.
Adiós, tierra dichosa, sepultura
de mis contentos, glorias y consuelos.
Adiós, árboles verdes, que mil hielos,
mil blancos pechos, más que nieve pura,
encubris en quien tiene la hermosura
tanto lugar como hay en mí recelos.
Adiós, sabrosas fuentes apacibles,
adiós, mar, que hoy os vence el de mis ojos,
quedaos adiós, y adiós también yo mismo.
Hoy muero, hoy son mis penas insufribles,
hoy me voy y me quedo, y mis enojos
hallan en mi destierro el propio abismo...”*

Nas comedias de D. Pedro Calderón de la Barca rexistra o meu ficheiro dúas alusións a Galicia ou o galego: Unha en “La dama duende” (Xornada primeira, na que debería figurar como escena oitava), onde, tras unha serie de imprecacións, Cosme, o gracioso da obra, manifesta a súa preferencia por Galicia ou Asturias, antes que pola corte; literalmente, di así:

*“Doscientos mil demonios
de su furia infernal den testimonios
volviéndose inclementes
doscientas mil serpientes
que, asiéndome, de un vuelo
den conmigo de patas en el cielo,
del mandato oprimidos
de Dios, por justos juicios compeliáos;
si vivir no quisiera sin injurias
en Galicia o Asturias,
antes que en esta corte.”*

A outra atópase en “Fuego de Dios en el querer bien” i é un reproche, entre humorístico e amable, da muller galega, tamén en boca do gracioso. Di, en efecto, Hernando case ó final da xornada terceira:

*“Esto hacen las gallegas:
Tardar y reñir después”.*

No drama “No hay cosa como callar” faise referencia a Macías nestes termos:

*¿Por qué pensáis que Macías
enamorado murió?
Porque nunca consiguió.
Yo quise bien ocho días.”*

De don Pedro Calderón de la Barca un drama singular “*Luis Pérez, el gallego*”, escrito, ó que parece en 1628, en plena mocidade do poeta, transcorre case enteiramente en Salvaterra do Miño. Non hai nel ningún propósito serio de describi-la paisaxe local; pero si algunhas proposicións curiosas. Por exemplo:

*“... La raya de Portugal
pasamos, y, ya en el suelo
castellano, saludamos
su tierra, que es nuestro puerto.
A Salvatierra venimos,
seguros de que hallaremos
en vos amparo, Luis Pérez”.*

*“Cerca está la puente ya
dése río, donde vemos
que se dividen Castilla
y Portugal...”*

Aínda que neste drama primeirizo de Calderón cabe atopar versos admirables, precursores algúns dos que logo decorarán as súas mellores obras, non contén formalmente ningún trazo que poida ser aplicado con exclusividade a Galicia. O que si podería resultar significativo é o carácter do protagonista. Luis Pérez é “*el gallego*”. ¿Quere dicir así Calderón que o toma como paradigma e representación do modo de ser galego? O título da obra permitiría sostelo. De aí que sexa importante para nos analizar como o xenial dramaturgo pon ó descuberto polos seus actos o carácter do seu protagonista.

Estudiémolo, pois, nun resumo do argumento.

Luís Pérez vive coa súa irmá Isabel e algúns criados nunha quinta, sita na veira do Miño, nas proximidades de Salvaterra. Antes, ó que parece, vivirán os dous nese mesmo pobo; pero trasladaranse á quinta, “*en las entrañas de la sierra*”, por temer Luís que a súa irmá cederá ás instancias dun pretendente indigno:

*“Juan Bautista es quien desea
favores tuyos. Sospecho
que no hay valor en su pecho
para que tu esposo sea”.*

Déixase saber ó comezo do drama que Luís interceptara un papel polo que Juan Bautista trataba de verse con Isabel ás súas costas. Puntilloso da súa honra, persigue ó criado que se deixou

subornar (Pedro, o chistoso da peza) co ánimo de matalo. Chega nisto á quinta “*un gallardo portugués*”, chamado Manuel Méndez, que ten unha vella amizade con Luís a quen dera refuxio na súa casa lisboeta con ocasión de certos sucesos, que lle impedirán saír de Castela. Méndez foxe de Portugal con Juana, a súa amante, por ter dado morte, no mesmo día da voda, ó noivo que o pai lle impuxera a Juana. Luís recíbeos sen vacilar, mais antes de que cheguen a instalarse na súa casa, entra en escena, perseguido pola xustiza, D. Alonso de Tordoya, que lle pide axuda en termos urxentes:

*“No me puedo detener
a contarlo; sólo os ruego,
Luis Pérez, que me amparéis;
que por lo que dejo hecho,
me importa entrar esta tarde en Portugal...”*

Luís xógao todo en defensa do amigo; espada en man, deten por un tempo ó Corrixidor e alguacís; pero, desaloxado da ponte, non ve outra solución que preguntarlle ó de Tordoya:

*“¿Tendréis brío
para arrojaros y pasar el río
a nado?
Sí tuviera
valor, Luis Pérez, si nadar supiera”.*
- *Pues no temáis asombros,
que el río he de pasaros en mis hombros”.*

Pasan, pois, a Portugal e alí prometela protexelos o Almirante lusitano, que se entretén cazando en compañía da súa sobriña Leonor. É, non obstante, a un irmán desta a quen deu morte Alonso nun duelo, ó se disputar ámbolos dous o amor dunha dama.

A xornada segunda comeza nas inmediacións de Sanlúcar, cun diálogo entre Manuel e Juana:

*¡Ay, Juana! Cuánto me pesa
el verte venir así
peregrinando por tierras
extrañas! Cuando pensé
que Galicia puerto fuera
de nuestra tormenta; ha sido
golfo de mayor tormenta;
pues otro nuevo accidente
nos saca de Salvatierra
y trae al Andalucía,
corriendo de esta manera
ajenas patrias”.*

A Pedro, que se lles axuntou no camino, coma criado, dous días antes, explica Manuel o que se propón:

*“No vengo a quedarme aquí,
que tampoco en esta tierra
mi persona está segura,
sino, sirviendo en la guerra,
pasar en esta ocasión
por esa inconstante selva
de espuma y sal, a las islas
del Norte...”*

A Juana quere, ata a súa volta, deixala nun convento de Sanlúcar... Pero cando, xunto con Pedro, buscan un corpo de garda onde sentar praza de soldados, o alférez ó que se dirixen resulta ser Luís, quen, abandonando Portugal tras Alonso, por favor do duque de Sanlúcar, á sazón xeral na loita contra Inglaterra, logra ser abandeirado do de Tordoya, honrado polo xeral cunha xineta (insignia de capitán de infantés).

O intercambio de informacións entre os tres amigos troca os seus propósitos. Manuel e Luís regresan a Salvaterra para mirar pola honra de Isabel, ameazada por Juan Bautista. Alí indagan que *“un juez pesquisidor”* vido da corte, xulgo a Luís en rebeldía, condenouno a morte e embargou tódolos seu bens, recoñecendo unicamente a Isabel dereito a recibir alimentos. Para saber con qué fundamento o condenaron, Luís, secundado por Méndez, invade a casa do xuíz e examina pola forza o proceso. Nel pode ver que o único que efectivamente o inculpa é un falso testemuño de Juan Bautista. A escena última da xornada é moi viva: acoden en auxilio do xuíz alguacís e xente armada; pero Luís mata a luz e ambos, espada en man, conseguen librarse.

A xornada terceira transcorre nun monte. Iniciase cuns pareados heptasílabosendecasílabos tipicamente calderonianos, que presaxian os de *“La Vida es Sueño”*:

*“Este monte eminente,
cuyo arrugado ceño, cuya frente
es dórica coluna
en quien descansa el orbe de la luna
con majestad inmensa,
nuestro muro ha de ser, nuestra defensa.
Y pues que no pudieron
prendernos los cobardes que vinieron
de la ocasión llamados
contra solos dos hombres tan honrados,
pierdan ya la esperanza
de lograr con mi muerte la venganza;
pues es fuerza que agora
quien el camino que he elegido ignora,
en otra parte sea*

*donde me busque. ¿Quién habrá que crea
que aseguro mi vida
en un monte cerrado y sin salida?
Pues por aquella parte
es nuestra tierra, y por esotra el arte
de la Naturaleza,
con las ondas del río y la aspereza
que sus muros defiende,
foso es de plata, que abrazar pretende
este verde Narciso,
que a su cristal desvanecerse quiso
en cuyo centro fuerte
habernos de vivir de aquesta suerte.
La intrincada maleza
depósito ha de ser de la belleza
de tu esposa y mi hermana.
Aquí estarán en esta selva ufana,
dando al tiempo colores,
nieve al enero, como a mayo flores.
De noche a esa pequeña
aldea, que es lunar de aquella peña,
podemos retirarnos,
seguros que no vengán a buscarnos.
Los dos nos bajaremos
a los caminos, donde pediremos
sustento a los villanos
destas aldeas; pero no tiranos
hemos de ser con ellos,
que solamente lo que dieren ellos
habernos de tomar...”*

As escenas seguintes mostran como os emboscados cumpren tal programa de vida. Axúntaselles logo don Alonso, ó quen non permite o seu concepto da amizade embarcarse na expedición contra Inglaterra abandonando a quen por el empeñara a vida.

A todo isto, e pese ás súas esperanzas, non conseguirán despistar á xustiza. O xuíz, Juan Bautista e Leonor, xunto con alguacís e xente armada, acósanos. Eles defenderse con brío e Luís fire mortalmente ó responsable do falso testemuño contra el. Véndose morrer, Juan Bautista exculpa a don Alonso e recoñece que mentiu ó declarar contra Luís Pérez. Leonor perdóaos, aínda que non ó xuíz, que ofrece dous mil escudos a quen lle entregue ó protagonista, vivo ou morto. Finalmente fíreno dun arcabuzazo e aprésano, tratando de lévalo a Salvaterra. Non teñen éxito, porque unidos partidarios de don Luís ós seguidores de Leonor arrebatan o preso ós alguacís. A peza termina remitíndo a unha segunda parte:

*“Dando con aquesto fin
a las hazañas notables
de Luis Pérez; y su vida
dirá la segunda parte”.*

Polo que se deduce da obra, Luís Pérez é un home modesto, amante da vida retirada, cun alto sentido da honra e da amizade. O seu altruísmo cos amigos non ten límite. En cambio, nin He inspiran ningunha confianza os poderes públicos nin sinte por eles o menor respecto. Veos coma un feito de forza ó que é posible e lícito substraerse. A esta caracterización do home galego que nos ofrece D. Pedro Calderón de la Barca parece obrigado engadir como complemento a que da muller galega brinda Tirso de Molina na súa MariHernández. Vexamos, para colexila o argumento desta obra.

O rei D. Juan II de Portugal e o Algarbe, instigado polo seu secretario, o conde D. Egas, e algúns cortesáns envexosos e receando unha suposta conxura contra él, condenou a morte e executou ó duque de Berganza e Guimaraes, pese a ser primo e cuñado seu. Declarou traidor a D. Álvaro de Ataíde, con orde de busca e captura contra el, e penou coma desleais os que, coñecendo o seu paradoiro, se absteñan de manifestalo. Gracias á fidelidade dun paxe, D. Álvaro consegue substraerse á persecución real, ocultándose por dous meses nun sepulcro. Pero informado de que o rei se trasladara a Chaves con ánimo de seducir á súa prometida, Dona Beatriz de Noroña, decide afrontar calquera risco e, adiantándose a D. Juan, acode á casa da súa amada. Beatriz asegúralle a súa constancia e faille unha promesa:

*“... Guarda la vida;
que como ésta no te falte,
sin Estado, honor ni hacienda
te estimo en más que los reales
blasones que me persiguen,
y no han de poder mudarme.
Noroña soy, si él es rey;
esposa tiene a quien ame,
e ilegítimos empleos
no han de ofender mi linaje.
Raya es ésta de Galicia:
si encubiertamente sales
con el favor de la noche,
amparo de adversidades;
cuando tú seguro estés,
y des orden de avisarme,
te seguiré firme yo...”*

Aínda non trazaran este plan, cando entra en escena Caldeira criado de D. Álvaro e o chistoso da obra anunciándolle a inminente chegada do rei, co seu secretario e acompañamento. Amo e criado terán que ocultarse precipitadamente tras un tapiz. D. Juan demostra de seguida o seu afán de vinganza: Quere que Beatriz case co conde D. Egas. Ela intenta disuadilo pretextando terlle amado

sempre. Non o logrando, trata de fuxir; pero, ó facelo, D. Álvaro e Caldeira quedan ó descuberto. Ámbolos dous, loitando coa xente do rei, escapanselles; a marquesa queda prisioneira.

As seguintes escenas transcorren no val do Limia. Un grupo de serranos fanse linguas da honradez de GarcíHernández, que ten a María, “*espejo de Galicia*”, por filia, a quen xusto nese día celebra o seu pai un festexo de aniversario. Otero e Benito, dous campesiños que pretenden a María, despréndense de saio e capote para loitar por ela. Deixan ambas prendas no chan e saen con toda a súa compañía. E neste chegan D. Álvaro e Caldeira. Reparar en aquelas roupas e vístenas coma disfrace. “*Con su traje comentan “no dice mal el portugués lenguaje, pues se distingue poco de la lengua gallega*”. D. Álvaro, cansado do camino, bótase a durmir, mentres Caldeira esconde “*los trajes cortesanos*”. Pouco despois MariHernández tropeza co primeiro, xa durmido, e murmura:

*“Desde la cintura arriba
es pastor, y lo que queda
está vestido de seda”.*

Extrañada del atuendo, deduce:

*“Este será algún judío
de los que andan a prender,
porque no quieren comer
tocino: ¡qué desvarío!
Yo quiero dar hoy venganzas
a la iglesia y sus denuestos:
que quien mata alguno destes
diz que gana perdonanzas”.*

Toma unha pedra e dispónse a descargarlla na cabeza. Pero ó míralo máis de cerca, exclama:

*“Manos, teneos:
que en tan buena catadura
no puede haber judaizura;
que los judíos son feos.”*

Con isto, máis e mais o mira e acabase namorando. O mesmo lle acontece a D. Álvaro, cando ela, espertándoo, trata de saber se é, ou non é, xudeu. Convencida, por fin, de que non o é, quere telo preto de si e proponlle que sirva coma xornaleiro na casa do seu pai, ó soldo máximo de seis ducados e un vestido.

A xornada segunda de transición discorre sobre unha triple temática: O festexo con que GarcíHernández celebra o aniversario de María; a chegada do conde de Monterrey ós seus dominios, comisionado polos Reis Católicos para negociar con D. Juan II un tratado; e a irrupción,

tamén alí, da marquesa Beatriz, quen, perseguida e tiroteada por D. Egas, queda en salvo gracias á protección do conde de Monterrey. Coñece, a pouco de chegar, o cortexo de D. Álvaro a MariHernández. Repróballo con vehemencia e reconcílianse. D. Álvaro, sentíndose obrigado a dar unha satisfacción á rapaza galega, dille:

*“De la voluntad que os debo
y es imposible pagaros,
servirá de desempeño,
serrana, aquesta sortija”.*

Ó cal María responde:

*“Si es señal de matrimonio,
y conmigo heis de
casaros, espetádmela en el dedo”.*

D. Álvaro la desengaña:

*“Yo, María, soy el conde
de Silveira, y es mi dueño
Beatriz, marquesa de Chaves.”*

Tales palabras espertan ciumes furiosos en María, que arde en ansias de vinganza.

A xornada terceira desenvólvese nas inmediacións de Monterrey. O rei de Portugal, que franqueou a fronteira cun pequeno exército, propónse poner cerco ó castelo, por ter dado asilo nel o seu dono a Beatriz e D. Álvaro, a quen él reclama como traidores. Na primeira escaramuza María fai tantos prodixios de valor que o rei exclama:

“¡Tales mujeres tiene Galicia!”⁽¹²⁾

E pide ós seus homes que deixen de combátela. Ó saberse diante do rei portugués, María depon as armas e pídelles xustiza contra Don Álvaro, inventando que conseguira facela súa baixo palabra de casamento. E aínda mais: Ofrecelle ó rei que lle abrirá as portas do castelo, se o monarca lle promete que a casará con Don Álvaro, ende de lle ter outorgado o seu perdón. Conforma o rei con todo, e fai promesa de ennobrecela se aquel seu intento prospera. Revístese María con roupas de home galego, conta que vai en peregrinación a Santiago e roga que lle deán asilo para se librar dos pengos da guerra. Concedeullo o Conde de Monterrei.

Chegada ó castelo a aínda co seu disfraz de home, escoita María unha conversa de namorados de

¹² Tirso escribe: “... **tiene Galicia, Silveira!**”; pero é un descuido ou errata evidente, a non ser que o Soldado 2º, participe da escena, se apelidara tamén Silveira, posto que o conde deste nome, D. Álvaro, atopábase nese intre no castelo de Monterrey, como se di na anterior escena.

Don Álvaro con Dona Beatriz. Din unhas verbas que a denigran e confrontándose con Don Álvaro acúsao de mentiroso.

Pregunta Don Álvaro:

¿Quién eres, hombre engañoso?”

María urde outro invento:

*“Yo soy quien como a su vida,
antes que a Limia vinieras,
amorosa regalaba
MariHernández, la gallega.”*

Espada en man, desafía a D. Álvaro e rifan. Nisto D. Egas, temendo que, perdoado D. Álvaro polo rei, a súa traizón se descubra, sen esperar a que María lles abra as portas do castelo, entra él con algúns dos seus homes, seguindo o acueducto. Ó chegar e presencia-la loita entre María e D. Álvaro ponse ó lado daquela para dar morte ó seu inimigo. María entón cambia de bando, ataca a D. Egas, causándolle unha ferida mortal. No último trance D. Egas declara as súas traizóns e exonera délas a D. Álvaro.

Finalmente, Monterrey, ó saber que D. Juan II ven en persoa, ordena que se He dea paso e infórmalle da traizón de D. Egas. María, sempre de peregrino, pregunta ó rei:

*“Si eu, gran señor, lle entregase
a quem deu morte a D. Egas
qué lle faría?”*

O rei contesta:

*“Premiaréle
tanto, que envidia le tengan”*

Vendo o cal, MariHernández descóbrese, e recorda a súa palabra ó monarca. A obra termina concertándose as vodas de MariHernández, nomeada condessa de Barcelos, con D. Álvaro; e de Beatriz co de Olivenza.

¿Qué trazos de carácter presupón Tirso na súa MariHernández, a quen parece converter en prototipo da muller galega? Tal como nola presenta na súa obra, destaca en MariHernández, amén da súa fermosura, discreción e relixiosidade, certa credulidade inxenua, naturalidade sen duplicidades, valor a toda proba e forza sen crebas tanto física coma moral. Vive para amar e ser amada. Para ela, o amor é o centro dos seus afáns; e pola súa consecución está disposta,

incluso, arriscando a súa vida, a sacrificalo todo sen pararse en barras.

As calidades, pois, que atribúen ós galegos nosos grandes clásicos non difiren moito das que resaltan os que actualmente se ocuparon do asunto. Amarelo, por exemplo, describe ós galegos como laboriosos, emulativos, honrados, parsimoniosos, serviciais, humildes, xenerosos, afectos á terra e á familia, austeros e individualistas (¹³).

Máis importancia ten, ó meu xuízo, que ponderar virtudes en estéril autocompracencia, reflexionar sobre algúns defectos moi comúns entre nos que, por provocar un incremento do “coeficiente de disipación”; é dicir, un desbarate i estrago de recursos materiais ou humanos (¹⁴) faise necesario erradicar. O primeiro é a informalidade no cumprimento das promesas ou, dito doutro modo, o pouco respecto á palabra empeñada. En Galicia é, en efecto, demasiado frecuente a escasa seriedade nos tratos.

Contratistas, artesáns, obreiros, empresarios incluso, fixan datas para iniciar ou concluír unha obra e consideran como a cousa máis natural non dar logo valor algún ó compromiso contraído. Con esta rémora calquera proxecto pende no aire e non hai cálculo económico que poida ofrece-la exactitude requirida.

O segundo gran defecto, extensivo a tódolos españois, é a sobre-valoración da propia capacidade. Cremos que nos é posible realizar tarefas de repente, sen estudio previo, dedicación nin constancia. Preferimos improvisar. Moitos resultados acostuman a ser, por iso, chapuzas. Necesitamos, pois, habituarnos á planificación. Un proxecto perfectamente meditado que teña en conta con meticulosidade as dificultades previsibles e o modo de afrontalas, é a máis segura garantía dunha obra ben feita. O éxito dunha expedición exploratoria -escribín noutra oportunidade- é ter de antemán prederrotado o imprevisto (¹⁵).

Sen vacilar en repetirme, evocarei, unha vez máis, o exemplo de Robinsón. Lembremos: Necesitaba amplia-la cova que lle servía de albergue para guarecerse con maior seguridade antes de que se iniciara a estación chuviosa. Comezou os seus traballos, pero comprendendo pronto a súa inutilidade sen as ferramentas axeitadas, decidiu suspéndelos para meditar sobre o mellor recurso ó que podería acudir para resolve-lo seu problema. Segundo nos conta no seu Diario:

“Hoxe comecei a escavar detrás da miña tenda na rocha, para apousentarme con maior comodidade. NOTA. Tres cosas necesitaba extremadamente para este traballo, a saber: un pico, unha pa e unha carretilla ou cesta. Por isto suspendín os meus labores e púxenme a maquinar como podería conseguilos. En canto ó pico, fixen uso dunha barra de ferro, bastante axeitada,

¹³ Amarelo *Op. cit.* 19. Vid. tamén a descripción dos “Caracteres físicos y morales” que fai CARRE ALDAO, E. no seu artigo **Prácticas y costumbres**, na *Geografía General del Reino de Galicia, I*, Barcelona s. f. 643 ss. Outras cualidades poderíanse engadir, coma, por exemplo, o apego á tradición consuetudinaria, perceptible incluso na lentitude da nosa evolución idiomática. O idioma galego tende fonéticamente a quedarse nun estadio anterior ó do castelán, entre outras razóns, por o ritmo e intensidade da nosa lingua; é dicir, os seus cambios fonéticos prodúcense nun tempo máis lento que naquel. Un par de exemplos confírmanolo. A palabra latina “saltum” evoluciona fonéticamente así: saltu, sautu (versión vascuence), soutu, soto. A voz “altarium”, transfórmase en altariu, autario, outeiro, otero. A regra non carece de excepcións: Telare, telar, tear.

¹⁴ Sobre o coeficiente de disipación ou entropía política tratei en diversos traballos. Vid., sobre todo, meu **Tras eufemismo, demo-a-cracia**, Santiago, 1994.

¹⁵ Vid. **La investigación científica y su propedéutica en el Derecho**, cit. II, 1972, 105.

aínda que pesada; pero o instrumento seguinte era unha pa ou sacha, tan absolutamente necesario para min que non podería facer sen ela nada eficazmente; pero non sabía con que clase de útil substituíala.

Ó día seguinte, buscando no bosque, atopei unha árbore daquela madeira ou semellante á que chaman en Brasil *árbore de ferro*, pola súa extraordinaria dureza. Con gran traballo e case estragando a macheta, cortei un anaco da mesma e tamén a levei a casa con bastante dificultade, pois era pesada de mais.

Pola excesiva dureza da madeira e por non ter ningún outro medio, empreguei moito tempo nesta máquina, traballando eficazmente e pouco a pouco ata darlle a forma de pa ou sacha, co mango exactamente igual ós de Inglaterra, só que a parte ancha non tendo ningún reforzo de ferro na súa base, non me duraría tanto. Como queira comprimíase ben para o uso a que tería ocasión de destinala. Mais, ó que eu coido, nunca houbo pá feita de semellante modo ou en tantísimo tempo.”

Con ela, en só dezaoito días, conseguí afondar e ensancha-la súa gruta. A pa impúxolle un rodeo, un retardo inicial no seu traballo; pero despois puido facer o que doutro xeito lle resultaría impracticable. As cavilacións deron o seu froito: Proxectar racionalmente as obras e non improvisar resolve moitos problemas ou evítaos de raíz...

O terceiro defecto é certa fatalista contemporización dos abusos de poder. A nosa inicial humildade converteuse en servilismo. De aquí provén esa terrible enfermidade do cacicato, que parece imposible desterrar... Resignámonos á inxustiza sen protesta; toleramos os desplantes fachendosos de calquera funcionario nas nosas relacións con él, co resultado inevitable da perpetuación das ilegalidades e malos modos e a total desconfianza na Administración pública⁽¹⁶⁾.

O cuarto defecto ó que me parece importante facer referencia é a nosa propensión a deixarnos ganar pola afectividade. As nosas predileccións son tan intensas que se aveñen dificilmente a unha lóxica moderación racional. Por iso consentimos demasiado a quen é obxecto especial dos nosos encariñamentos. De aquí, a deficiente educación dos fillos, a miúdo acariñados con demasía, o trato preferencial que se concede ós amigos, etc. As consecuencias sociais son nocivas: Facemos moi arduo á xente nova afrontar sen desmaio as contrariedades que indefectiblemente lles traerá a vida.

¹⁶ *Debo recoñecer aquí, para ser obxectivo, que actualmente os funcionarios da Xunta demostran, polo xeral, que aprenderon ben as leccións de amabilidade que se lles impartiron. ¡Oxalá que os novos modos se contaxien a todos e non decaigan!.*



Identificación xeográfico-etnolóxica do galego

1. Estivemos falando ata o momento tanto de Galicia coma do galego como se a definición de ámbolos dous termos fose aproblemática. Agora, en canto formulemos certas preguntas-clave, comprenderemos inmediatamente que non é así: ¿Cando “empezou” Galicia? ¿Dende cando cabe licitamente falar de “galegos”?

Nos nosos días, a Comunidade autónoma galega é unha realidade xeográfica perfectamente definida, coma o foron dende 1833 -xunto coas restantes españolas- as catro provincias da nosa rexión⁽¹⁷⁾: as súas fronteiras constan, pois, deslindadas con nitidez e sen zonas conflictivas ou ambiguas. Sabemos, en cada caso, onde comeza e onde remata a nosa terra. Sen embargo, Galicia non é unha entidade natural, circunscrita inequívocamente, gracias á existencia de accidentes xeo-gráficos segregadores.

O océano Atlántico e o mar Cantábrico fixan dous límites incuestionables. Outros accidentes, que establezan liñas divisorias perfectamente claras só poderemos atopalos procedendo con manifestó arbitrio. Así, por exemplo, cabería segui-las liñas do Eo, Sil e Miño. Pero coa mesma xustificación (e que me perdoen os asturianos pola hipótese) poderíamos preferir ó Eo o Navia ou o Narcea. Agora ben, nin aínda así lograríamos delimitar con precisión o territorio galego. Pois ou deixamos fóra do mesmo algunha porción que debamos atribuílle ou lle agregamos outras alleas a él. A razón é que as nacións, os reinos, os estados, as rexións e as provincias son o resultado de circunstanciais feitos históricos. En rigor, só os mares e as grandes cadeas montañosas establecen auténticas fronteiras que tendan a diferencia-las agrupacións humanas. Os ríos, polo contrario, sen motivacións históricopolíticas que os convertan en demarcacións fronteirizas, contribuirían a unifica-las poboacións limítrofes máis ben que a sepáralas.

¹⁷ Véxanse, máis adiante, os límites no último capítulo.

Galicia é unha entidade históricopolítica e, como tal, un resultado de convencións, decisións e aproveitadas continxencias físicas. Houbo, así, un tempo en que Galicia non existiu. Outro, en que sen ser aínda o que hoxe é, comezou a configurarse como unha organización política particularizada, distinta, aínda que sen diferir substancialmente da comunidade actual. Pero -advirtámolo- ó revés que Hispania -perfectamente definida pola xeografía-, Galicia é un produto político: O resultado dunha división artificial que se impuxo ó fin.

Por iso, sen atender ás incidencias de tal evolución, non será posible decatarse do que significa galeguidade.

Vexamos, pois, que debemos á xeografía e que á historia e ó político.

2. Remontándonos á prehistoria, nada permite distingui-la rexión galega do resto de España: non hai solución de continuidade na Península Ibérica, da que a unidade xeográfica é palmaria. A esquina noroccidental de España estaba xa entón habitada por tribos de procedencia ignota. ¿A que raza pertencían? Nin consta, nin é doado conxecturalo. En 1885, cando MARTÍNEZ MURGUÍA adicaba á memoria da súa dona Rosalía Castro e ós fillos comúns, o volume consagrado a Galicia na importante obra *España y sus Monumentos*, Barcelona, 1888, víase obrigado a consignar: **“De los hombres que poblaban Galicia en el momento de la irrupción céltica, nada puede decirse: ni de ellos ni de los pueblos que antes hubiesen acampado en el país gallego, es dado escribir cosa alguna con certeza. No se les conoce ni se sabe su nombre: ignoramos de donde vinieron y a qué raza pertenecían. Consta su existencia y esto es todo”** ⁽¹⁸⁾.

Coido que, pese ós numerosos descubrimentos arqueolóxicos logrados dende entón, moi pouco hai que engadir ás palabras de Murguía. En calquera caso, a pregunta que a min me interesaría formular sobre todo: ¿*Cantos eran os primitivos habitantes do noso territorio?*, debe quedar sen resposta. E igualmente incontestada outra cuestión: ¿*Cantos sobreviviron á indeterminada migración céltica?* E falo de “migración” céltica, e non de “invasión”, porque a primeira expresión parécese que se axusta moito máis probablemente ós feitos. Querer representar ós celtas como algo entre horda e exército de ocupación, non resiste á crítica. Se se suponen procedentes de Francia das Galias ¿cantos terían que ser para salvar, sen grande diminución dos seus continxentes, parte de Francia, os Pirineos e os case que 1.500 kms. que os separaban de Galicia? Ninguén ignora as dificultades que entraña o avituallar a través de territorios hostís milleiros de persoas. Aínda querendo adquiri-los subministros por merca ou permuta, non sempre cabería evitar durante a viaxe días de penuria, disensións e pugnas cos indíxenas e saqueo de bandoleiros. O desprazamento dun pobo nómade faise a costa dun forte menoscabo numérico, directamente proporcional á súa magnitude. Ademais, parte dos celtas que franquearon os Pirineos se estableceron por diversas rexións de España, como o proba a existencia posterior dunha abundante poboación celtíbera. Logo os celtas establecidos en Galicia haberían de ter carácter residual: serían, ó sumo, uns poucos miles. Se os distribuímos entre os 29.000 kms cadrados que a nosa rexión ten hoxe aproximadamente, a poboación relativa de orixe celta resulta exigua. ¿Que foi crescendo con posterioridade? Por suposto; pero no mesmo caso atópase tamén a poboación aborixe. ¿Eran maioría ou minoría os celtas? A existencia mesma dos castros, o carácter defensivo dos cales non se pode negar, lonxe de ser indicio de forteza, revela precaución e debilidade. Logo, se os seus habitantes “temían”, tiñan que ser, probablemente, os menos.

¹⁸ *Op. cit. páx. 20.*

Diseños por algúns autores que os castros galegos roldan os cinco mil (¹⁹).

O número, como é obvio, conta hoxe tódolos que foron construíndose sucesivamente, non os que estiveron habitados á vez. Para estes, uns tres mil sería unha cifra razoable. ¿Que media de habitantes os poboaban? Se damos por boa a información de Plinio respecto ó número de tributarios censados no Convento Xurídico Bracarense (²⁰), e non temos base para recúsala, estes ascendían a 285.000. Ora ben, é patente que, atándonos ó territorio que comprende a Galicia actual, chegaríamos dificilmente á metade desta cifra. Por tanto, a poboación total naquelas datas estaría entre medio millón e 600.000 habitantes, dato que concorda con outro testemuño de Plinio, segundo o cal, os tres Conventos Xurídicos do Noroeste contaban con 619 mil habitantes libres. Se menos da metade foran celtas, estes poderían calcularse nuns douscentos mil. É certo que os libres son unicamente unha parte da poboación; pero multiplicando este número por 3 cifra quizais excesiva para un pobo pobre, onde a escravitude era excepcional chegaríamos ó sumo, na época de Augusto, a uns seiscentos mil habitantes, aínda que non todos de orixe celta. A poboación media por castro tería que estimarse así nunhas duascenas persoas (²¹).

Con estes datos, o entusiasmo dalgúns autores ó afirmar, como Murguía, “*que la base étnica de Galicia es céltica*” (²²), non pode pasar de hipótese indemostrada (²³), máxime, cando dende o

¹⁹ Vid. TORRES, CASIMIRO: *La Galicia Romana*, Ed. de Fundación Pedro Barrié de la Maza e Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, A Coruña, 1982, 125 ss. Para MILLAN GONZÁLEZ PARDO, Isidoro, (en *Raíces prelatinas da cultura galega: problemas e datos de lingua e creencias*, Vigo, 1981, 11), cífranse en “máis de catro mil”.

²⁰ Vid. TORRES RODRÍGUEZ, Casimiro: *La Galicia Romana*, cit. 27. MILLAN GONZALEZ-PARDO, I. *Op. et loe. cit.*)

²¹ ESTRABON, no Libro III da súa Xeografía, refírese á poboación galega en diferentes pasaxes. Di, p. e., “... los calaicos ocupan gran parte de la zona montañosa. Por eso y por ser los más difíciles de vencer, al que sometió a los lusitanos le proporcionaron ellos mismos el sobrenombre (refírese a Bruto, apelidado o Galaico) e hicieron que a la mayoría de los lusitanos se les denomine hoy calaicos”. (páxs. 7879 da edición que logo citarei). “Los calaicos son, por la parte oriental, vecinos del pueblo de los astures... (Ibid.). “Los que viven más alejados son los artabros, en las proximidades del cabo que llaman Nerio, que separa los flancos occidental y norte. En sus cercanías viven celtas, emparentados con los de las orillas del Anas (Guadiana?).. Dicen que en una ocasión en que hicieron allí una campaña militar éstos junto con los túrdulos, se sublevaron tras pasar el río Limea, y que luego de la revuelta, como sobreviniera la pérdida de su jefe, permanecieron en el lugar dispersos: y por esto es por lo que el río sería llamado Olvido. Tienen los artabros numerosas ciudades agrupadas en el golfo que los navegantes que tienen relación con estos lugares denominan Puerto de los Artabros. Hoy día se llama arrotrebas a los artabros.” (Cito segundo a traducción de Meana, M^o José e Pinero, Félix, dos libros III e IV Os libros I e II, traducidos por García Ramón e García Blanco, van acompañados por unha excelente Introducción Xeral, de García Blanco).

²². *Op. cit.*, 114.

²³ A cuestión ó meu entender é puramente cuantitativa. Que en Galicia houbo celtas, non é posible dúbalo. Que fosen estes os únicos poboadores do país, parece ben improbable. Que os celtas chegaran a se-la poboación maioritaria, tampouco o podemos afirmar, aínda que, polo que direi logo, sospeito o contrario. Sen embargo, parece esaxerada a tese dalgúns historiadores que negan, incluso, a presenza celta na Galaecia. Tal é o caso, p. e., de MARTINS SARMENTÓ, R, quen, despois de ter sido partidario da concepción tradicional, cambiou de criterio, movido, sobre todo, polo testemuño negativo da *Ora marítima* de Avieno. Vid. sobre o tema a excelente símese da obra de SARMENTÓ que fixo MILLAN GONZALEZ-PARDO, I. en: *El anticeltismo de Francisco Martín Sarmiento*, Separata do I Coloquio Galaico-Minhoto, Ponte de Lima, 1981. Manifestacións da polémica poden verse nãas anotacións de CARRERAS CANDI, R: ós artigos de COUCEIRO FREIJOMIL, A. sobre El idioma gallego e ó *Resumen Histórico de Galicia*, de AMOR MEILAN, M. na *Geografía General*, cit. Véxase, particularmente,

ano 137⁽²⁴⁾ ata o primeiro tercio do século IV d. C. hai que contar cunha crecente presenza romana. Son cinco largos séculos de romanización⁽²⁵⁾, non só cultural, senón tamén étnica. Se as linguas indíxenas faladas en Galicia e en xeral, en toda España desaparecieron en absoluto, salvo residualmente o éuscaro, é evidente que a poboación de estirpe romana ía logrando predominio. Noutro caso, dada a escasez de cidades en Galicia, o celta, coma hoxe o galego respecto ó castelán, tería sobrevivido como lingua rural e íntima das familias aldeas. COUCEIRO FREIJOMIL escribe acertadamente:”.. *Sabido es que un pueblo no pierde fácilmente su lengua, aun cuando sea conquistado por otro de superior cultura; y dado el carácter de la dominación romana en la Península, no tan absorbente como se ha creído, queda margen para pensar que los antiguos idiomas quedaron algún tiempo coexistiendo con el latín y que no había motivo para que los montes, ríos, lugares, etc., perdieran desde un principio la designación que les fue aplicada en los tiempos celtas, sino que, al contrario, muchos de aquellos nombres, si bien latinizados, ya durante la dominación romana, ya en los siglos medios, debieron conservarse manteniendo la traza esencial de su filiación primitiva*”⁽²⁶⁾ . Comparto por enteiro as presuposicións de Couceiro; pero por iso mesmo debo facer extensiva a tese ós poboadores primitivos respecto ós celtas. O cal explica as enormes dificultades que presenta o esclarecemento de numerosos topónimos⁽²⁷⁾.

Non sabemos cantas e cales foron as linguas faladas na nosa península ó tempo da conquista romana; pero dende logo a súa case que absoluta desaparición suxire, ó meu entender, unha de dúas hipóteses: ou que a superioridade cultural e idiomática era tan evidente para os indíxenas, que, unha vez aprendido o latín, optaron por ensinalo exclusivamente ós seus fillos. Ou que o

na páx. 401 a Nota do Director, que di: “Los orígenes celtas de Galicia preconizados por Murguía y sus seguidores, arrancando de tiempos heroicos, los estimamos faltos de fundamento histórico”. *Visión positiva da presenza celta en: RÍOS GRANA, Ana Ma e RODRÍGUEZ BORDALLO, R.: La Escuela celto-romana del Noroeste de la península Ibérica, Braga 1981. Contrarios móstranse: BELLO DIÉGUEZ, J. M. e de la PEÑA SANTOS, A.: Galicia na Prehistoria, na Historia de Galicia, Vía Láctea editorial, I, A Coruña, 1995, quen di:”.. Falarde tensións *bélicas* e de componentes guerreiros en sentido estricto no seo da sociedade castrexa durante esta fase non deixa de ser un bonito e atractivo exercicio literario dalgúns autores empeñados en intégrala dentro dos modelos teóricos *pancélticos**” “Nada ten que ver (esa visión) .. con esa máxica, idílica, heroica e fortemente politizada.. dun territorio poboado de guerreiros, fadas, druidas e reis que se nos quere vender e que entendemos mais próximo ao *comic* que á mais mínima realidade histórica” (163-164).

²⁴ Neste ano precisamente emprende Décimo Junio Bruto, o Galaico, a conquista de Galicia. Fálase de batallas sanguentas. Unha, na España Ulterior, ante o Duero, en lugar non indicado, costou a vida, segundo Orosio (V, 5, 12) a 50.000 galegos. Aínda que a cifra sexa esaxerada, é obvio que as diversas expedicións romanas que completaron a conquista do noroeste peninsular tiveron que causar perdas importantes á poboación celta.

²⁵ Son moi agudas as reflexións que dedica ó tema da romanización de Galicia Monseñor GUERRA CAMPOS, J. : en *Exploraciones arqueológicas en torno al sepulcro del Apóstol Santiago*, Santiago de Compostela, 1982, 42 ss.

²⁶ COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *El idioma gallego*, en *Geografía General del Reino de Galicia I*, s. f. 178.

²⁷ “ Con paciencia benedictina dedicouse a esta clase de estudos MILLAN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro, logrando descubri-la base etimolóxica celta de gran número de topónimos galegos. A súas principáis publicacións ó respecto son: *Raíces prelatinas da cultura galega*, cit.; *Los nombres del río Limia (Port. Lima) eoda Toxa eos seus hidrónimos emparentados*, Separata de Actas do II Coloquio Galaico-Minhoto. s. f.; *Vencellos galego-irlandeses. Arredor dun libro da Dra. Keating*, separata de Grial, 108, tomo XXVIII, 1990; *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfoz*, A Coruña, 1987; *O topónimo céltico “Calobre” e primeira cala na súa familia léxica*, Separata dos escritos en Homenaxe a Antonio Couceiro Freijomil, s. f.

instinto mimético era neles tan forte que por imitar ó vencedor estragaron paulatinamente a lingua propia. (Isto, por outra parte, é moi tipicamente noso, pois os españois distinguímonos sempre por esta característica: desdeñámo-las nosas tradicións e copiámo-los usos do estranxeiro, aínda que non sexan sempre mellores que os nosos) (28). O revés que o sucedido en Iberia, Exipto e os países de fala grega conservaron a súa lingua e cultura sen cambios substanciais.

3. Os posteriores asentamentos suevos non poderían ser capaces de altera-lo predominio da poboación hispanoromana. Como escribe CASIMIRO TORRES: “... *Los suevos en un principio no se dispersaron, ni se esparcieron por todo los territorios gallegos. Eran los menos numerosos de los pueblos bárbaros que habían entrado en España en el 409. Según Reinhardt oscilaría su número entre los treinta y los treinta y cinco mil en su conjunto, con la inclusión de mujeres y niños. Los guerreros no pasarían de unos nueve mil*” (29).

Mesmo estas cifras parecen excesivas. Porque sendo os suevos o menos numeroso dos pobos bárbaros, ¿a cantos ascendería o total dos invasores que asaltaron España? ¡ A máis de douscentos mil? Na súa maxistral *Introducción* ó volume sobre a *España Visigoda*, na Historia dirixida por el (páx. XVII), MENÉNDEZ PIDAL escribe:

“*Los Visigodos asentados en la península eran escasos (200.000?) comparados con los hispano-romanos (8.000.000?)...*”. *Se só os visigodos se aproximaran a esa cifra, o total dos bárbaros achegaría ós 300.000. Restados vándalos asdingos e alanos que, cando pasaron á África no ano 429, segundo Procopio eran 80.000 (30), os suevos a duras penas poderían pasar de vinte mil.*

²⁸ Voume permitir un par de exemplos. a) Rexía en España en 1970 o Plan de Estudios establecido pola Ley de 20 - IX - 1938, que foi o menos malo de cantos se ensaiaron entre nos. Basado nunha proposta de Menéndez y Pelayo, dera, en xeral, resultados bastante mellores que tódolos precedentes. En Agosto de 1970 modificouse para introducir outro radicalmente novo, inspirado en experiencias foráneas. Pronto se viu que non se melloraba con é 1 a formación dos nosos bachareles. Sen embargo, os novos plans chamados a substituílo seguiron as súas fracasadas orientacións, aínda que con menos lóxica. b) Entre as categorías de Profesores universitarios a Ley Moyano (21-X-1868) ideara a dos Catedráticos extraordinarios, que servirá para incorporar á Universidade personalidades de tanto relevo como Gregorio Marañón, Eugenio d' Ors, Ramón M. Aller Ulloa, Severo Ochoa etc. Pois ben, en 1983, a ley Maravall abolíu esta clase para introducir a de Eméritos, sen outra razón que o puro mimetismo. ¿Que hipotéticos beneficios trouxeron? ¡Ningún outro que unha arbitraria selección determinada polo amiguismo e a discriminación puramente política!

²⁹ TORRES, CASIMIRO: *Galicia Sueva*, Fundación Pedro Barrié de la Maza e Instituto “R Sarmiento” de Estudios Galegos, A Coruña, 1977, 54). SUÁREZ FERNÁNDEZ, Luís, en *Historia social y económica de la Edad Media Europea*, 2ª ed. Madrid, 1984, 57, escribe: “A principios del siglo VII, cuando la expansión islámica aún no había comenzado, podía parecer que el Imperio toledano de los visigodos iba a ser la fórmula política para Occidente. Se sentía, incluso en la unidad institucional de Estado e Iglesia, visible en los Concilios de Toledo, heredero de Roma. Y, sin embargo, su debilidad económica y social era suficiente para no augurársele un brillante porvenir. Los visigodos penetraron en la Península en virtud de un pacto, el de Wallia, con Honorio (418), que parecía darles derecho legítimo de ocupación. Los estudios realizados recientemente por Rheinhardt permiten suponer que se instalaron en ella unos doscientos mil, que, unidos a los cien mil suevos, constituían notable minoría frente a la población hispanorro-mana; las tierras ocupadas por los recién venidos se hallaban en la actual provincia de Segovia y sus circundantes, hasta Toledo, al sur, y la Tierra de Campos campi gotorum- al norte. Las diferencias que separaban a los visigodos de los indígenas se borraron, especialmente después de la conversión al catolicismo de Recaredo, de modo que cuando Recesvinto publica un nuevo código, este es valedero para todos los habitantes”.

³⁰ Vid. TORRES, CASIMIRO, *Galicia Sueva*, cit. 54.

Aínda que os desprazamentos de tan enormes caravanas se producirán en oleadas sucesivas, o tránsito polos territorios galo e español non se tería realizado sen baixas, aínda presupoñendo, contra toda lóxica, que os indíxenas se mantiveran en absoluta pasividade. Se, polo contrario, presumímo-la hostilización por guerrillas, as perdas dos invasores terían que ser moi grandes. Por tanto, para que se puideran asentar en España uns trescentos mil xermanos, o seu número inicial habería de ser moito maior, practicamente prohibitivo.

Que os suevos deixaron escaso vestixio entre nos nos 175 anos que durou o seu dominio (410-585), paréceme fóra de toda dúbida. Na Introducción citada MENÉNDEZ PIDAL di: “*Poco antes de consumarse el martirio de Hermenegildo, Leovigildo destruyó el reino suevo, se apoderó del tesoro real y redujo la Galedia a provincia goda (585), después de 174 años que pertenecía a los suevos*” (31).

CASIMIRO TORRES, tras referirse á sublevación e derrota do suevo Amalarico polos duques de Leovigildo, lembra o testemuño de S. Isidoro, que estende o dominio suevo por un período de cento setenta e sete anos (32).

¿Será un fallo na coordinación de cronoloxías? CASIMIRO TORRES declara: “*Desde esta fecha (585), el elemento suevo se va absorbiendo por la masa indígena, más numerosa; hasta el punto que han desaparecido casi totalmente los rastros de su lengua, o de su raza. Aparte de las monedas y algunos utensilios, solamente han quedado restos de topónimos, que, por otro lado, se han confundido con los visigodos en muchos casos; también se han conservado necrópolis con restos antropológicos suevos*” (33).

4. O influxo visigodo en Galicia persistiu, en cambio, non só ata o ano 711, no que se produciu a catástrofe da Janda e a borrosa desaparición de D. Rodrigo (34), senón ata a consolidación da monarquía leonesa (35). Claro que toda a historia da conquista de España polos árabes aparece chea de enigmas. No seu valioso estudo sobre o tema (Vol. III da *Historia de España* dirixida por John Lynch), ROGER COLLINS fai unha crítica sagaz das escasas fontes dispoñibles. Ó seu xuízo, os historiadores árabes, propensos a ofrecer unha datación detallada, deben ser tratados

³¹ MENÉNDEZ PIDAL, Ramón: *Op. et loe. cit.*

³² TORRES, Casimiro: *Galicja Sueva, cit.* 265.

³³ TORRES, CASIMIRO: *Op. cit.* 265.

³⁴ *No que me parece aínda valioso traballo de FERNÁNDEZ GUERRA, Aureliano & HINOJOSA, Eduardo nos dous volumes adicados a Los Pueblos Germánicos desde la Invasión hasta la ruina de la Monarquía visigoda na Historia de España dirixida por Cánovas del Castillo, Madrid, s. f. que, tras seguir substancialmente, en canto a Rodrigo, o Estudio sobre la invasión de los árabes en España do arabista Eduardo SAAVEDRA, preséntanolo reinando no minúsculo territorio de Igaeditania ou Egitania, onde fixo acuñar unha moeda de ouro lexítima que se conserva no gabinete do rei de Portugal. Faleceu máis tarde na batalla de Segoyuela. (Páx. 204).*

³⁵ MARTÍNEZ MARINA, Francisco: *No seu Ensayo histórico-crítico sobre la Legislación y principales cuerpos legales de los reinos de León y Castilla, especialmente sobre o Código das sete Partidas de D. Alfonso el Sabio, I, Madrid, 1834, 47 ss. recórdasenos como os reis astur-leoneses recorreron ó Dereito visigodo. No seu apoio, cita textos da Crónica Silense; Lucas de Tuy y Crónica Albeldense. Chega máis adiante a dicir (páx. 55) que: “Se debe reputar por verdad incontestable y como un hecho de la historia, que el reino de León y de Castilla desde su origen y nacimiento en las montañas de Asturias hasta el siglo XIII fue propiamente un reino godo...” “Por eso nuestros antiguos historiadores, cuando tejieron el catálogo de los reyes de Asturias, los comprendieron bajo el nombre de reyes godos”.*

con escepticismo. O único relato que, por ser case que contemporáneo dos feitos narrados, merece algunha credibilidade é a chamada *Crónica de 754* (entre outras denominacións que recibiu: P. e. FRAY JUSTO PÉREZ DE URBEL en *Los Comienzos de la Reconquista*, vol VI da Historia de España, dirixida por Menéndez Pidal, chámase *Crónica mozárabe* de 754, páx. 3). Comparando o atestado en versións árabes posteriores con esta Crónica, COLLINS di: “*En las primeras, la conquista, además de ser obra de una fuerza numéricamente pequeña, fue esencialmente el resultado de una sola batalla... En cambio, la Crónica de 754 transmite la impresión de que hubo considerables incursiones anteriores de fuerzas árabes desde África y la presencia de probablemente dos ejércitos árabes y beréberes en la península durante algo más de un año antes de la decisiva batalla con Rodrigo. Tampoco ésta, a la luz de posteriores campañas de algunos de los gobernadores que seguirían a Musa, fue tan inmediatamente decisiva como afirman las narraciones árabes. Además, los árabes intervinieron en la península en un tiempo en que ya había serias divisiones internas y posiblemente se libraban guerras civiles...*” Nin que dicir ten que tales puntualizacións ofrecen maiores visos de verosimilitude que a descrición tradicional, baseada na vinganza do conde Julián contra D. Rodrigo e na traizón do bispo D. Oppas, suposto irmán ou fillo de Vitiza (³⁶).

É dicir, durante século e cuarto, senón, mesmo ata despois da desmigallada afluencia musulmana, a maior parte da Galaecia e os visigodos, que fuxindo cara a liberdade se refuxiaron nela, quedaron realmente exentos de toda servidume. Así resulta explicable que D. Pelayo,

³⁶ *Ecos desta lenda son os siguientes versos de Juan de Mena, que me vou tomar a licencia de transcribir eiquí:*

*“Non buenamente te puedo callar,
Opas maldito, ni a tí, Julián,
pues sois en el valle más fondo de afán
que non se redime jamás por llorar;
qual ya crueza vos pudo indinar
a vender un día las tierras e leyes
de España, las cuales pujanzas de reyes
en años atantos non pudo cobrar? (91).*

A monarquía visigoda case desaparece na copla 272, quizáis polo que di na seguinte:

*“Será olvidado lo más de lo antiguo,
veyendo su fama creger atan rica;
serán olvidados los fechos de Egica,
bisnieto de Qindo e fijo de Eurigo:
será Vitisauris segund lo que digo,
morro la memoria segund que su dueño,
e ante los suyos serán como sueño
los fechos mejores del godo Rodrigo.*

Pero de D. Pelayo dice:

*“A éste los fechos del pobre Pelayo,
reconocieran maguer que feroqe,
tanta ventaja cuanto reconoce
el triste diciembre al fermoso mayo;
en éste non miedo por non nin desmayo
Is enemigos a él capitales,
antes más rezio verná por los tales
que viene la flama encima de rayo...”*

probablemente de orixe goda e refuxiado en Galicia, senón nacido aquí ⁽³⁷⁾, fora considerado como o continuador da monarquía visigótica ⁽³⁸⁾.

Os historiadores que prestaron atención a este obscuro período da Historia de España difiren profundamente ó interpreta-los escasísimos e a duras penas conciliables datos que nos proporcionan fontes próximas ós acontecementos. En calquera caso permanece inexplicable o estraño fenómeno da suposta “ocupación” de España polos musulmáns. Por unha parte deseños que Tariq dispoñía fronte a D. Rodrigo dun exército de 12.000 homes (7.000 desembarcados primeiro e outros cinco mil que se lle abrigaron despois). Muza pasou -afirmase- tamén á Península con 18 mil máis ⁽³⁹⁾.

As forzas que se apoderaron de España cífranse, pois, nuns 30.000 homes, aínda que cada vez con maiores mermas polas inevitables baixas de toda guerra, non pequenas na crucial batalla contra D. Rodrigo, nin descartables no posterior avance cara Toledo e norte da Península. As tropas restantes -poñamos uns 25.000 homes- ¿cómo poderían someter con efectividade un territorio tan vasto como España? Se houberan de deixar guarnicións en puntos estratéxicos e ás principais cidades, cada cinco soldados terían que manter baixo o seu control unha superficie de 100 kms. cadrados. Ante tamaña imposibilidade, ¿que explicación verosímil cabe ofrecer? ¡Só dúas se me ocorren! Ou que, desarticulado o sistema de mando, nin o exército visigodo nin os poderes públicos souberon organizar ningunha resistencia; ou que a maioría da poboación resignouse á pasividade, posto que, non identificada coa organización política visigótica, houbo serlle indiferente a titularidade do poder, que se reducía, tocante a eles, a un cambio de amo.

A primeira destas dúas hipóteses non se compadece co * cantonalismo* ou espírito de facción que, segundo se ere, caracteriza dende antano ós españois. Sempre souberon constituir para a súa defensa unidades minúsculas -as famosas guerrillas- coas que, dezmando o inimigo, era fácil véncelo logo na batalla campal.

³⁷ COLLINS, ROGER, *no seu excelente estudio crítico sobre A conquista árabe, 710-797, (Míguez), Barcelona, 1991,129*, dinos: “Una comparación de la información relativa a las etapas finales del reino visigodo que se encuentra en las dos versiones de la Crónica de Alfonso III y la Crónica de Albelda, mucho más breve, es muy revelador. En ambas reseñas de la primera, la reputación de Vitiza es muy negra, mientras que no hay ningún comentario general sobre el en el texto de Albelda. Pero ésta, aunque sólo en dos de sus principales manuscritos, expone cómo Egica instaló a Vitiza como cogobernante suyo con sede en Tuy, en Galicia, cómo Vitiza mató allí al duque Fáfila “por causa de su esposa”, y cómo llevó su vez a Vitiza a expulsar ó fillo de Fáfila, Pelayo, de Toledo cuando sucedió a Egica como único rey”. Que Pelayo voltase entón a Tui, paréceme, por iso, verosímil. Collins di despois: “...La impresión que transmite la Crónica de Albelda de que las fuentes de la riqueza y el estatus de la familia de Pelayo estaban en el noroeste de la península, en Asturias y Galicia, da mucho más sentido a la revuelta que el condujo en su contexto real del siglo VIF (páxs. 132133). Como a mención de Asturias ten a súa explicación lóxica no seu asentamento posterior en Cangas de Onís, a de Galicia, que non viría, noutro caso, a contó, debe de facer alusión ó pasado do rei. Que el tomara a iniciativa de alzarse en armas para evitar que toda a península puidera quedar baixo dominación musulmana, parece a máis probable interpretación de os feitos.

³⁸ *Que remontar orixe a unha ascendencia goda confería prestixio nolo demostra MENÉNDEZ PIDAL no estudio preliminar que dedica ós Reis Católicos no tomo XVII (3a ed. t'983) na Historia de España, asumindo a súa dirección, ó dicirmos que o bispo D. Alonso de Cartagena no seu panexírico funerario a D. Juan II ufanábase do seu entronque con Alarico, o rei goda que tomara Roma (páx. XI). Véxase tamén o exposto en nota 17.*

³⁹ *Cfr. LEVYPROVENCAL, E.: España Musulmana, vol. IV da Historia de España dirixida por Menéndez Pidal, 6ª ed. 1987, 10 ss. Exposición máis tradicional en GONZÁLEZ PALENCIA, A.: Historia de la España Musulmana, 3ª ed. 1932, 9 ss. Vid. tamén: MONTGO-MERY WATT, W: Historia de la España Islámica 5ª ed. 1982, 19 ss. CHEJNE, ANWAR G.: Historia de la España Musulmana, 3ª ed. 1993, 15 ss.*

A segunda hipótese semella ser, así, a máis verosímil. Os hispano-romanos sentíronse máis libres eos sarracenos que eos visigodos. Estes sometéranos dende un absorbente poder central, que lles resultaba opremioso, como moi oposto ó xénero de vida que gozaba das súas preferencias: a integración exclusiva en pequenos grupos primarios. Ademais -e sobre todo- os tributos esixidos polos monarcas visigodos eran moi elevados; superiores e máis apremiantes que os que lles imponían os árabes.

Se o Tratado entre “Abd al-Aziz ben Muca” e Teodomiro -príncipe visigodo semidependente, de Murcia, revela una actitude xeral dos conquistadores ante os hispanos vencidos, sería comprensible a débil resistencia ante as tropas invasoras. Pois neste Tratado (do ano 713) garantíanse a Teodomiro os seus dereitos de soberanía, a inmunidade e liberdade dos seus súbditos, e a libre práctica da súa relixión. O precio a estas concesións consistía na entrega de 7 cidades (Alacante, Baltana, Ello, Lorca, Muía, Orihuela e Villena), e pagar ó ano el e os seus súbditos, como tributo persoal, un diñar en metálico, catro almudes de trigo, catro de cebada, catro medidas de mosto, catro de vinagre, dous de mel e dous de aceite ⁽⁴⁰⁾.

O propósito de D. Pelayo como cabeza da resistencia visigoda, non era crear na Galaecia un reino expansivo, que arrebatase ós musulmáns o territorio hispánico recen conquistado por eles. Non; o esencial para o caudillo godo era constituir un reducto independente que ofrécese posible refuxio a cantos españois quixeran librarse da servidume ó Islam. Por iso, D. Pelayo, non emprende ningunha guerra de conquista. Aínda que a área xeográfica na que non se entrometen os árabes careza de límites ben definidos, él non experimenta a preocupación de ensánchala. Alfonso I, o Católico, será o que se sinta chamado a dilata-las fronteiras do reino para facerse dono de toda a Galaecia romana ⁽⁴¹⁾.

A táctica de Pelayo parece que foi resistir, engrosa-las súas filas e espera-la súa oportunidade. Non a encontrou no seu tempo. Pero sí a tivo o seu xenro: Alfonso el Católico, quen, aproveitando a sublevación dos beréberes no norte de África e logo na España musulmana, á que quixeron sumarse os que permanecían en Galicia, pasou á ofensiva e conquistou numerosas cidades. A Crónica de Alfonso III cita: Lugo, Tui, Porto, “Anegia”, Braga, Viseu, Chaves, Ledesma, Salamanca, Zamora, Ávila, Astorga, Simancas, Saldaña, Amaya, Segovia, etc. Pero engade: **“En todos los castros, villas y aldeas que ocupó, mató a los pobladores árabes, y a los cristianos se los llevó consigo a la patria”**. O seu propósito, ó parecer, era garda-lo reino tras unha barreira de terra desértica, que dificultase a previsible reacción dos árabes. A cidade de “Anegia” aínda non se identificou. Ó meu entender, -e así o mantiven noutro traballo- corresponde a Noia, como adiviñou Juan de Mena -ou puido ler nalgunha fonte descoñecida.

En todo caso, só contados árabe e un puñado de beréberes se asentaron temporalmente nalgúns recunchos da nosa terra e permaneceron nela tempo reducidísimo. O seu influxo étnico sobre a poboación galega foi por iso practicamente nulo. Dise, ademais, que a raíz da insurrección dos

⁴⁰ Vid. LEVI-PROVENÇAL, *Op.cit.* 21.

⁴¹ O historiador árabe Al-Maqqari di de D. Pelayo: “Cuentan algunos historiadores que el primero que reunió a los fugitivos cristianos en España, después de haberse apoderado de ella los árabes, fue un infiel, llamado Pelayo, natural de Asturias en Galicia, el cual tuvieron los árabes como rehén para seguridad de las gentes de aquel país...”. Tomei a cita de PÉREZ DE URBEL, *Op. cit.* 23.

berberiscos e da fame resultante partiron cara ó África (749-750) ⁽⁴²⁾.

Salvo Cantabria e Vasconia, Galicia foi a menos arabizada das rexións españolas. Pero, en todo caso, como sinala CHEJNE: “..España.., al igual que los demás países mediterráneos era un crisol de múltiples pueblos y culturas. Europeos se habían asentado allí desde tiempos muy antiguos; los fenicios ya habían establecido colonias en el siglo X a.de J.C.; después llegaron los griegos, que llamaron Iberia a la península, fundando también sus colonias; y finalmente se convirtió en provincia romana en el siglo I a. de J.C., adoptando la lengua latina, las costumbre y leyes romanas, y el cristianismo, proclamado religión oficial del Imperio en el siglo IV Al debilitarse el Imperio Romano, la península fue víctima de las sucesivas invasiones de hordas germánicas como los suevos, y finalmente los visigodos, que a comienzos del siglo V, ocuparon su parte nordeste” ⁽⁴³⁾.

5. Dende mediados do século VIII non será xa receptora España de grandes movementos inmigratorios. Pero non moito despois, a principios do século IX ⁽⁴⁴⁾ prodúcese en Galicia un acontecemento singular que terá enorme repercusión non só en toda a península senón, incluso, en toda Europa: o descubrimento en Compostela ⁽⁴⁵⁾ dun sepulcro que, sen vacilar, se identificou como do Apóstolo Santiago. Ningún contemporáneo do achadego puxo en dúbida xamais a autenticidade dos restos descubertos polo monxe Pelagio e verificados por Teodomiro, o obispo de Iria Flavia, e o rei de Asturias, Alfonso II. Pensar nunha identificación sen fundamento algún daquela tumba como a de Santiago Boanerges, resulta inconcebible. ¿Ou cabe suponer acaso que,

⁴² COLLINS dinos o seguinte: “Un año después de la subida al trono de Alfonso, la rebelión beréber había fracasado. Aunque lograda su supresión, ésta y las posteriores guerras civiles del período 741-746 parecen haber llevado al abandono de anteriores zonas de ocupación beréber en la Meseta septentrional y Galicia, zonas que antaño habían tenido guarniciones del ejército romano contra amenazas que percibían como provenientes de las montañas del norte. Obviamente, esto creó un vacío, en lo que concernía a un poder que fuese más que puramente local. En vez de tratar de llenarlo con una extensión que inevitablemente sería de corta vida al Sur del reino, en la altiplanicie abierta de la meseta, las medidas que tomó Alfonso fueron notablemente más previsoras. El traslado al norte de los habitantes de algunas o de la mayoría de las ciudades de la Meseta reforzaron enormemente sus recursos humanos...” (Op.cit.138).

⁴³ CHEJNE, ANWAR G.: *Historia de España musulmana cit. 15.* (Estraña a omisión dos cartaxineses, se non é que son subsumidos nos fenicios).

⁴⁴ Na súa importante investigación sobre *Autenticación arqueolóxico-epigráfica da tradición apostólica xacobeá*, no vol. colectivo “*El camino de Santiago, Camino de Europa*”, Pontevedra, 1991, MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro, (páx. 47-105), dedica a súa nota n° 3 ó esclarecemento da data en que tivo lugar o descubrimento do sepulcro de Santiago. O seu xuízo, das dúas presuncións en xogo: a do descubrimento en vida de Carlomagno (812-813) ou pouco antes da donación de Alfonso II; o conde de Quirós inclínase pola última hipótese e aproba a data proposta por Castellá Ferrer: ano 829. O seu argumento é este: “Datación tan temprana (refírese á que preconizan Huerta e Vega, Flórez e López Ferreiro (812-813) implica una larga demora de dieciséis años en producirse la donación regia, cuya realidad es, históricamente, innegable. Tratándose de suceso tan extraordinario a cuya noticia, según el mismo diploma, reaccionó el monarca con comparecencia inmediata en el sitio, y plena de fervor, no se comprendería tal retraso” (Op.cit.páx.88)

⁴⁵ Sobre a etimoloxía do topónimo “Compostela”, desbotada xa a inferencia máis divulgada, que quería referila a “campo de estrelas” (*campus stellae*), parece necesario, traías indagacións do P. CRESPO asignadle máis ben unha procedencia celta. Vid. sobre iso: GUERRA CAMPOS, J.: *Exploraciones Arqueológicas...* cit. 28 ss.

en ningún dos séculos inmediatos á “inventio”⁽⁴⁶⁾, houbera en toda Europa un espírito crítico que puxera en dúbida a, en aparencia, inverosímil atribución? Ata nos chegaron, é certo, algúns testemuños escritos da predicación de Santiago en España; pero xulgábanse demasiado tardíos para outorgarlles credibilidade⁽⁴⁷⁾.

Os argumentos da maioría contradictora son ben coñecidos. O principal -como asevera CASIMIRO TORRES na breve monografía que dedica ó tema na súa Galicia Romana⁽⁴⁸⁾- “...se funda en el silencio o falta de datos referentes a Santiago entre escritores de los primeros siglos; en particular de los gallegos como Osorio, Hidacio y Egeria; de los peninsulares como Prudencio, S. Isidoro, el Biclense, etc.; de los próximos a España como Próspero de Aquitania, Gregorio de Tours, Venancio Fortunato...”⁽⁴⁹⁾.

A polémica desatada daba a impresión de perdurar indefinidamente irresolta. Mais de pronto, a partir de inesperados achádegos arqueolóxicos e de interpretacións sorprendentes, acumúlanse as probas en favor da versión tradicional: Faise difícil hoxe negar que na arquíña de prata da nosa

⁴⁶ Na *Historia de Galicia de Vía Láctea* Editorial, Tomo III, (A Coruña), 1995), do que son autores ANDRADE CERNADAS, José Miguel (cap.1,2) e PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier (resto da obra), na colaboración do primeiro atribúese o termo “inventio” (que en latín significa simplemente “achadego” a unha suposta segunda intención de Sánchez Albornoz. Literalmente dise: “estas preguntas han de abordarse a través, por unha parte, do estudio da literatura e do culto xacobeo previos ao reinado de Alfonso III, e por outra, a través do coñecemento do contexto histórico no que se produxo ou que xa Sánchez Albornoz, en afortunada e ambivalente expresión, denominou como inventio ou invención” (páx. 42). É tan “ambivalente” a voz “inventio” que a propia Igrexa a vén usando dende remotos tempos para festexa-lo achádego da Santa Cruz por Sta. Elena (3 de maio); a dos corpos de S. Esteba, protomártir Gamaliel, Nicodemus e Abibón; e a dos de Nazario e Celso.

⁴⁷ A negación radical da tradición xacobeá, que data xa do pasado século, culminou no presente, tendo acaso a súa máxima expresión en monseñor Louis DUCHESNE (quen insinuou que os restos descubertos en Compostela puideran se-los de Prisciliano e algún discípulo), e, tras el, no P. GARCÍA VILLADA, que lle seguiu en parte. Últimamente os dictames contrarios á autenticidade dos restos apostólicos adoptaron un sesgo moi distinto. Tras atoparse en Mérida unha lápida votiva cunha inscrición, ó parecer da primeira metade do século VII, que, segundo Fray Justo PÉREZ DE URBEL, fai constar como “se dedicó en aquella ciudad una iglesia en honor de Santa María y en ella se guardaban reliquias de la Cruz del Señor, de San Juan Bautista, de San Esteban, de San Pedro, de San Pablo, de San Juan Evangelista, de Santiago... Son, entre otras las reliquias que luego nos encontramos en Compostela dentro de una iglesia dedicada también a Santa María”. Suponse, pois, que, ante o temor de que os musulmáns as destruírán, a comunidade de relixiosas a que pertencía a igrexa, determinaron poñelas a salvo e, tras dunha viaxe polo Guadiana e logo por mar, ocultáronas en Compostela. O recordo amplificado da viaxe daría lugar á lenda da traslación e as simples reliquias, magnificadas, convertíranse no corpo do Apóstolo. (Vid. PÉREZ DE URBEL, *Op.cit.* 51 ss. Tamén, NAVASCUES, J.M.: *La dedicación de Santa María de Mérida y de todas las vírgenes*, en *Arch. Esp. de Arqueología*, XXI, 1948, 311 ss. VIVES, J.: *La dedicación de Santa María de Mérida*, en “*Analecta Sacra Tarraconensia*”, XXII, 1949, 67-73).

⁴⁸ *Op.cit.* páxs. 173-227.

⁴⁹ Para unha replica defendendo a tradicións pódense ver, amén do estudio de Casimiro Torres que se acaba de citar, os de PÓRTELA PAZOS: *Orígenes del culto al apóstol Santiago en España*, en *Arbor* n.ºs. 91-92. Xullo-Agosto 1993, que dedica especialmente a refutar ó P. Pérez de Urbel no seu artigo en “Hispania-Sacra” V, n.º 9, páxs. 1-31; reproducido en *Arbor*, Abril, 1993. vid. tamén: GUERRA CAMPOS, JOSÉ: *Excavaciones en la catedral de Santiago*, en “La Ciencia Tomista”, n.º 272, 1960, 67-168. Id. 275-324. Do mesmo: *Notas críticas sobre el origen del culto sepulcral de Santiago de Compostela*, en *Ciencia Tomista* CCLXXX, 1961, 418 ss. Logo, do mesmo, un libro fundamental, extraordinario: *Exploraciones arqueológicas en torno al sepulcro del Apóstol Santiago*, Santiago de Compostela, 1982, que desborda xenerosamente o seu título e ofrece moito máis do que nel promete. E practicamente unha historia compostelana, que, nalgúns aspectos, resulta case exhaustiva, como igualmente o é, ata o seu tempo, a bibliografía.

basílica gárdense os restos do Apóstolo Santiago. Por unha parte, o descubrimento dunha necrópole con nada menos que 40 tumbas de época romana; por outra, o da lauda de Teodomiro; e finalmente o inesperado encontró por D. ISIDORO MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO e o seu colaborador D. SEGUNDO MENDOZA dun tapón pétreo dunha fenestela no lóculo que a tradición atribuíu a San Atanasio, portando unha inscrición que reza en letras gregas, ñas que se interpoñen dúas hebraicas: “*Atanasio, mártir*”.

Por outra banda, engadase a inspirada interpretación dun, ata o momento, enigmático texto dos Catálogos ou Breviarios Apostólicos, transmitido tamén por San Isidoro de Sevilla referente ó lugar onde fora enterrado Santiago Zebedeo. Designábase este sitio con dúas palabras, alteradas en numerosas variantes (⁵⁰), que editores ou comentadores non atinaban a identificar. Últimamente, o Profesor ISIDORO MILLAN logrou recuperar a lección xenuína e, polo tanto, definitiva. Onde se tendía a ler cousa así como “arca marmórica” ou “marmórea, Isidoro MILLAN propuxo -e aduciu xustificación- como lectura original “in arcem Ammaeican”, isto é, “a un castro da Amaía”, que era a localización efectiva do sitio ó que se o levou a enterrar, no núcleo antigo da actual Santiago de Compostela (⁵¹).

Hoxe tódolos indicios favorecen a identificación feita por Teodomiro, que o levou a traslada-la súa sede episcopal de Iría a Compostela e a ordena-lo seu enterramento cabe o sepulcro apostólico.

En calquera hipótese, o que importa para a cuestión actual é que durante toda a Idade Media, e incluso ata o presente, o sepulcro do Apóstolo Santiago foi un poderoso centro atractivo de innumerables peregrinacións (⁵²). Milleiros de persoas desprazárense ata Galicia para orar ante a cripta do Apóstolo. Aínda sen simultaneidade no espacio, deuse aquí unha verdadeira “invasión” pacífica ó longo do tempo. O número total de visitantes, aínda que o cálculo resulte dificilmente posible, tivo que ser moi elevado. Moito maior, probablemente, que o das migracións celta ou sueva, ou o de romanos que viñeran a España. Os peregrinos,

⁵⁰ Vid. DÍAZ Y DÍAZ, M. C. en “Compostelanum”, I, 1956, 365 ss.

⁵¹ Vid. MILLAN GONZALEZ-PARDO, I. *Autenticación arqueológica*, cit. esp. páx. 87. Tamén sería posible seguir lendo “arca”, suposto que o termo se utiliza en Galicia coma sinónimo de “dolmen”. A palabra esencial é *Amaia*, aplicada correctamente ó lugar do achádego, que así efectivamente se chamaba. O descoñecemento de tal topónimo fóra de Galicia explica a perplexidade dos copistas e obriga -como o afirma Millán nun recente artigo periódico (Vid. “El Correo Gallego” 15-11-96-) a remontar ó século I a tradición que conservaron os Breviarios. Sobre a equivalencia entre “arca” e “dolmen” vid. VILLAAMIL Y CASTRO, José: *Antigüedades prehistóricas y celtíberas de Galicia*, citado por VILANOVA Y PIERA, Juan & DE LA RADA Y DELGADO, Juan de Dios, en *Geología y Protohistoria Ibéricas*, na *Historia General de España*, dirixida por Cánovas del Castillo, Madrid, 1893, 506.

⁵² A pesar dos anos transcorridos e das numerosas publicacións recentes, as obras básicas sobre o tema seguen a ser: VÁZQUEZ DE PARGA, L. 6c LACARRA, J.M. & URÍA RIU, J. *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, 3 vols. Madrid, 1948-49. HUIDOBRO Y SERNA, L.: *Las peregrinaciones jacobeanas*, 3 vols., Madrid, 1949-51. Dende o punto de vista literario, destacan as páxinas que dedica ó tema TORRENTE BALLESTER, G.: en Compostela, 1948, 3a parte, páxs. 125 ss. (Aínda que case carente de documentación toda a obra, e especialmente esta parte, está amena e fermosamente escrita). LÓPEZ FERREIRO: (Op. cit. IV, Santiago, 1901, 236) dá conta dunha ocasional peregrinación de Cruzados, que viñeron a postrarse ós pies do Apóstolo na festa de Pentecostés, o 8 de Xuño de 1147. “Buena parte de los alistados en la Cruzada predicada por San Bernardo, los cuales habían preferido hacer por mar el viaje a Tierra Santa. Formaban, entre ellos, gentes de la Baja Alemania, de Flandes, de Inglaterra y aun de Aquitania, y se habían hecho a la vela en el puerto inglés de Dartmouth. Una recia tormenta puso en dispersión a las doscientas naves en que venían embarcados; las cuales, después de varios lances, pudieron reunirse y repararse en la ría de Noya”.

individualmente, non permaneceron moito tempo en Galicia; sen embargo, como colectividade, ben que non sen interrupcións e altibaixos, a súa presenza en Compostela foi, en certo modo, constante. E se non influíu sensiblemente na nosa etnoloxía, deixou indubidable pegada cultural na nosa rexión e en todo o Camino de Santiago (⁵³).

6. A partir destas datas, e nada menos que ó longo de todo un milenio, a poboación de Galicia non recibe xa na península sensibles aportacións estrañas. Pero dende 1492, ó rematarse a Reconquista, España é xa politicamente unha e, desvanecidas as fronteiras, a fusión en maior ou menor grao, dos seus distintos pobos, borra as diferencias étnicas entre os seus habitantes.

Por iso, ó chegar a este punto, a pregunta que se debe formular é a seguinte: ¿Hai algunha particularidade que distinga, dende unha perspectiva racial, ós galegos dos demais españois? A resposta afirmativa non é posible. Que a nosa psicoloxía colectiva no careza manifestamente de características peculiares, non compartidas polas restantes poboacións de España, non implica necesariamente algún factor etiolóxico de orixe étnica. As diferencias tamén se poderían deber a causas de orde físico ou de índole cultural.

En efecto: As características que se nos atribúen tipicamente son, p. e., a saudade, a retranca e a suspicacia.

A saudade, que compartimos eos portugueses, fixo correr moita tinta en Portugal e entre nos. Con menos frecuencia, en cambio, optouse por falar de “morriña”, pese a que ambos termos sexan substancialmente sinónimos. Morriña é o diminutivo galego de “murria” (⁵⁴); e proven, din algúns, da voz grega “muria”. “Saudade” é, quizais, unha forma influída por achegamento ou contaxio da mesma voz en portugués. Etimoloxicamente provén do latín, como plural de “sólitas-atis”, galego soidade / soedade. Sentir soidades, saudades ou nostalxias é unha mesma cousa.

A preferencia mostrada recentemente por “saudade” fronte a “morriña” débese quizais a que este último vocábulo ten un homónimo fonético que significa tanto suciedade como unha

⁵³ LÓPEZ FERREIRO, na súa tantas veces citada *Historia* (III, 1900, 289 ss.), dinos a este propósito: “Desde mediados del siglo XI la población de Santiago había aumentado considerablemente, y entre sus habitantes se contaban muchos, que eran **júniors o foreros**, que habían venido de los commissos vecinos o de otros lejanos, y aún de naciones estrañas como Francia e Italia.” Ou como canta BOUZA-BREY no seu magnífico poema “*Louvores ao señor Sant-Yago*”:

“Velahí ven Isabel de Portugal, a raina
Cun mangado de rosas; detrás caramoniña...
... sigue o vello romeiro
Guillelme de aquitania, que no venres maior
Finou no voso tempo; e ao fin morta de amor,
Ceibando melodías, doorida e contrita,
Envolveita en suspiros, desfila a “favorita”..
Alí figuran reises, cides e calromanos,
Eos príncipes de preto os tamorláns lonxanos,
Pelegríns, cambeadores, capitáns e troveiros,
Brosladores e ourives, monxes e acibecheiros,
E en tanto que no ceo loce o camino real
Do teu nome, o cortexo entra na catedral,
Pra te ofrendar, rendida da noite da desvela
A grande alma de bágoas que xeme compostela...”

⁵⁴ Consultada por min esta etimoloxía co Conde de Quirós, díxome: “A orixe grega está descartada en *COROMINAS: DCECH*, t. IV, pp. 153-155, onde o neogrego *μωρη* dase por procedente dunha fala italiana. Os clásicos, *μοιρα*, *μωρὸς* destino, morte, fado' non vexo que poidan ter fácil relación”.

enfermidade do gando. Por iso, produce certa repugnancia o seu emprego nos niveis máis selectivos da linguaxe. Non embargante, tampouco faltan poetas que usen gustosamente a expresión. Así, na célebre canción de PEREIRA:

*“Lonxe da terrina,
lonxe do meu lar,
Qué morriña teño
qué angustias me dan! (55).*

¡O poema é unha escueta; pero magnífica relembranza da saudade!

A cuestión realmente importante para preséntala no sesgo actual, foi proposta por TORRES QUEIRUGA nos seguintes termos: “... *Desde os mesmos comemos da reflexión sobre o tema aparece suscitado un vello contencioso: o da tensión entre peculiaridade e universalidade. Aparece xa na primeira reflexión verdadeiramente sistemática sobre o tema: no Leal Conselleiro de Don Duarte. Diseños alí: *E porém me parece que este nome de saudade tao propio, que o latim nem outra linguagem que eu saiba nao é para tal sentido semellante*. Suscítase, pois, o problema batallón: é a saudade algo exclusivamente portugués, digamos mais exactamente: galego-portugués? Non estamos, de certo, ante unha pregunta banal ou unba cuestión de meros nomes.*

Se a saudade é algo exclusivo e peculiar, deixa de ser verdadeiramente humano e comunicable, aparece por forza como algo superficial na súa mesma particularidade, e fica á marxe da cultura como algo irremediabilmente provinciano. Se, pola contra, é algo simple e sinxelamente universal, pérdese un dos signos mais radicalmente diferenciáis da nosa literatura e acaso da nosa cultura, deixa de ser algo que nos afeita especialmente e fican no ar tódalas novas consideracións” (56).

A resposta que ofrece TORRES QUEIRUGA ó aparente dilema é sinxela e plausible: “*A saudade non precisa substraerse a todos para ser verdadeiramente nosa, nen precisa deixar de ser nosa para pertencer a todos ... Sucede tan só que esa dimensión do **humanum** se lle fai patente con especial facilidade e con peculiar intensidade ao noso modo específico de ser o estar no mundo, e que, en consecuencia, a súa obxectivación no carácter e sobre todo na arte aparece inconfundiblemente tinxida pola nosa especificidade étnica e cultural. Non temos, logo, **algo** exclusivo e peculiar, pero témolo dun **xeito** peculiar e exclusivo” (57).*

Partindo dunha fina análise fenomenolóxico-existencial e levando adiante -segundo confesa él mesmo- a incitación filosófica que sementou PIÑEIRO, a saudade consiste, ó seu xuízo, nun sentimento, de fondura ontolóxica, que, agora con polaridade positiva, ou noutro momento negativa, fluctúa entre a esperanza e a angustia.

⁵⁵ Vid. sobre saudade, o importantísimo e completo estudio de TORRES QUEIRUGA: *Nova aproximación a unha filosofía da saudade*, Discurso de ingreso na Real Academia Galega e a contestación de RAMÓN PIÑEIRO. (Abundante bibliografía alí).

⁵⁶ TORRES QUEIRUGA, A.: *Op. cit.* 16.

⁵⁷ TORRES QUEIRUGA, A.: *Op. cit.* 16-17.

Pola súa parte, PIÑEIRO, di que a saudade “*é un sentimento sen obxecto, un puro sentir, o decorrer espontáneo do sentimento ceibe de toda relación co pensamento ou coa vontade. De ahí a súa escuridade, a súa incompreensión conceptual*” (58). O mesmo autor, na súa **Contestación** ó mencionado Discurso de Torres Queiruga, atestigúanos tamén o seguinte: “*No sec. XVIII o R Sarmiento fai a primeira referencia escrita á palabra saudade, e no XIX, cando comenza a se cultivar o galego como lingua literaria escrita, aparece en algúns poetas, mais ben na forma plural “saudades”, “suidade”, “soedade”. En chegando á primeira metade do sec. XX, o tema da saudade colle unha gran presenza en Galicia, pois dá lugar a unha vigorosa preocupación intelectual interpretativa. Viqueira, Cabanillas, Risco, Novoa Santos, García Martí, Castelao, entre varios mais, escribiron sobre a saudade tratando de interpretar e definir o seu significado vivencial. Nesta etapa, sen dúbida, estivo presente a influencia de Teixeira de Pascoaes, ben coñecido da maioría deles e amigo de algún*” (59).

Hai que advertir, sen embargo, que, a pesar desa paréntese de silencio literario ó que se refire Piñeiro, a “morriña” se manifestou sempre na realidade galega, polo menos na música e cás cancións populares, que se conservaron sen apenas mudanza no transcurso dos séculos. O cal proba o seu enraizamento na nosa idiosincrasia ou no noso ambiente.

As certas intuicións dos autores citados puidera-se engadir algunha outra observación. A saudade é un estado de ánimo non refuxido, que nos envolve ó xeito dunha brétema e acompañanos persistente. E unha tonalidade afectiva que dimana dunha vaga sensación de carencia, a razón ou porqué da cal nunca chega a facérsenos clara, acada que deixa en nos un pouso de doce tristura, un sentimento de desarraigo, de orfandade, por se ver un só, desamparado ou falto daquela querencia vivencial do noso entorno familiar e de acotío de persoas e cousas que, por tan amadas, agrándanos sempre a dor da súa ausencia.

Moitos poetas líricos e aínda prosistas de tódalas literaturas sentiron, cada un ó seu modo, a “morriña”. Non é cousa de facer un “excursus” antolóxico demostrativo. Aforraremos cuns poucos exemplos. ¿Quen lle negará este sentimento a OVIDIO nalgunha das elexías que escribiu no seu desterro? Lembrémo-los dísticos daquela evocación famosa:

*“Cum subit illius tristissima noctis imago,
quae mihi supremum tempus in urbe fuit;
cum repeto noctem qua tot mihi cara reliqui
labitur ex oculis nunc quoque gutta meis...”*

Rezuman evidentes saudades moitas páxinas admirables de SAN AGUSTÍN. Referireime especialmente ás que dedica á morte do seu mellor amigo (I, 4, 9; I, y 10; I, VI, 11). Cando di:

“Sentí tanto su pérdida, que se llenó mi corazón de tinieblas, y en todo cuanto miraba, no veía otra cosa sino la muerte. Mi patria me servía de suplicio y la casa de mis padres me parecía la

⁵⁸ PIÑEIRO RODRÍGUEZ, Ramón: *Siñificado metafísico da saudade. Notas para unha filosofía galaico portuguesa*, Vigo, 1951, 14.

⁵⁹ PIÑEIRO ROGRIGUEZ, Ramón: *Contestación ó Discurso de Torres Queiruga*, cit. 79.

morada más infeliz e insufrible: todo cuanto había contado y comunicado con él, se me volvía en cruelísimo tormento, viéndome sin mi amigo. Por todas partes le buscaban mis ojos, y en ninguna le veían; aborrecía todas las cosas, porque en ninguna de ellas le encontraba, ni podían ya decirme, como antes, cuando vivía y estaba fuera de casa o ausente: espera, que ya vendrá... Sólo el llanto me era más dulce y gustoso, y el sucesor de mi amigo, en causar las delicias de mi alma” ⁽⁶⁰⁾. *¿E non alcanza o sesgo metafísico da saudade ó escribir aquelas palabras estremecidas e inolvidables: “Fecisti nos ad Te, Domine, et inquietum est cor nostrum donec requiescat in Te”?*

O famoso poema de GÓNGORA que leva o título de “*Soledades*” toma probablemente a súa denominación por este sentido nostálxico da palabra. O protagonista

*“-náufrago y desdeñado sobre ausente-,
lacrimosas, de amor, dulces querellas
da al mar; que condolido,
fue a las ondas, fue al viento
el mísero gemido,
segundo de Arión dulce instrumento”.*

Emprega tamén a palabra “*soledades*” nesa mesma acepción LOPE DE VEGA no seu romance “*¡Ay, amargas soledades...*”, que comeza:

*“¡Ay, amargas soledades
de mi bellissima Files,
destierro bien empleado
del agravio que la hice!.*

E, pois, atinada a observación de Torres Queiruga cando califica a saudade de sentimento común ós humanos, aínda que entre os portugueses e galegos cobre unha vehemencia peculiar. ¿Por que? -poderíamos preguntarnos- ¿De que fondo ancestral nos vén esta potenciación en nos da nostalgia? ¿É celta na súa orixe? ¡Non hai bases científicas para emitir un pronunciamento! Mais non faltan autores que brindaron resposta intuitiva a esta pregunta. É o caso de CARRE ALDAO, quen escribe:

“.. Resalta en los gallegos una blanda melancolía muy pronunciada cuando están ausentes de su patria, herencia de los hombres del Norte que se confundieron con la raza primitiva...” ⁽⁶¹⁾.

Tal vez o rastro máis profundo das “saudades” na nosa xente haxa de buscarse na música popular. Coma o apunta certeiraamente o propio CARRE ALDAO: “*.. Estas cantigas que se oyen en nuestras villas y montañas, a pesar de la facilidad de las múltiples vías de comunicación de*

⁶⁰ SAN AGUSTÍN: *Confesiones*, (P. Ceballos), Buenos Aites, 1946, 87.

⁶¹ CARRE ALDAO, Eugenio: *Prácticas y Costum-bres*, en *Geografía General del Reino de Galicia*, cit. 650.

hoy, son aquellas que resonaban siglos atrás y que perduran en los mismos apacibles lugares, y que por su carácter lánguido y apasionado, su vaguedad y sencillez y la melancólica extensión de las notas finales de las melodías, el ritmo lento y el tono menor que se emplea, les dan un encanto indefinible” (62).

Polo que atinxe á “retranca” -vocábulo estrictamente galego, que o Dicionario da **Real Academia de la Lengua Española** descoñece na acepción actual- procede confesar ante todo que máis é hábito adquirido que atributo étnico. E quizais unha consecuencia léxica da “suspiciacia.”

En efecto: A suspiciacia non é actitude que, por natureza, teñan os nosos paisanos, senón que foron adquiríndoa penosamente ó longo do tempo pola experiencia secular de ter sufrido engaños e soportado prexuízos, tanto individual como socialmente, por quen tiña o deber de prestadle asistencia e protección contra toda clase de abusos. Os galegos sentíronse politicamente desamparados durante moitos anos; e entre o esaxerado centralismo e a ineficiencia dun réxime administrativo deplorable, propagouse o convencemento de que padecían unha escandalosa discriminación, pese a que, como advirte AMOR MEILÁN (63): “.. *Puede afirmarse que ninguna región española contó, en el siglo XIX, tan gran número de ministros de la Corona*”... “*Busquen otros -engade- las causas de este real contrasentido. A nosotros nos basta registrarlo*” (64).

É esta sensación de abandono, percibida polas nosas xentes, a que fixo exclamar a ROSALÍA no poema nº 25 do seus **Cantares Galegos**:

*“¡Castellanos, castellanos!
Tendes corazón de ferro.
Ay! no meu corazónciño,
xa non pode haber contento,
qu'está de dolor ferido,
qu' está de hito cuberto.
Morreu aquel qu'eu quería,
e, para min, n'hai consuelo,
sólo hai para min, Castilla,
a mala ley que te teño.
Premita Dios, Castellanos,
Castellanos, que aborreço,
qu'antes os gallegos morran,
qu'ir a pedirvos sustento...”*

No mesmo libro, en poema titulado “**A gaita gallega**”, réplica doutro que Ventura Ruíz de Aguilera dedicou ó seu esposo, Manuel Murguía, con idéntico título en castelán, aínda se extremaba a suspiciacia, dicindo:

⁶² CARRE ALDAO, E.: *Op. cit.* 664.

⁶³ *Op. cit.* 511.

⁶⁴ *Ibid.*,512.

*“Pobre Galicia, non debes
chamarte nunca española,
qu’ España de ti s’olvida
cando eres ay; tan hermosa.
Cal si na infamia nacerás
torpe, de ti s’ avergonza,
y á nay qu’ un fillo despreça
nay sen corazón se noma.
Naide por que te levantes
ch’alarga a man bondadosa,
naide os teus prantos enxuga,
y homilde choras e charas.
Galicia ti non tes patria,
ti vives no mundo soya...”*

Que Rosalía incorrera en esaxeración é obvio cando reprochou a tódolos casteláns ou á súa maioría un comportamento só achacable a uns poucos:

Peca do mesmo no poema n° 21 da propia obra.

De modo similar exprésase Ramón Cabanillas. No primeiro poema do seu libro *“Da Terra Asoballada”*, que leva o aparentemente inofensivo título *¡Meu Carriño!*, tópase un, de pronto, con esta estrofa:

*“¡Non collas para chan alleo!
¡Non me leves a Castela
que non quero nada d-ela
xa que arrenegou de nos!*

%%%%%%%%

*“Berra por vilas e aldeas,
que hai que vingal-a inxusticia
dos que teñen a Galicia
axugada c-un cansil.”*

Fala tamén en *“Sobredo”* dunha:

*“Galicia encadeada con ferros de Castela “.
por fillos treizoeiros e por caciques-lobos..”*

Máis agresivo preséntasenos aínda no seu *“¡En pé!*, onde atribúe, en cambio, o “encadeamento” de Galicia a *“uns reises de Castela”*.

A causa de tantos sufrimentos e desenganos como lles deparara a actuación dos poderes públicos e dos caciques locais, era inevitable que cundirá entre os nosos paisanos a desconfianza máis

escarmentada. E con ela que se lle espertara tamén certa cautela no falar, un filtro precautorio co que medir cuidadosamente os designios e as palabras.

“*Retranca*” non é “retrechería”, é, si, en cambio, circunspección e prudente reserva.

Díxose máis dunha vez que sempre se deben de presumir “segundas intencións” tralo discurso dun galego. Non; o galego, antes de franquearse, explora con tentó cal é o verdadeiro sentir do seu interlocutor e só entón se manifesta sinceramente.

¿De onde lle venen estes hábitos? Por suposto, non dun fermento racial determinado que imprimirá marca no seu psiquismo, senón de reaccións aprendidas que se transmiten de pais a fillos pola educación e o exemplo. Son, pois, un produto cultural que superior cultura desarraiga. Non algo inscrito nos xenes, que nos vena transmitido como por herdanza.

Etnoloxicamente, se o galego puido terse distinguido nun tempo dos poboadores do resto de España, máis dun milenio de relacións exogámicas entre as diversas comunidades da nosa patria deron lugar a una mestura que as tornou indiscernibles. Non hai, pois, factor racial algún que nos poida permitir defini-la galeguidade. Temos que botar man a outros recursos para conseguir este obxectivo.

Antes, sen embargo, parece elemental cautela metodolóxica poñer en claro que pretendemos averiguar cando nos preguntamos cal é *a esencia* dalgunha cousa.



Previa indagación sobre a esencia⁽⁶⁵⁾

1. Pasar por alto o problema filosófico xeral presentado pola “esencia” cando un trata de esclarecer o que deba ser entendido como “esencia da galegitude”, parecería capricho dificilmente perdoable. Porque, en tanto non se demostre outra cousa, a esencia de un obxecto concreto haberá de ser pensada coma un mero suposto particular do que toda esencia representa. Así, pois, cando menos téndose á presentación superficial, teríamos que considerar urgente importar da Filosofía os seus resultados sobre o tema. Pero ¿saben acaso dicirnos univocamente os filósofos en que consiste a “esencia”? Non, por desgracia. Como en tantos outros casos importantes, accedemos -tamén aquí- á Filosofía en demanda dun esclarecemento radical, compartido, que nos poida brindar unha base sólida para construír; e a Filosofía non nos proporciona moito máis que aclaracións intrasistemáticas, discordes entre si. O que un filósofo mostra explicado na súa teoría, contradíceno, dándoo doutro modo, os demais na súa. Por iso, como elixir é limitarse, se decidimos tomar, sen máis, partido por unha determinada concepción, deixaremos desguarnecido o flanco para un ataque dende calquera outra ou, cando menos, restaremos forza de convicción ás nosas alegacións posteriores.

¿Como saír de semellante atranco? ¿Hai sequera esperanza de pisar chan firme? Para non emitir diagnóstico á ventura, paga a pena reflexionar sobre a especificidade do problema que debatemos e sobre as causas que determinaron a súa apreensión multilateral.

¿En que e de que modo é a esencia problema? Para responder a este interrogante, decatémonos primeiro do contrario; é dicir, daquelo en que non se manifesta a esencia como problemática, polo menos dende unha certa perspectiva ou modo. Que esto haxa de ocorrer é evidente para nos por partida dobre: Ante todo, porque distinguimos entre “idea” e “concepto” e á “idea” concibímola como “dato” inicial, como elemento coñecido, intuicional, implícito dentro dalgún

⁶⁵ *Para muchos lectores este capítulo -extractado de mi Metodología del Derecho, aún inédita- constituirá una lucubración innecesaria para sus fines. Con saltárselo y referirse a la noción de la esencia que prefieran, tienen todo hecho. Se incluye aquí para quienes aspiren a profundizar en el asunto. Lo que parece inconveniente es escurrir el bulto ante el problema.*

contexto problemático. E, en segundo lugar, porque sabemos paralelamente que a necesidade dunha indagación científica ou filosófica xurde só e en canto o saber vulgar fai, nun punto, crise; cando a “idea” que nos podería bastar para falar e ser entendidos polos demais revela un “baleiro”, unha “deficiencia” ou calquera forma particular de ineficacia práctica ou teórica cando se a quere desentrañar e concretar. Sempre, en calquera investigación, pártese dunha idea e trátase de convertela nun concepto.

2. Cando Aristóteles enfrontouse coa esencia, vale dicir, co que despois se deu en chamar así, fíxoo primeiro dando a entende-la “idea”; pero, véndoa insuficiente, procurou despois ir máis a fondo no asunto, como querendo apresa-lo escorregadizo “concepto”. ¿Foi ese o seu propósito? A “idea” enunciouna realmente con insuperable simplicidade. Nese sentido p. e., fala nos *Analíticos Posteriores* dos aspectos da investigación e cifra un en indagar “o *“que é* de algo que xa sabemos que é”* (66). A pregunta por ese “que é” tanto monta como formúlala sobre a esencia, aínda que dun xeito máis concreto e accesible; mais “ó buscado” non se o mostra máis por chamalo cun vocábulo ou con outro. O “que” inquire intelixiblemente e apunta cara a algo cun misterio no que se espera a resposta que o descubra. Outras veces, a indicación verbal destinada a notifica-lo que se denota por “esencia” presupón “iso mesmo” como unha especie de valor entendido no discurso. Así v. g., menciona Aristóteles en outras pasaxes “o que realiza unha cousa ou fai que sexa iso que é”; pero deixa aínda pendente de evidenciar quen viaxa de incógnito tras ese reticente “o que”.

En cambio, cando o Estaxirita propónse enunciar de xeito máis preciso que entende por esencia (o seu *οὐσία*, ou *εστίν*) (67) vai e vén en torno, dende enfoques distintos, non cada vez con indiscutible equivalencia. Só, iso si, fai corresponder sempre a “esencia” coa “definición”. Para él, por tanto, a **definición é a esencia feita cognoscible e a esencia, os ingredientes ónticos que fundamentan a definición.**

3. Non se crea que estas locucións ou substitutivos verbais constitúan verdadeiros conceptos, capaces de formar na nosa mente unha representación inequívoca do connotado polo termo “esencia”. En rigor, non pasamos da definición nominal e a “idea” persiste inacoutada. ¿Ou acaso “ingredientes ónticos” non equivale sinxela-mente a “algo que conforma a cousa”, a ese “o que” da cousa que xustifica a nosa demanda fronte á súa intrigante enigmaticidade? ¿É que se pode aclarar realidade algunha só con evocala baixo distinta denominación? ¿Constituirá, por ventura, verdadeira explanación filosófica a que non se valga de termos previamente lexitimados en estratos superiores do propio sistema? A obxección pon realmente o dedo na chaga. A explicación congruente da esencia dentro da concepción aristotélica esixe que un se manteña fiel ós seus mesmos esquemas categoriais. E se nunha vana pretensión de contrariar este requisito

⁶⁶ ARISTÓTELES: *Analíticos posteriores*, Traducción do orixinal grego, con notas e Diccionario hermenéutico, por Juan David García Bacca, nos seus *Textos Clásicos para la Historia de las Ciencias*, Caracas, 1968, 23 ss. 137 ss. Con interesantísimas aclaracións en páxs. 172 ss. Teño tamén presente: WARRINGTON, John: *Prior and Posterior Analytics*, Londres, 1964, 170 ss. Manexei así mesmo a traducción da *Lógica aristotélica* de AZCARATE, Patricio, comprendendo o seu tomo terceiro os *Últimos Analíticos*, Madrid, s.f. páxs. 12 ss. Igualmente tomei en conta a traducción de SAMARANCH, Francisco de R, en ARISTÓTELES: *Obras*, Madrid, 2a, 1973, 357 ss. A comparación entre unhas e outras traducións non deixa de ofrecer problemas; pero non é cousa de complicar máis o embrollo cunha versión adicional.

⁶⁷ GARCÍA BACA (Op. cit. 172 [II, 13]) traduce *οὐσία* por sustancia entitativa, xamais por esencia. Sostén que ese termo aristotélico debe incluír dous componentes: **idea e realidade substantiva**. Pero ¿qué impide dar á 'esencia' precisamente esa significación?

acodimos á linguaxe vulgar para disipa-las nosas escuridades, estaremos facendo unha destas dúas cousas: ou desertar cara a “pre-consciencia” para encubrir coa benevolente complicidade dos seus semitóns a “idea” difusa non conceptuada baixo as especies de calquera imaxe concomitante confabulada pola nosa fantasía; ou reconece-la insuficiencia da ferramenta especulativa dispoñible para facerse cargo do real. As dúas alternativas son graves. A primeira, porque implica paradoxa tratar de desentrañar un tecnicismo refuxiándose en vocábulos comúns, afectados por tódalas imprecisións que lles son anexas, en vez de remontarse na escala categorial ata as últimas nocións que, por dálle orixe, poden absorbelo. A segunda, porque se considerámo-la linguaxe coma o noso inventario universal de seres, vivencias e experiencias, fenómenos e feitos, a Filosofía faisenos presente como unha sublinguaxe con pretensións de autosuficiencia, que claudica tantas veces como, renegándoa, delate a súa impotencia saíndo do seu círculo.

Cando nos encaramos coa doutrina aristotélica sobre a “esencia”, é importante non botar en esquecemento a posición que ocupa o termo no sistema. A “esencia” é a primeira das categorías. Aínda que se reprochou ó Estaxirita a intromisión do “ser substancial” entre os diversos modos de considera-lo “ser”, resulta completamente natural comezar por aquí cando unha “esencia” está, por así dicilo, esgallada da unidade real que hai en toda “substancia”. Porque na substancia hai aspectos que non son estrictamente necesarios para constituí-la ou que nin sequera predominan nos exemplares concretos en que a mesma se realiza (accidentes, *συνμβεβηκος*); pero hai tamén certos caracteres distintivos definidores cunha perda ou cambio que implicarían transubstanciación, ou sexa, transformación da substancia dada noutra diferente. Como a “esencia” así concibida é a substancia da substancia ten sentido a “categorización” aristotélica. Agora ben, non hai que ignorar tampouco que para Aristóteles a “esencia” contén a identidade do ser e, por tanto, coa súa “identificación”, o define. Así tamén cando definimos loxicamente a un “ser” (que sexa onticamente definible) a con-xunción no concepto das notas identificadoras, extraídas antes da realidade, permite captar “aquelo en que estriba”. E a definición segundo Aristóteles obtense recorrendo ó xénero a que pertence o ente por definir e á diferenza específica complementaria. En consecuencia, dará o mesmo dicir “esencia” que “achadego e illamento da diferenza específica que identifica a un tipo de ser (a unha “especie”) entre os demais dun xénero”. Precisamos, pois, sabe-lo que entende Aristóteles por “xénero”, “especie” e “diferencia” para chegar a decatarmos das sutilezas da súa doutrina. Ensínanolo, con toda claridade, cás súas Categorias. A substancia en sentido estricto -afirma alí- é o individuo, en canto existe por si mesmo e non se pode converter en atributo de ningunha outra cousa. Chamémolo substancia primeira. Tomemos agora as “especies” formadas cos individuos (como quen integra unha clase ou conxunto) e os “xéneros”, formados coas “especies”, e teremos as “substancias segundas”. Como é lóxico, polo que resulta da súa mesma caracterización, entre as substancias (sexan “primeiras”, “segundas” ou unhas e outras) danse “diferencias”; é dicir, aspectos ou razóns de identidade entre si discrepantes. Como acoutaba Porfirio, hai “diferencias” en sentido común, en sentido propio e en sentido propísimo. As primeiras consisten en calquera variación ou disimilaridade que se descubre nunha cousa en contraste con outra ou aínda en contraste consigo mesma. (P. e., nos “hoxe” respecto a como eramos “na infancia”; “agora”, cando estamos sentados lendo, ou “antes”, cando paseabamos na rúa, etc). As segundas, fúndanse nalgún “accidente” inseparable (coma a cor dos olios, unha cicatriz, as pegadas dactilares...). As últimas consisten, en cambio, na característica decisiva que separa unha “especie” das demais dentro dun

“xénero” (68).

Hai, así, segundo Aristóteles, certos graos na escala da abstracción ou como cabería dicir máis gráficamente da “desubstancialización”. (“*La especie afirmaba o filósofo es **más substancia que el género, porque está más próxima y se asemeja más a la substancia primera***”) (69). Ai está a gama dos “categoremas” ou “predicables” ou se un prefire unha linguaxe máis actual o campo de variabilidade da substancia (70). Os sentidos que todos e cada un de tales categoremas poden ofrecer en función da súa contextura ou o que vén parar no mesmo o oficio que poden cumprir ó ser pensados sen repetición de tódalas maneiras posibles, determina as categorías. Pero (¡importa sobremodo non preterilo!) esas mesmas categorías constitúen para Aristóteles as facetas ópticas que se corresponden coas diversas acepcións do ser. Están, pois, no límite de receso das definicións conceptuais, na última e esgotada “materia” con que defini-los demais “algos” definibles.

4. De dous modos cabe evidenciar a postrema aseveración. Un, preguntándonos simplemente como teríamos que defini-la “esencia”. Como non se trata dunha definición “nominal” que sería dicilo mesmo con distintas palabras, senón de formar na mente a representación do “quid” connotado polo termo a definir mediante a integración dos seus constituíntes elementais necesarios (que iso son o xénero próximo e a diferencia específica), salta á vista como tal cousa resulta impracticable respecto á esencia. Os xéneros “supremos” non poden ter tras de si outro xénero englobante sen contradicción manifesta; logo non admiten acoutación conceptual. Non nos será dado, entón, defini-los, senón que o máis que lograremos será “ensinar como intuílos”, condicionar ó pensamento indirectamente ata que “ille” do resto do mundo o que se quere comunicar. O outro modo de confirma-lo dito estriba en decatarse de que operacións mentais hai que realizar para dar con algunha “esencia”. En rigor, o que facemos con esta mira é contrastar cada posible atributo ou propiedade do obxecto considerado ata decidir se resulta imprescindible ou non para que “sexa”. Se podemos excluír impunemente unha propiedade sen cambia-lo obxecto noutra cousa, afirmaremos que tal propiedade é accidental. Se, polo contrario, a característica se revela como intanxible, como consubstancial, imputámoslla á esencia. A esencia énos ofrecida, entón, como a captación da nonaccidentalidade na substancia entitativa. De onde deducimos que o habido en común por tódalas esencias particulares; é dicir, a esencia das esencias ten que ser paradoxalmente o nonaccidental en seres que, por definición, están desprovistos de accidentes. Na esencia, pois, non cabe outra cousa que ela mesma: nada hai que

68 SAMARANCH en ARISTÓTELES: *Obras*, cit. (páx. 233) traduce así: “Cada unha das palabras ou expresións independentes ou sen combinar con outras significan de seu unha das seguintes cousas: o qué (a **substancia**), a magnitude (**cantidad**), qué clase de cousa é (**calidade**), con qué se relaciona (**relación**), onde está (**lugar**), cando (**tempo**), en qué actitude está (**posición, hábito**), cales son as súas circunstancias (**estado, hábito, condición**), a súa actividade (**acción**), a súa pasividade (**paixón**). En breves liñas, son exemplos de substancias “home” e “cabalo”; de cantidade, “de dous cúbados de longo”, “tres cúbados de lonxitude” e outras cousas análogas; de calidade “branco”, “gramatical”. Os termos como “metade”, “dobre”, “maior” denotan unha relación. “No mercado”, “no Liceo” e outras frases similares, significan lugar, mentres que o tempo vén expresado por locucións como “onte”, “o último ano” e outras polo estilo. “Está botado” ou “sentado” significa posición, e “está calzado”, “está armado” significan estado ou hábito. Finalmente “corta” ou “queima” significan unha acción, e “é cortado” ou “quéimase” significan unha paixón”.

69 ARISTÓTELES: *Categorías*, (Samaranch), op. cit. 234.

70 *Esto escrito, encontró que similar interpretación foi feita por COPLESTON, Frederick: Historia de la Filosofía, I, (García de la Mora), Madrid, 2a ed. 1986, 284 ss.*

se poida quitar. Non obstante, coma o esencial a un ser ten que resultar alleo ou simplemente accidental a outro diferente, a “esencia” haberá de presentarse a fortiori como confundida na individualidade e inseparable dela e, por ende, como algo inexpresable (“alogs”) e virtualmente simple posto que calquera análise o destruíría. Noutras palabras: se hai “substancias” que teñen esencia e esencia “definible” non acontece o mesmo co xénero “esencia” que, sendo a designación serial dos atributos compartibles entre esta esencia, a outra e cada unha de todas, carece, por constar só de ultimidades irreductibles, de calquera factor común que non sexa o feito de estribar cada cal na súa propia e intransferible individualidade.

As conclusións son claras. A “esencia” non é conceptualizable e ha de ser respectada, deixada como “idea” e tope. En vez de nos enganar con pseudo-definicións, o único que nos cabe é poñer ós demais en transo de descubri-la por si mesmos, empuxalos ata que se sitúen na perspectiva ou perspectivas que a fan ver, indica-lo procedemento e as fórmulas metonímicas que propician a ocorrencia intuitiva. E isto foi precisamente o que pretendeu Aristóteles. Contemplou a esencia dende diversos ángulos para que as sucesivas imaxes provocaran a apreensión intencional da súa carga significativa; pero sen poder evitar que do non acoutado se extraerán tamén outros sesgos e outros designios.

En efecto; no capítulo IV dos seus *Últimos Analíticos* delata Aristóteles a súa actitude en torno á esencia manifestando o seu pensamento con estas palabras:

“De suyo se dice: 1) de todas aquellas cosas que se encuentran por principio en una cosa y además se encuentran en su “que es”; que así se encuentra, por ejemplo, una línea en un triángulo, un punto en una línea, porque en la sustancia entitativa de estas cosas entran las cosas dichas y entran además en la cuentayrazón que dice su “que es”; 2) de todo lo que, por convenir por principio a una cosa, tendrá que convenir a la expresión lógica que declare su “que es”. Por ejemplo: “recto” conviene por principio a la línea y le conviene “circular”; y al número convienen por principio par e impar, primo y compuesto, equilátero e inequilátero; y todo esto se encuentra por principio intrínseco en todos ellos, y precisamente en la expresión lógica que dice su “que es”...

“Además: es de suyo lo que no se predica ya de otro sustrato, por ejemplo, caminante o blanco, que son otra cosa diversa de eso, mientras que la substancia entitativa y todo lo que signifique algo bien “definido” no es otra cosa sino que es precisamente lo que es. Y llamo de suyo a lo que no se dice de sustrato alguno; y de por accidente a lo que se dice de algún sustrato.

“Además y de otra manera: lo que está en uno de por sí está en él de suyo; y lo que no está en él de por sí estará en él de por accidente. Pongo por ejemplo: al caminante le cayó un rayo, es cosa de por accidente, ya que no le cayó el rayo por caminar sino que decimos “sufrió un accidente”.

“Empero, si en una cosa está de por sí algo estará también en ella de suyo. Por ejemplo: si uno murió estrangulado y de por el estrangulamiento, murió de suyo por haber sido estrangulado, que no es por accidente que el estrangulado se muera.

“Así que lo que se predica en propiedad y en rigor de cosas de suyo científicamente cognoscibles y se predica de modo que esté en aquellas de que se predica o que ésas están en lo predicado, lo predicado se predica como “de por sí” y por necesidad. Por ejemplo: de la recta se predica de por sí lo recto y lo oblicuo; y del número, lo impar y lo par. Porque, dentro del mismo género, lo opuesto es o privación o antidicción, como

par es lo no impar dentro de los números en que están tales propiedades.

De modo que si es necesario afirmar o negar es necesario también que en cada cosa esté lo que tenga de suyo” (71).

5. Estas perspectivas non son únicas. Na súa teoría das causas (72), Aristóteles arranca primeiro da “esencia” (un “que é” que é), que agora evoca como “a forma propia de cada cousa”, ...”o que fai que unha cousa sexa” ...”que ha de integrar sen falta a noción daquello que ela é” (73). De aí que a esencia sexa tamén concibida como “principio” ou incluso como “razón de ser primaria”. Pero unha vez máis o Estaxirita non se satisface. **“Significar la esencia de un ser -añade en otros contextos- es significar la identidad de su existencia”** (74). E isto tanto vale como evocar un algo indeterminado e único que fai que ese ser sexa e se nos ofrezca coma o hermético “sí mesmo” que aí está.

Aínda que en tal caso, sendo o individual indefinible ou, mellor aínda, “inefable” e irreductible a coñecemento, a “esencia sería o límite infranqueable que poñería remate ás nosas reflexións sobre as cousas”. Poderíamos “tomar en conta” entón unha esencia así, renunciando a desentrañala; pero semellante actitude conduciría a despoñala da función gnoseolóxica que cumpre. Por iso, necesita Aristóteles asirse á noción de forma substancial ou forma distintiva e soste que **“cada ser constituye una unidad con su forma substancial”... que “estas dos cosas no son realmente más que una sola cosa”** (75), salvo respecto ós accidentes (ó “ser” accidental), onde “ser” e “forma substancial” difiren. **“El hombre, el caballo, todos los universales -precisa o gran filósofo-residen en los individuos; la substancia no es cierta cosa universal; es un conjunto, un compuesto de tal forma y de tal materia: la materia y la forma son universales; pero el individuo, Sócrates o cualquier otro, es un conjunto de forma y de materia”** (76). **“La forma, -prosegue; e aquí está a singularidade da súa doutrina-, entendida como pura esencia tiene partes, al igual que el conjunto de la forma y la materia; pero las partes de la forma no son más que partes de la definición y la definición no es más que la noción general, porque el círculo y la esencia del círculo, el alma y la esencia del alma, son una sola y misma cosa. Pero respecto a lo compuesto, por ejemplo, a tal círculo particular sensible o inteligible (por inteligible entiendo el círculo matemático, y por sensible el círculo de bronce o de madera), no hay definición. No por definiciones, sino por medio del pensamiento y de los sentidos es como se los conoce”** (77).

Non se escapa ó Peripatético todo o arduo problema involucrado na distinción entre partes da

⁷¹ ARISTÓTELES: *Analíticos posteriores*, (García Bacca) cit. 23 ss. Reproduzo arriba literalmente a súa versión castelá.

⁷² ARISTÓTELES: *Metafísica*, V, 2. Cito segundo a ed. de AZCARATE: México, 1954, 96. En SAMARANCH: *Op. cit.* 958 ss. Para a xénese das ideas aristotélicas, vid. sobre todo, JAEGER, Werner: *Aristóteles*, (Gaos), Madrid, 1984.

⁷³ ARISTÓTELES: *Metafísica*, cit. Libro VII, esp. 3, 6, 8, 16.

⁷⁴ ARISTÓTELES: *Metafísica*, (1006 b-1007b) IV, 3, Ed. cit. 80.

⁷⁵ ARISTÓTELES: *Metafísica*, 1031 a-1031b; ed. cit. VII, 6, 145.

⁷⁶ ARISTÓTELES: 1035B. VII, 10 Ed. cit. 155.

⁷⁷ *Ibid.*

forma e partes do agregado que con materia e forma se constitúe. Incluso subliña que integrando a definición o universal e a forma, non poderá definirse un obxecto en tanto non se teña discernido que partes nel son ou non materiais⁽⁷⁸⁾, posto que **“las partes materiales del definido no entran en la definición de la substancia, porque no son sus partes, sino sólo partes de la substancia total”**⁽⁷⁹⁾.

total”⁷⁹.

“Esta tiene una definición y no la tiene, según el punto de vista. No se puede abrazar en la materia, la cual es lo indeterminado, pero se puede definir por la substancia primera: la definición del alma, por ejemplo, es una definición del hombre. Porque la esencia es la forma intrínseca que mediante su concurso con la materia constituye lo que se llama substancia realizada”⁽⁸⁰⁾.

Para ser aínda máis preciso, Aristóteles, tras argüír que ningún universal alcanza categoría de “substancia”, pois esta é o propio a un individuo e aquela común a moitos; pregúntase como será posible definila cando, non podendo estar composta por outras en acto, debe ser algo simple⁽⁸¹⁾. A súa resposta que parece plausible é a seguinte: Das substancias sensibles particulares non cabe definición nin demostración, porque, como teñen “materia” susceptible de presentarse de moí diversos modos, de ser ou non ser, quédanse no ámbito da “opinión”, non consenten Ciencia. Mentres que o ser particular dado é un agregado de “materia” e de “forma definida” e aínda que, como conxunto, estea suxeito a destrución ou corrupción, o que nel existe como substancia formal non pode nin producirse nin destruírse e, como perenne, dá lugar a Ciencia. **“La unidad conclúe no puede ser al mismo tiempo substancia en muchos seres; pero lo que es común a todos los seres debe encontrarse al mismo tiempo en cada uno de ellos”**⁽⁸²⁾.

6. Ante tan terminantes declaracións un non pode menos de inquirir se non implica contradicción afirmar primeiro que a esencia estriba na “identidade da existencia” para terminar por descubrila agora “no que se encontra en cada un dos seres que forman un grupo e, en consecuencia, é común a todos eles”. Cabería suxerir que como a forma confire existencia á materia -; neste sentido é “causa”!- ela “é” en cada substancia realizada a “súa” esencia. Agora ben, así non se obsta unha dualidade de sesgos, xa que no primeiro caso un ser era tomado en concreto e logo se seccionaba ó mesmo, en abstracto, bisecándoo, un substrato que o divide. Por iso creo máis ben que Aristóteles fai funcionar á esencia como unha especie de variable lóxica; é dicir, mantena sempre como “idea”. Cando a refire a este ou aquel ser particulares que están aí, alude con ela á mesmidade da súa existencia individual. Cando do ser sensible pasa ó ser intelixible, ten que cifrala xa na última diferenza que dende cada un percorre tódolos membros dunha clase. Pero, claro, entón a “esencia é definible nun xénero especificado no “animal racional” que é o “home”, non en toda a súa ilimitada xeneralidade. Doutra maneira: Podemos defini-las esencias (esta, aquela, a outra); non “a esencia” como “universal”, que se dá na comunidade daquelas. En efecto;

⁷⁸ ARISTÓTELES: *Metafísica*, 1037 a, ed. cit. VII, 11, 158 s.

⁷⁹ *Ibid.*

⁸⁰ ARISTÓTELES: *Metafísica*, 1037 a; Ed. cit. 158 s.

⁸¹ *Op. cit.* 1039; ed. cit. VII, 13, 163.

⁸² *Op. cit.* 1041 a; ed. cit. VII, 16, 167.

consideremos ó “ser” en toda a amplitude sen fronteiras que lle atribúe Aristóteles. Representémolo coma o xénero supremo que remata tódolos outros. Aínda nos cabe imaxinar tamén que ten ou se compón de dous “especies” xeneralísimas: a esencia e o accidente, ou, noutros termos, “o en si” e “o noutro”. Pero ¿que é o “en si”? ¿Que é o “noutro”? ¿Poucas verdadeiras aclaracións son factibles! Quédanos dicir que o “ser en si é o que tolera ser pensado como suxeito, o que ten “autoconsistencia”, o que soporta os cambios ou recibe os modos, etc. Se non se capta a idea, todas estas fórmulas ou outras, calquera que sexan, non valen nada. Dende que se “intercepta” a “idea” (dende que se “pispa”, gustaríame dicir, lexitimando o termo vulgar castelán que non chegou, ó parecer, aínda a oídos académicos), nin son mester nin engaden nada ó intuído. ¿Que por que? ¿Porque cada noción é unha rachadura artificial e non ten en verdade última diferenza senón correlato e inherencia na súa **complementaria!**

7. No seu, por outra parte, espléndido tratado “Sobre la Esencia”, Xavier Zubiri, unha das grandes mentes que honran a Filosofía contemporánea de fala española, esforzase por reducir a concepto a efervescente marea de perspectivas que, como variacións dun mesmo tema, asume, case en cada vez, Aristóteles. Segundo a versión de Zubiri, a esencia non é outra cousa para o Estaxirita que **“el correlato real de la definición”, “el momento real de la substancia”, “su físico momento de especificidad”** ⁽⁸³⁾. Poderíamos agregar unha lista sen termo de fórmulas parecidas que nos levarían tamén cara ás veciñanzas do misterio; pero que así mesmo nos deixarían afora, sen ter rachado a brétema que o envolve. Por iso non bastan. O mesmo Zubiri vén recoñecelo de forma rechamante cando escribe: **“Esta interpretación de la esencia como algo que comprende “la” materia misma, no es la única posible, porque en este punto, como en tantos otros, las frases de Aristóteles no son fáciles de compaginar. Hay pasajes en que Aristóteles parece decir que la esencia de toda substancia es sólo la forma substancial. Pero aún en esta interpretación, la esencia no está sino en el momento de especificidad de la forma”** ⁽⁸⁴⁾.

Máis adiante chega, incluso, Zubiri a manifestar que o concepto de esencia aristotélico **“adolece, cuando menos, de una turbia ambivalencia”** ⁽⁸⁵⁾. Permítome discrepar na calificación. Aínda que Aristóteles dá a entender de moitas maneiras a onde apunta toda a súa variable terminoloxía, non se mostra satisfeito xamais con ningunha das súas formulacións e por iso non intenta presentar a unha calquera como a definitiva cristalización do seu presunto concepto. ¡Todas lle fan falla e sonlle poucas para provocar nos seus lectores unha aprehensión xemelga á que intúe; que el cerca e asedia, mais non rende! Se coidase ter alcanzado un concepto, nolo brindaría e non feriamos entón tantos motivos de perplexidade. Pero nin así aconteceu, nin podería ter ocorrido. Referida a esencia dunha cousa ó que intimamente, sen as súas irrelevancias, defínea en sí, e, por tanto, a “iso” que hai que percibir e facer constar para a súa captura, ¿como e con que notifícala sen acabar en tautoloxía? Se pola esencia definimos, ¿caberá exprésalo común denominador das esencia sen ter presuposto a esencia dalgún xeito? Vexámolo, inquirindo como se xera dita noción na nosa mente.

8. Se revivímo-lo acto mental de disección abstractiva gracias ó cal intuímos que hai algo en certos entes que se nos impón, incluso coma condición para pensalos e xulgalos sen incongruencia, advertimos de seguida que a nosa arribada forzosa á esencia se produce en canto

⁸³ ZUBIRI, Xavier: *Sobre la esencia*, Madrid, 1962, 3 s.; 75 ss.

⁸⁴ ZUBIRI: *Op. cit.* 79 s. *Op. cit.* 82.

⁸⁵ *Op. Cit.* 82.

nos decatamos da imposibilidade ontolóxica de proseguir indefinidamente certa substracción cás propiedades dun ser sen o desnaturalizar ou destruír. Así como hai cambios no suxeito que conservan o suxeito mesmo, ten que haber -e experimentamos que os hai- outros cambios que o arruinan. Así, por exemplo, ese animal, ó que vimos nacer, crece, móvese, dorme, envellece, perde axilidade, perde a vista, enferma... E non obstante segue a ser el mesmo. Nun punto morre e sentimos, moi ó noso pesar, que hai xa ante nos outra cousa, algo radicalmente distinto. Antes cambiaba tamén; pero subsistindo: o cambio actual vai moito máis lonxe, pois fai que “o que nos importaba” non subsista.

Imaxinemos que, estremando a argumentación, quixeramos ver en cada cambio, por pequeno que fose, o perecemento dunha cousa e a simultánea aparición doutra cousa distinta. ¡O mundo sería entón un inmenso calidoscopio incontrolable que ningún pensamento alcanzaría a seguir! ¡Ninguén podería simboliza-los entes con palabras! ¿Nin a que simboliza-los entes se un instante despois non existirían! ¿Como unir predicados a algo definitivamente desaparecido? ¿Que sería de tódalas comparacións e contrastes, de tódalas contas e medidas? ¿Que podería ser de cada un de nos fóra de todo eu, sempre separados do “home de hai un anaco”, nunca solidarios con ningunha intuición, con ningunha ocorrencia, con ningunha acción, con nada do que temos coma propio e máis íntimo?

9. Resulta, pois, palpable como no transfondo de, polo menos, algúns seres descúbrese un “residuo” inviolable, o último expoñente da súa seidade, cunha privación que implica o seu derrocamento. Tal irreductible substrato está neles; máis aínda, identifícaos e expresa con autenticidade, pois non son outra cousa os seres ó lévalos á súa pureza límite. ¿Pero diremos, só por iso, que a esencia consiste nese núcleo de autosuficiencia intanxible que retén tal ser no seu ser e lle impide ser outros? Non paga a pena, porque ¿que adiantaríamos con dici-lo? ¿Ou é que así melloraríamos tal vez a noción intuitiva que nos brindou Aristóteles ó segregar no ser o compartible e o exclusivo, o illado en sí e o tamén noutros? ¡Calquera ve que non! Captada a “idea” na súa intencionalidade, fixémoslo todo. Saberemos desta sorte busca-la esencia onde estea en concreto, nesta ou estoutra cousa, e aínda descifrar en que consista. Ir máis alá, ata conceptualizala como “universal” en abstracto, non nos será posible, pois a “exclusividade” é o único “compartible” no “exclusivo”.

Pese a todos estes razoamentos, non faltará seguramente quen aduza, sen darse por vencido, que a proba máis clara da “conceptuabilidade” da esencia é que esta foi xa de moi diversas maneiras “conceptualizada”; basta consulta-la obra maxistral de Zubiri para convencerse. Agora ben, sen negar, como feito, as variadas tentativas e sesgos, cábeme aínda preguntar: ¿Conveñen, en rigor, tales conceptos ó obxecto da nosa intuición ou apuntan a unha realidade diferente e menos primitiva? ¿Son definicións nominais ou reais? ¿Non introducen subrepticamente o definido? Porque se algunha destas tres condicións non se cumpre, os sedicentes conceptos da esencia fracasan nas súas pretensións e máis confirman as nosas alegacións que as refutan.

Pois ben, se algo deixa en claro a exposición e crítica de Zubiri sobre as principáis doutrinas en torno á esencia é que todas elas, lonxe de constituír un trazado de liñas fronteirizas que ille a “idea”, limitáanse realmente a practicar na mesma certas cortaduras ou extraccións e absolutizalas como a “esencia”. Vexamos, p. e., o que coa esencia fai Husserl.

10. Buscando evidencias apodécticas ¡non o esquezamos!, Husserl trata de cimentar-la súa Filosofía de tal xeito que non deixe detrás, desprotexida, toda unha serie de suposicións implícitas ou postuladas, pero sen proba. ¡Só debe ser punto de partida o que por si mesmo se nos dea como incuestionable! E esta condición cúmprea exclusivamente o “fenómeno”, vale

dicir: o que aparece como dado aí, primariamente, nos diversos actos de conciencia. Cando se proxecta sobre o fenómeno a nosa intuición intelectual con ánimo de contemplalo e describilo, tras suspender baixo paréntese, por triple redución, os resabios subxectivistas, as presuposicións teóricas e a nube de tradicións que o envolven, xurde como algo complexo, e ata problemático, que hai que purificar aínda por partida dobre, se quere ganar unha convicción irrefragable. Por un lado, será mester esquivar a cuestión vidrosa que resultaría ó interrogar sobre a “existencia” do vivenciado. Por outro, haberá que desentenderse do caso individual e (¡recorrendo no momento crítico á capital dicotomía aristotélica!) dos factores circunstanciais e adventicios, para concentrarse na pura esencia, no “eidos”. ¿Pero que é esta “esencia”? Unha vez máis poderíamos fluctuar nunha gamma de diversas interpretacións que testemuña a insurrección ó conceptual. Zubiri, por exemplo, fai consistir a esencia Husserliana na “unidade eidética dun sentido”⁽⁸⁶⁾. Noutro polo, Bochenski faina aparecer como “estructura fundamental do obxecto”⁽⁸⁷⁾. En canto a min, prefiro, como condensación máis xenuína da posición fenomenolóxica, aterme á conxunción dos elementos seguintes: 1º) A intención significativa obxectivada dunha vivencia; 2º) a súa validez universal e necesaria; e 3º) A súa concreción, irrealidade e atemporalidade⁽⁸⁸⁾.

En calquera caso, dous feitos saltan á evidencia. O primeiro é que Husserl trasladou a esencia aristotélica da súa propia sede -a substancia- a un receptáculo distinto -a vivencia fenoménica-. Tal xiro -unha reafirmación platónica- non choca co realismo aristotélico tan violentamente como parece. Por máis sólida e densa que unha cousa poida ser, a substancia que contén, informándoa, ha de obterse por abstracción, como quen extrae un elemento do seu mineral. Resulta, pois, un produto de actividade mental sobre unha materia prima dada. Por moi na cousa que estea a substancia, para dispoñer dela hai que “reducir” e “reducir”... ata deixala “intencionalmente” separada e como sendo aparte. E así, aínda cando a substancia é da cousa e a esencia da substancia, o filósofo opera e razoa sobre o que captou como esencia e como substancia. Isto, que se fai inevitable para cada un en particular, Husserl conságrao como un feito último e sen plus ultra. No fondo, limitouse a “substancializala” vivencia fenoménica. ¡Séguese servindo da esencia, tal como era entendida por Aristóteles, sen máis traballo que ler “fenómeno” onde dicía “substancia”! E, para falar con franqueza, tal intercambio de situación non é tema de menor cuantía, senón do máis parsimonioso e solemne proceso plenario. Aristóteles, cautamente, deixaba sempre a cousa “en reserva”, como orixinaria fonte informativa, para que os demais, revisando, confrontando e cambiando impresións *in situ* tantas veces como quixeran, puidesen corroborar ou desmentir en todo ou en parte o detraído por cada un. Husserl, en cambio, renega desta instancia e toma como irrecorrible ó fenómeno. Cando hai verdade no “extracto substancial” ambos sistemas poden coincidir. Pero en caso de diverxencia ¿a quen outorga-la primacía?

Para escorrerse a esta mala pasada, a este axexo da tese aristotélica, Husserl non ten máis remedio que se desfacer da cousa, como salvadora botadura que evite o naufraxio, e negarse a transcender as vivencias. O malo é que sen “cousa” ¿de onde poderá virlle á esencia husserliana a súa incondicionada necesidade? ¿Como, incluso, existen esencias e non son tódolos elementos do fenómeno libre creación da fantasía?

⁸⁶ ZUBIRI: *Op. cit.* 30.

⁸⁷ BOCHENSKI I. M: *Los métodos actuales del pensamiento*, (Drudis), Madrid, 1957,

⁸⁸ Vid. HUSSERL, Edmund: *Investigaciones Lógicas*, (Morente-Gaos), Madrid, 1976, esp. 605 ss.

Aínda que sexa exacto que as representacións teñen certa obxectividade de sentido, por canto o idioma que nolas transmite está xa socialmente feito, o seu contido, así franqueado, dista da fixeza, pois non pode menos de resultar un termo medio estatístico entre as diversas incertezas individuais. E se ben os sentidos fenoménicos son determinables en moitos casos, non o son apriori, senón aposteriori ¡e non por exploración íntima de calquera obxectividade dada á conciencia, senón mediante probas de inserción sen usurpacións dunha “idea” no universo de “correspondencias reais” que a circunda e delimita potencialmente! O dado aí non nos sorprende comparecendo na conciencia “repleto de antemán”, como se alguén se tomara xa por nos a molestia de enchelo ata rebordar con toda a súa carga significativa. En rigor, e precisamente pola súa mera “intencionalidade”, os fenómenos de conciencia adveñen a nos semellantes a receptáculos baleiros, dentro dos cales temos que envorcar porcións discontinuas da experiencia que “resulta”, traía investigación, se-lo seu xusto cociente.

O segundo feito importante que frustra a pretendida fórmula husserliana proven da súa concepción do intrinsecamente necesario e universal como contraposto ó contingente e empírico. Husserl supón que dende unha soa presenza fenoménica cábenos acceder ó absoluto por intuición eidética. Para iso disocia a significación e o seu obxecto, e obxectivando e hexemonizando aquela, convértea nun dato absoluto que ningunha vicisitude empírica pode afectar. Pero a tese é radicalmente falsa. A significación mesma, lonxe de constituír un absoluto, é o produto dunha convención e está fatalmente suxeita ás condicións en que ésta se deu e ás limitacións inherentes.

Sexan un obxecto, unha relación, calquera aspecto do real. Tomados en si, son “iso que son”, realidades puras, e nada significan. Designados, tras unha asociación pre-establecida cun signo tendente a evocalos, o signo represéntaos e significa. Pero, claro, a significación do signo non é ningunha entidade diferente ó obxecto ou realidade á que se aplica, coma cun exceso de sutileza pretende Husserl, senón ese mesmo obxecto ou realidade. Os exemplos aducidos por Husserl en contrario redúcense a inxenuos malentendidos. “*El Manco de Lepanto*”, “*el Príncipe de los Ingenios*”, “*Miguel de Cervantes*” -argúese- teñen significados diferentes, aínda que un único obxecto. ¡Nada de tal! Aquí como sempre hai realmente plena coincidencia entre significado e obxecto. O que sucede é que os fenomenólogos están a toma-lo valor semántico conxunto das expresións coma se, traía súa unión no obxecto, se mantiveran aínda como unidades separadas. Pero non; ó remate da denominación, xa non importan os feitos illados que se ían mentando, senón a personalidade identificada pola súa coordinación nun “propio”. ¡O novo significado reemprazou á mera iuxtaposición dos seus simples e os sobrepasou como unha molécula ós átomos que a forman! Se afirmamos, pois, que o significado é o obxecto, deducírase evidentemente que ningún significado poderá estar mellor acoutado e definido que poida estalo, segundo o seu modo de ser, o obxecto mesmo. E así un signo que apunte a un obxecto concreto e ben separado dos demais pode ter recibido unha significación inequívoca. Pero se a realidade á que tratamos de asigna-lo símbolo é abstracta, borrosa, ou insusceptible de axeitado deslinde, só pecando de hipertrofia semántica atoparemos precisión e validez universal e aínda posibilidade eidética nun “sentido”.

Máis aínda. Teñamos presente a evolución das especies e pensemos no termo “can”. Aparentemente coñecemos hoxe moi ben o estrito significado desta palabra. Sabemos que se refire a unha clase de seres en todo diferenciada e desprendida das demais. De pronto, atopamos un fósil dun certo animal prehistórico que se semella ó can, pero que non coincide plenamente con él. ¿Será ou non será un antepasado do can? É obvio que segundo o que consideremos esencial ó “ser can” teremos prexulgada a réplica. Pero en puridade o “ser can” non depende do

que nos queiramos ou pensemos senón do que naturalmente é. De aí que o “termo”, aínda cando conteña actualmente unha referencia imputativa bastante precisa (as dificultades reaparecen no proceso evolutivo, ó tratar de saber cando e a partir de que instante comeza o “ser can”), carece dela e tórnase vago ó somételo a traslación cara ó pretérito e ó futuro. E aínda que sexa certo que cabe sustraerse á ambigüidade mediante “esencias” convencionais, prefabricadas se estipula por exemplo: chamarei “can” a certo semovente de x, y, z, características, isto está tan lonxe do absoluto, da validez universal como das estrelas. Fóra da cousa, a esencia non só non é “absoluta” senón que nin sequera é nada! ¡No hai sentidos autónomos! ¡O sentido non é sino o fragmento de realidade explícita ou tacitamente absorbido polo símbolo!

11. Outras caracterizacións aparte por máis importancia histórica que teñan, xa tan só dedicaremos-la nosa atención á fórmula de enorme precisión aparente con que o propio Zubiri culmina a súa extraordinaria obra. A tenor da mesma, a esencia é “principio estrutural da substantividade”⁽⁸⁹⁾. ¿Triunfou Zubiri definindo “realmente” o que reputamos indefinible? Antes de examinar este punto énos forzoso, cando menos, explaya-lo sentido que atribúe Zubiri a cada unha das súas sobresaturadas palabras.

De pouco serviría, en canto explicación, o transcribir certas expresións de Zubiri que dan conta do principio como “o” “de onde” de algo no sentido do “de seu”⁽⁹⁰⁾; a estrutura coma “o carácter formal dun sistema “constructo”⁽⁹¹⁾ e a substantividade como “un sistema de notas dotado de suficiencia no orde da constitución”⁽⁹²⁾. Así, no teríamos transposto sequera o zaguán dunha doutrina sumamente complexa, onde, a pretexto da esencia, deixa Zubiri asomar toda unha filosofía madura e ben cribada. E por iso non eludiremos-lo deber de examinar e enxuciar, co detemento que merece, unha obra de tal fondura cousa dobremente apremiante para nos por española e por actual; pero será noutra sede⁽⁹³⁾, por non distraer aquí en exceso ó lector. Para este xa ben probado na súa paciencia basta recordar que Zubiri conecta o seu “principio” con certa noción aristotélica, a de apxil: aquilo do que en última instancia (Πρωτον) algo vén ... e o “de onde” mesmo (οθεν). Da triple división aristotélica entre principio de onde algo “é” (εστιν), de onde algo “deven” (γίγνεται) e de onde algo é “coñecido” ((γιγνωσχεται), Zubiri átense aquí ó primeiro sentido, por tomarse nese a esencia. Sen embargo, non habendo para o filósofo donostiarra perfecta sinonimia entre “ser” e “realidade”, procede a introducir este retoque e entender aquí “principio” como “principio de realidade”. Agora ben, a realidade foi concibida preferentemente de tres modos: como “poder” (de aí, o “así mesmo”), como “forza” (cando se fala, por exemplo, da “forza das cousas”) ou como algo “de seu”, a “nuda realidade”. O noso saber, afincado na dura realidade (adverte Zubiri), esqueceu penosamente os outros dous caracteres: Hai que devolverllos e inscribilos no “de seu”, sen lles outorgar preponderancia. É así como habería que interpreta-la citada aserción de Zubiri: ***“Principio significa, pues, el de***

⁸⁹ ZUBIRI: *Op. cit.* 517.

⁹⁰ *Op. cit.* 511.

⁹¹ *Op. cit.* 512.

⁹² ZUBIRI: *Op. cit.* 147 ss.

⁹³ *Estúdio a máis extensamente en Metodología del Derecho, que estou a rematar.*

donde de algo en el sentido de suyo” (94).

12. ¿De que modo é principio a esencia en canto algo de seu? A esencia contesta Zubiri “*es principio de las notas constitucionales y de las adventicias*”. Estas a parte, as constitucionais son “*las que constituyen la sustantividad completa de lo real*”. Por iso a esencia é principio da substantividade; vale dicir, dése “*sistema de notas dotado de suficiencia en el orde de la constitución*”. “*Dentro de este sistema, la esencia es el sistema fundante, el sistema de notas constitutivas. Y el modo como la esencia es principio, su principialidad en cuanto esencia, es ser “determinante posicional” o “funcional” de las notas de la substantividad. Este es el οοθεν el “de dónde de la esencia”*” (95).

Tamén, como principio, a esencia é, ademais, un principio estrutural. É dicir, que determina a “posición” das notas constitucionais. A estrutura non se toma aquí só en sentido transcendental, senón tamén no seu sentido talitativo. “*Los momentos estructurales de la esencia se codeterminan mutuamente en su unidad*” (96).

Para aclarar mellor o seu pensamento, Zubiri pono en correlación cos de Leibniz e Aristóteles. Opón ó primeiro que a esencia non é unha vis, senón pura estrutura, pois só por ésta hai ás veces tal vis nalgún aspecto da substantividade. E fronte ó parecer aristotélico de que a forma determine a materia, aduce que nunha estrutura “*todos sus momentos se codeterminan mutuamente*”. “*Además -prosegue- la substancia no es el ser por excelencia. Lo real es antes sustantivo que subjetual, sin que estos dos momentos coincidan formalmente, aunque puedan coincidir materialmente. “Un organismo no es una substancia; tiene muchas substancias, y substancias renovables; mientras que no tiene sino una sola sustantividad, siempre la misma*”. Para Zubiri, “*hay substancias que son insustantivas*”: a división substancia accidente non é primaria metafisicamente, éo, en cambio, a de “*sustantivo insustantivo*” (97)

Canto ás notas “adventicias” ou “adquiridas” a esencia prefixa o seu ámbito de posibilidade que se pode entender como “potencia” respecto ás esencias que Zubiri denomina “pechadas”; pero respecto a unha esencia “aberta” (coma o é a do home), a posibilidade non se confunde coa potencialidade. O home para as mesmas potencias posúe distintas posibilidades. E se a potencia se “actúa” meramente, a posibilidade realízase por “aceptación ou “aprobación” (98).

13. Sen pasar a máis delicadas matizacións poderemos xa preguntar se a fórmula zubiriana constitúe unha definición propia da esencia. A contestación ha de ser negativa por varias razóns. En primeiro lugar, porque Zubiri mesmo se coída de face-la salvedade de que, tendo resignado as nocións clásicas de “substancia” e de “definición”, ten que “*forjar un órganon conceptual adecuado para “aprehender metafísica-mente la esencia*” (99). Valerase da linguaxe; pero só como mero índice de estruturas conceptuais. A diferenza da filosofía clásica, que fun-dou a súa

⁹⁴ *Op. cit.* 511.

⁹⁵ ZUBIRI: *Op. cit.* 512.

⁹⁶ *Ibid.*

⁹⁷ *Op. cit.* 512 SS.

⁹⁸ *Op. cit.* 514 ss.

⁹⁹ *Op. cit.* 345.

lóxica sobre o logos predicativo, en que un suxeito substancial recibía, mediante o verbo ser, posibles predicados e tiña a súa culminación na atribución da esencia, que definía ó suxeito, Zubiri afirma que, non sendo o mesmo esencia constitutiva que esencia quiddidativa, non cabe tampouco confundir proposición esencial con definición. Amén de proposicións que conteñen descrições inesenciais, hai así mesmo as que enuncian algunhas ou tódalas notas dunha substantividade. E non son, só por iso, definicións. Para que o fosen terían que cumprir dúas condicións: 1ª) Que as notas expresadas sexan materialmente quiddidativas; e 2ª) que se articulen formalmente como xénero próximo e última diferenza. As proposicións esenciais que non son definicións non agotan a esencia, senón que manteñen abertas outras posibles predicacións. Unha esencia constitutiva aprehéndese sempre de modo problemático e progrediente.” *El fin del saber esencial -establece Zubiri- no es ni intuir ni definir, sino aprehender en su unidad coherencial primaria las notas constitutivas necesarias y suficientes para que una realidad sustantiva tenga todas sus demás notas*”. Por eso -conclúe- “*caben proposiciones esenciales de una realidad individual: las que son especiables*”⁽¹⁰⁰⁾.

Estas manifestacións deixan xa en claro que Zubiri se limita tamén, coma o fixo Aristóteles, a poñer ante nos unha “idea” da esencia, segundo entendemos aquí a “idea” e segundo el entende a “esencia”. En rigor, os seus apretados termos forman como unha clave sinóptica, unha compendiada evocación das súas particulares orientacións.

En segundo lugar, non pode a fórmula zubiriana ser tomada como definición da esencia por algo moi simple: Porque aínda cando se dése por bo que a esencia consista realmente “nun” principio estrutural, nada preciso significaría o aserto mentres se fixera inevitable recoñecer que existen tamén, independentemente, “outros” principios estruturais “fóra” da estricta “realidade substantiva”. E que os hai é obvio, pois aí están coma exemplos as propias substancias insubstantivas de Zubiri e as estruturas non reais (ideais) que enchen a Lóxica e a Matemática. Como o principio estrutural da substantividade non é un xénero (segundo o mesmo Zubiri ven a confesar), nin sequera unha constante semántica, posto que, pola súa propia función, ten que ser distinto en cada esencia; por forza haberá de conter unha referencia “en branco”, inconcreta, “variable”, que só poderá recibir significación “ubicada” tras despexarse a incógnita da substantividade “neste” ou en “aquele” caso. ¿Que sentido pode ter, entón, a evocación dese principio estrutural da substantividade? Preguntémonos, primeiro, en abstracto, de onde proven ese sentido. A resposta é sinxela: Tomámo-lo termo para etiquetar algo descuberto ou atisbado na cousa. En “tal” substantividade advertimos unha presenza ou realidade emerxente aquilo que, ó xurdir, a fai e chamámolo “principio”. Pero tamén “noutra cal” unidade substantiva, distinta constitucionalmente á primeira, hai asímesmo a súa correspondente enerxía conformadora (chamémola así), que en nada se parece á anterior pois cada esencia require a súa “privacidade” e, non obstante, seguimos a denominala coa mesma palabra: “principio”. ¿Que hai de común, se algo, para xustifica-la uniformidade terminolóxica? ¿Que permanece invariante incluso ó afirmar aquilo que peculiariza a unha cousa? A resposta non pode ser difícil: O único compatible por tan radicais desidentidades é a “función” que cumpre cada unha nese proceso constitutivo da “súa” respectiva substantividade. Calquera comprende, sen embargo, que dita “función” non é o “principio” mesmo e, en consecuencia tal “principio” que é un en cada cousa, pero absolutamente distinto en relación coas demais envolve unha alusión indeterminada a unha calquera das posibilidades dun certo campo de variabilidade. “Principio” é, pois, aquí, unha “variable” ou máis propiamente, atándonos a nosa terminoloxía unha “idea”; é dicir, unha etiqueta ou

¹⁰⁰ *Op. cit.* 352.

designación “en axexo” para aplicala a posteriori en algo cando a intuición confirme que reúne as condicións inherentes. ¿Que “condicións” son estas? t'Baixo que requisitos poderemos decidir que un determinado “quid” é “principio”? Notoriamente esa condición ha de ser xeral para que resulte válida en cada caso, pero só aplicable vez a vez, traía pertinente verificación intuitiva de que se dá en concreto. De onde se deduce sen dificultade que semellante condición xeral non pode ser outra que a “función” protagonística desempeñada por “algo” ó constituír unha substantividade. E se ese “algo” se reputa “principio” ou “esencia”, no hai variación, porque sempre teremos que encontralo coa mesma regra e esta non é nada sen o seu adimplemento intuitivo. Estamos, pois, aquí, en situación análoga á que viven os xeómetras cando se propoñen defini-la recta. Sendo o criterio de rectitude unha existimación intuitiva calquera intento de vértelo en conceptos está condenado á esterilidade: ou o presupón ou se perde no vacuo⁽¹⁰¹⁾.

En terceiro lugar, Zubiri fai, como Husserl, un cambio de correlato na esencia. Aristóteles radicábaa na substancia; Zubiri radícaa na substantividade.

¿Que diferenza hai realmente entre ambos puntos de vista? Pese a tódolos esforzos do filósofo español e ó seu absoluto dominio da ferramenta filosófica, non é nada doado o deslinde. En todo caso, para capta-las disidencias e concordancias que se puidesen dar, vexamos, primeiro, como Zubiri accede á súa noción de substantividade.

O punto de partida está nunha previa acoutación do que denomina “*ámbito de lo esencial*”, que identifica “coa realidade” e que caracteriza pola súa capacidade de actuación sobre outras realidades ou, incluso, sobre sí, en virtude das súas notas⁽¹⁰²⁾. Os minerais, as montañas, as galaxias, os seres vivos, os homes, as sociedades (enumera Zubiri) son cousas reais. Non o son, en cambio, unha mesa, a facenda agraria etc., pois se actúan sobre outras cousas, fano polas súas notas materiais (por ser de madeira, v. g.) non pola súa disposición formal. As cousas reais admiten esencia; as “cousasentido”, só concepto.

Tras esta primeira segregación, Zubiri pregúntase aínda cal é a realidade “esenciada” e responde que a realidade *simpliciter*, ou realidade verdadeira, non a realidade *secundum quid*⁽¹⁰³⁾. Deixemos, de momento, a un lado, o que implica o noso filósofo baixo o termo “verdadeiro”. O que nos interesa consignar é que, para el, hai unha “unidade estrutural” na realidade que conxuga tres dimensións das cousas: a súa riqueza, a súa solidez e o seu estar sendo. Non tódalas notas dun ser real concernen á unidade estrutural simpliciter: Moitas son adventicias. As que contan para o caso son as constitucionais, que forman a índole dunha cousa. A “constitución” é algo “físico”; tamén estrictamente individual, porque non hai nada real que non o sexa; pero individual “por si mesma”, non individualizada. Trátase dunha unidade dominante, primaria, dada de antemán, que forma un “sistema” pola concatenación, interdependencia e indisociabilidade das súas notas. A unidade constitucional, “*cuyas distintas notas no son sino momentos concatenados, posicionalmente interdependientes, en forma clausurada*” é o que

¹⁰¹ Para estimar se unha determinada alineación de puntos é “recta” valémonos dunha visual. Utilizamos, así, a luz como medida da rectitude, porque suponemos que se propaga en liña recta. Pero esto só sería certo no espacio valeiro como ensina a teoría da relatividade. E cousa semellante é metaempírica.

¹⁰² *Op. cit.* 104.

¹⁰³ *Op. cit.* 110.

Zubiri denomina “substantividade” (104). E aí tamén fai residi-la esencia, imaxinando que, así, a suspendeu sobre unha base diferente e menos evasiva que a aristotélica.

O malo estriba aquí en que a substantividade, pese a certas disparidades descritivas, non chega a diferir realmente da substancia ou, se difire, presupón no máis fondo.

En efecto; ¿non é a substantividade o ser en si, arrancada-las súas notas adventicias? ¿Pois como entón poderá ser algo diverso da substancia? Ben que sexa verdade (como Zubiri advirte) que o real se dea antes como substantivo que como relativo ó suxeito; pero iso non significa que Aristóteles permutase ambos momentos do real. Para Aristóteles, a substancia é o primeiro ser, nunha unidade inseparable que os accidentes, configurando a súa exterioridade; pero ocorrendo alí, supón, aínda ó encubrila coa súa aparencia. O “estar embebidos na” substancia é, por así dicilo, un “suceso” relativo ós accidentes, que toma ós accidentes como protagonistas, en lugar de outorga-lo papel preponderante á substancia. A explicación desta perspectiva aristotélica, polo demais, simplemente inicial, atópase na cronoloxía, na xénese gnoseolóxica de ambas nocións: Polos accidentes inferimos nos a substancia, non ó revés. Pero, no dado, o primario é a substancia, que en Aristóteles significa tamén, sobre todo, o feito de ser substantiva algunha cousa, o ser que verdadeiramente é real traías aparencias que fallen (105).

Aínda onde parece que a discrepancia entre Zubiri e Aristóteles chega ó seu máximo, pode desvanecerse só con revisa-la interpretación do Estaxirita sobre a que o filósofo español basea os seus argumentos. Porque non debemos esquecer que a máis positiva xustificación que aduce Zubiri en prol da supremacía conceptual que asigna á substantividade en desmedro da substancia consiste en soste que “hai substancias insubstantivas” e que “un organismo non é unha substancia”, senón que “ten moitas substancias e substancias renovables” fronte a unha única substantividade (106). Pero esta maneira de ver, aparte de reconciliarse a duras penas con declaracións explícitas, terminantes, do mesmo Aristóteles non soporta a súa propia gravidade. Non se compaxina con declaracións terminantes do Estaxirita, xa que este insiste repetidamente en que os homes e os animais son substancias, mentres que as súas partes só o son en potencia, xa que non teñen unha existencia independente (107). Máis aínda; Aristóteles é categórico ó afirmar de maneira inequívoca que “non hai ningunha substancia composta de substancias” (108). Por outra parte, a idea dunha substancia “renovable” implantaría unha contradicción na doutrina aristotélica. A substancia habería que vela no que persiste no cambio e o soporta, non en calquera dos seus momentos particulares.

14. A doutrina de Zubiri non aguanta tampouco cos seus propios efectos, pois, se despoxa a un organismo do seu carácter substancial e impútase, en cambio, a substancia multiplicada ós seus diversos compoñentes, non só se esnaquizaría a unidade do ser, senón que, para salva-la congruencia, veríámonos de seguida forzados a reserva-la denominación de substancias ós

¹⁰⁴ ZUBIRI: *Op. cit.*, 143 ss. 183 ss.

¹⁰⁵ ARISTÓTELES: *Metafísica*, 1031 a; 1031 b; *ed. cit.* VII, 6.

¹⁰⁶ ZUBIRI: *Op. cit.* 157 ss.

¹⁰⁷ ARISTÓTELES: *Metafísica*, 1039 a; *ed. cit.* VII, 13, *in fine*; 1040 b, VII, 16.

¹⁰⁸ *Op. cit.* Finaliza con estas palabras o capítulo 16 do Libro VII (Cito segundo a traducción de Azcárate; pero a traducción de Samaranch é case a mesma).

elementos últimos e simples, coa incómoda secuela de non estar nunca seguros de ter utilizado lexitimamente o vocábulo. Ademais, concibida a “constitución” Zubiriana como estrictamente individual “en si mesma” (“*porque no hay nada real que no sea individuar*”) e “*por si misma*”⁽¹⁰⁹⁾; como “*el modo intrínseco y propio de ser física e irreductiblemente “uno*”⁽¹¹⁰⁾; supón unha abstracción, dubidosamente firme, unha insularización pouco convincente de algo que, ó sumo, é “peninsular” e conectado a esa totalidade indesmentible do Universal coñecido. A sabendas ou non, Zubiri pon entre parénteses a dependencia, o constante intercambio e a comunicación entre os diversos fragmentos hipostasiados do Cosmos. Este é o principal reparo que hai que opoñer, ó que parece, a toda a construción de Zubiri. Se arranca do individual, unha de dúas, ou se disgrega a realidade nas súas mónadas, ou se incorre nunha segregación artificiosa, intrinsecamente inestable. Vexámolo cun exemplo. Consideremos como “individuo” a calquera “ser vivo” este home, ese animal, aquela planta.

¿En que estriba a “súa” vida? Salta á evidencia que calquera das funcións vitais ten lugar a expensas de algo exterior que se vai facendo propio ó tempo que algo interior se desasimila e devolve ó ambiente. Posto que todo ata o pensar consume enerxía, afianzarse na existencia, “ser no estar a ser”, ten que consistir nun tomar e, por ende, nun deberse a iso que se toma do Universo. Así, pois, esixindo a mesma substantividade cambio e intercambio, non pode menos que postula-la “substancia” que soporte un e outro incólume.


15. Aparte das alegacións filosóficas, teríamos, como xuristas, que propoñer a Zubiri outra cuestión adicional: ¿Forma, ou non, parte o Dereito das cousas reais ou é simplemente unha “cousa sentido”? Aplicando os patróns clasificatorios que brinda o mestre español, o Dereito “positivo” parecería quedar nunha “terra de ninguén” entre realidade e pura significación. Como feito polos homes, parece una “cousa sentido; pero no que ten de instintivo e social⁽¹¹¹⁾ sublevase contra esta “idealización” e reclama ser contado entre o “real”. ¿Alberga, ou non, entón, unha “esencia” o Dereito? ¿Ou acaso haberá que reduci-lo a “concepto”? ¿A cuestión non para en bizantina, nin moito menos! Pois se o Dereito quedase esgotado en só o seu concepto ¿como nos poderíamos subtraer a unha arbitrariedade inevitable?

O mesmo argumento é aplicable á “galeguidade”. A galeguidade é, como veremos un feito, unha realidade patente, aínda que como todo, poida ser efímera. Pero mentres é, é; aínda que poidamos dubidar en que consista. Polo pronto, hai que cifrala en certa *coparticipación nunha tarefa por virtude dun consenso afectivo a unha realidade* variable sublimada, que xa veremos como se expresa.

¹⁰⁹ ZUBIRI: *Op. cit.* 137; también, 183 ss.

¹¹⁰ *Op. Cit* 140.

¹¹¹ O “dereito vivido”, que como hei mostrado en “*Nueva Versión sobre el Derecho*”, Santiago, 1977, 34 ss é máis extensa porción do xurídico, ten exactamente esas dúas condicións.



Sesgo categorial da galeguidade

1. Nun traballo xa non recente sobre “*O ser do Estado e as súas repercusións pragmáticas: Estado de Dereito*”⁽¹¹²⁾ puxen de manifesto como no estudo das obras humanas o tratamento lóxico esixe fixar con antelación o *sesgo categorial*, é dicir, a perspectiva ou enfoque ontolóxico en que se contempla o obxecto. Pois cométese un sofisma moi común nas Ciencias sociais cando se xulgan as cousas saltando, segundo conveña, dun a outro sesgo categorial.

Con anterioridade, comentara noutra sede⁽¹¹³⁾ unha famosa discusión sobre as formas políticas: a que narra HERODOTO no Libro III da súa *Historia*, n.ºs. LXXX e ss. onde os septenviros persas, despois de dar morte ó usurpador Esmerdis, debaten sobre a futura Constitución que darían a Persia. Otan es, situándose nun plano estatístico, pronunciase contra a monarquía, polos frecuentes abusos de poder en que incorren os reis, e, en cambio, para favorece-la fórmula republicana, idealízaa, describíndoa non como acostuma a resultar, senón como *podería* ser se fose como *deberá*. Megabizo, pola súa parte, para preconizar un réxime aristocrático, poñía en evidencia os desmáns do populacho e a súa cegueira, e ponderaba tódalas vantaxes dun goberno *dos mellores*, sen analizar como era posible chegar a él. Finalmente, Darío, imaxinándose un rei *perfecto*, fiel sempre ós seus deberes, demostra que ningunha outra forma política pode competir coa monarquía.

Tódolos interlocutores, por tanto, contraporían inconscientemente ós *feitos estatísticos*, que, por simple entropía, dan lugar a conformacións moi imperfectas; imaxes de situacións utópicas onde reinara o *deber ser*.

¹¹² Publicado na *Lei*, nu 358, Febreiro de 1982.

¹¹³ Vid. “*La Ciencia del Derecho ante la crisis de las formas políticas*” na miña *Nueva Versión sobre el Derecho*, Santiago, 1977, 203 ss.

Este comportamento é paraloxístico: Para discutir cientificamente, os temas débense enfocar sempre dende idéntico sesgo categorial, sen tránsitos dun a outro.

De aí, a presentación que se irá ofrecendo en adiante ó problema da galegitude.

2. Vexamos, primeiro, as perspectivas en que nos podemos situar ó procurar contestación ás preguntas: *¿Que é Galicia hoxe?* *¿Cando se é galego?*

O artigo 1,1 do *Estatuto de Autonomía para Galicia* brinda unha resposta *normativa* á cuestión, ó dicir: “Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ó seu auto-goberno, de conformidade á Constitución Española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica”.

Excusa dicir que a proposición precedente nin define, nin, tratándose dun *propio*, podería definir a Galicia. Realmente, dá por suposto que todos coñecemos-lo alcance do suxeito oracional e que, por iso, maior indicación resultaría innecesaria. En cambio, engádense unha serie de *nomes comúns*, igualmente indefinidos, como “nacionalidade histórica”, “Comunidade Autónoma” e “autogoberno”, que, ó non precisarse, deixan ó precepto cun valor informativo nulo.

O artigo 2, 1 adopta, en canto ó territorio unha actitude asaz diferente: “*O Territorio de Galicia -alecciónanos- é o comprendido nas actuais provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra*”.

Aquí véñse sancionar unha previa situación de feito, que se predeterminaran eficazmente por un R. D.

En efecto: o R. D. de 30-XI-1833 dividiu o territorio nacional (Península e Illas adxacentes) en 49 provincias que, habendo de toma-lo nome das súas capitais respectivas, excepto as de Navarra, Álava, Guipúscoa e Biskaia, conservaron as súas denominacións tradicionais.

Os límites de cada provincia fixéronse en anexo ó R. D. Os das provincias galegas quedaron así:

A Coruña. “Esta Provincia confina polo N. e O. co Océano Atlántico, polo S. coa Provincia de Pontevedra, e polo Este, coa de Lugo.

Os seus límites O. e N. son a costa do mar Océano dende a desembocadura do río Ulla ata o cabo de Vares ou punta da Estaca.

O límite E. empeza neste punto, e segue cara ó S. pola división de augas ós ríos Mera e Sor pola cordilleira da Faladora ata o monte Cajado. Continúa polo remate oriental do territorio da vila e parroquia das Pontes de García Rodríguez, curtando o río Eume pola ponte de Manciñeira, dende a cal diríxese a liña divisoria á altura de Castrillán, sobre a parroquia do Aperral, que debe pertencer a esta Provincia. Despois, os límites son naturais, e pasan pola división de augas ó Eume e ó Ladra, buscando o Marco de Curra, o Serrón de Lobo, alto do Candieiro, a serra da Loba e ermita de San Victorio, que ciñen a parroquia de Xestoso; segue ó E. de Cambas, pola división de augas ó Mandeo e ó Parga, dirixíndose á serra chamada Cordal de Montouto e altura da Mamoá de Buño, sobre o lugar de Curvite. Corta a estrada de Madrid á Coruña ó O., e non lonxe da Leguaría, que sinala oito leguas de distancia de dita cidade; elévase ata as alturas da Cova da Serpe e do Campelo; pasa despois polo desfiadeiro das Pías e segue ó E. do lugar de Portosalgueiro a busca-lo monte de Corno de Boi pola división de augas ó Furelos e ó Narla, dirixíndose de seguida polas alturas do Pilreo, Cairón e Mámoa de Losoiro, que a dividen, ó Furelos e ó Pambre, e dende a Mámoa continúa polos montes da Bacariza, que as dan ó Pambre e ó regato de Róseco, ata a confluencia daquel río co lilla. Segue polo S. dende este punto o

curso do mesmo río ata a súa desembocadura no mar, que é onde principiaron os límites O. e N.”

Lugo. Confina polo N. co Océano Atlántico, polo E. coas Provincias de Oviedo e León, polo S. coa de Ourense, e polo O. coa da Coruña.

O seu límite N. principia na ría de Ribadeo, e segue a costa cara ó O. ata o cabo de Bares e punta da Estaca.

O seu límite O. comeza neste punto, e segue ata o S. pola división de augas ós ríos Mera e Sor, pola cordilleira da Faladora ata o monte Cajado. Continúa polo remate oriental do territorio da vila e parroquia das Pontes de García Rodríguez, cortando o río Eume pola ponte de Maciñeira, dende a cal se dirixe a liña divisoria á altura de Castrillán sobre a parroquia do Aperral, que debe pertencer á Provincia da Coruña. Despois os límites son naturais e pasan pola división de augas ó Eume e ó Ladra, buscando o marco de Curra, o Serrón de Lobo, alto do Candieiro, a Serra da Loba e ermita de San Victorio, que ciñen a parroquia de Xestoso. Continúa ó E. de Cambas pola división de augas ó Mandeo e ó Parga, diríndose á serra chamada Cordal de Montouto e Altura da Mámoa de Buño sobre o lugar de Curvite. Corta a estrada de Madrid á Coruña ó O., e non lonxe da leguaría que sinala oito leguas de distancia de dita cidade, elévase ata as alturas da Cova da Serpe e de Campelo. Vai logo polo desfiladeiro das Pías, e segue ó E. do lugar de Portosalgueiro a busca-lo monte de Corno de Boi pola división de augas ó Furelos e ó Narla, dirixíndose de seguida polas alturas do Pilreo, Carrión e Mamo de Losoiro que as dividen ó Furelos e ó Pambre, e dende a Mámoa continúa polos montes da Bacariza, que as dan ó Pambre e ó regato de Ríoseco, ata a confluencia daquel río no Ulla, e atravesando este, toma a costa ou cordilleira chamada da Pena, situada entre as parroquias de San Martín de Ramil, San Cristóbal de Borraxeiros e os seus anexos, Trabancas e os seus, pertencentes á Provincia de Pontevedra, e Santa María do Castro de Amarante, San Xulián de Facha, San Martín e San Fiz de Amarante, que quedan nesta Provincia, ata que toca ó cume do Farelo, da cal pasa á do Penedo ou Castro das Somozas sobre Santa Cristina de Áreas, continuando de alí ó Salto de Agoela entre San Estéban deste nome e San Mamede do Salto, que pertence a Lugo.

O límite S. comeza na cordilleira do Faro ata o monte da Martina, sobre Oseira, do cal baixa pola cordilleira meridional ó Búbal, e pasando polas parroquias de Temes e Bubal vaise unir a este río, preto de Olleiros, dirixíndose coas súas augas ó Miño na confluencia do Sil. Continúa este último río ata Barja de Fojende, e alí apartase da súa marxe esquerda para toma-la parroquia de Santa María de Torveo e a liña culminante da serra de Moas ata a confluencia do Bibey co Sil proximamente, deixando para esta Provincia nas súas vertentes cara ó Sil, as parroquias de Torveo, Clodio, Rairos, Piñeira, Peites, Figueiredo e lugares anexos da parroquia de Bendollo, situados na cañada do río: e despois de atravesalo Bibey, e de toma-lo anexos de Monte-xurado, volve a toma-lo Sil e rematar na ponte Cigarrosa; segue de alí ata a orixe do Soldón e do Bisuña, tomando a estribación que pasa ó O. de Roblido e San Xulián do monte, e continúa por Cereixido Soldón e a Seara, que quedan a esta Provincia, ata unirse ós montes do Revollo do Rosal.

O límite O. é a fronteira de León e Oviedo ata a veiga de Ribadeo, onde deron principio estes límites.

Ourense. Esta Provincia confina polo N. caa de Lugo, polo E. coas de León e Zamora, polo S. con Portugal, e polo O. coa Provincia de Pontevedra.

O límite N. empeza no desfiladeiro que media entre as parroquias de Pesqueiras e Barcia do Seixo; segue a división de augas ó Miño, ata o desfiladeiro das Antas e montes da Martina sobre Oseira, descende deste punto pola colina meridional ó río Búbal pasando polos límites das

parroquias de Temes e Búbal, pertencentes á Provincia de Lugo, cos que baixa ó propio río seguindo o seu curso ata a súa confluencia co Miño. Dende aquí, onde tamén conclúe o río Sil, servirá este de demarcación ata Barxa de Froxende, desde onde se separa a toma-lo cume da serra da Moa pola parroquia de Torveo, e atravesando o Bibey deixando os anexos de Montefinado para Lugo, volve ó Sil, e segue ata a ponte Cigarrosa. Dende este punto sobe pola cordilleira do Montouto ó nacemento do río Soldón, e vaise incorporar á fronteira de León preto de Orrios.

O límite E. é o designado ás Provincias de León e Zamora.

O S. é a fronteira do Reino de Portugal.

O O. é o río Barxas ata a súa confluencia co Miño, de onde, atravesándoo, sóbese á altura de Chandemoira polos límites orientais das parroquias de Filgueira, Ameixeiras e Oroso, pásase o desfiladeiro do Burgo, e sobe polo Pedroso á altura do Faro de Avión; descende despois ó desfiladeiro de Camposancos, e continúa polos montes do Suido ó alto que divide augas entre o Oitavén e o Miño; e logo pola cordilleira deste río segue ata o desfiladeiro de Pesqueiras e Barcia, onde empezou o límite N.

Pontevedra. Esta Provincia confina polo N. coa da Coruña, polo E. coas de Ourense e Lugo, polo S. co Reino de Portugal, e polo O. co Océano.

O seu límite polo N. é o río Ulla, dende a súa desembocadura no mar ata a confluencia do Tambre.

O seu límite E. é a cordilleira que dende este punto se dirixe á altura do Farelo co nome da Pena por entre as parroquias de San Pedro de Ramil, San Cristóbal de Borraxeiros cos seus anexos Trabancas e os seus pertencentes a esta Provincia e as de Santa Marina do Castro de Amarante, San Xulián de Facha, San Martín e San Fiz de Amarante, que corresponden á de Lugo. Dende o cume do Farelo pasa o límite á do Penedo ou Castro das Somozas sobre Santa Cristina de Áreas, continuando alí ó Salto de Agoela entre San Esteban deste nome e San Mamede do Salto, que pertence a Lugo. Segue polo cume da cordilleira do Faro, desfiladeiro de Pobladura e as Pallotas, polo monte de Peña de Francia, o Testeiro, desfiladeiro das Antas, á Pórtela de Lamas ata o que media entre as parroquias de Barcia e Pesqueiras, xunto á ermita de Santo Domingo, dividindo sempre as augas do Miño e do Ulla. Dende este desfiladeiro continúa polos montes do Suido, que as dividen, ó Oitaven e ó Avia polo desfiladeiro de Camposancos e altura do Faro de Avión, que as dan á Avia e á Tea, descende polos altos do Pedroso, desfiladeiro do Burgo, altura de Chandemoira sobre Melón, e polos confíns orientais das parroquias de Oroso, Ameixeiras e Filgueira sobre o río Miño.

O límite S. é o curso deste río ata a súa desembocadura no mar.

E o límite O. é a costa desde a desembocadura do Miño ata a do Ulla, con inclusión das illas de Arousa e Cortegada.”

Con anterioridade as provincias galegas foran sete: as mesmas catro e as de Santiago, Betanzos e Tui.

Sen entrar a debatir agora cal destas posibles demarcacións provinciais sexa preferible, o certo é que o territorio galego queda ben deslindado así, suposto ademais que á descrición verbal

corresponden trazados topográficos sobre o terreo (¹¹⁴).

A resposta, en cambio, á pregunta: ¿Cando se é galego?, non resulta no noso Estatuto satisfactoria.

O seu artigo 3,1 di o seguinte:

“Os efectos do presente Estatuto, gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia”.

A isto engade o parágrafo 2:

“Como galegos, gozan dos dereitos políticos definidos neste Estatuto os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tiveran a última veciñanza administrativa en Galicia e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España. Gozarán tamén destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitan, na forma que determine a lei do Estado.”

O disposto aquí non casa moi ben coa prevención do art. 7, que agrega:

1. As Comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galegitude entendida como o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. Unha Lei do Parlamento regulará, sen prexuício das competencias do Estado, o alcance e contido daquel recoñecemento a ditas Comunidades que en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos.

2. A Comunidade Autónoma poderá solicitar do Estado Español que, para facilita-lo disposto anteriormente, celebre os oportunos tratados ou convenios cos Estados onde existan tales Comunidades.”

Os citados preceptos non resultan moi afortunados na súa redacción. Por unha parte, ***non definen en Que consiste ser galego***, senón unicamente de que modo se ten “a condición política” de tal, cousa completamente distinta. En segundo lugar, a palabra “cidadáns”, anteposta a “españois”, sobre substantiviza-lo accesorio, suxire unha limitación que non existe. Dende tal óptica, un é inducido a crer que quen non goce dun suposto dereito de cidadanía non poderá ser galego, cando o Código Civil fala simplemente de “españois” e “estranxeiros”.

Segundo este corpo legal (art. 17):

“Son españoles:

1º) Los hijos de padre español.

2º) Los hijos de madre española, aunque el padre sea extranjero, cuando no sigan la nacionalidad del padre.

3º) Los nacidos en España de padres extranjeros, si éstos hubieran nacido en España y en ella estuvieran domiciliados al tiempo del nacimiento. Exceptúanse los hijos de extranjeros adscritos al servicio diplomático.

¹¹⁴ Síntome na obriga de recordar aquí o extraordinario Mapa de Galicia en que empregou a súa vida Domingo Fontán. Sería ben reproducilo actualizado.

4º) Los nacidos en España de padres desconocidos; sin perjuicio de que, conocida su verdadera filiación, ésta surta los efectos que procedan.”

Completa estes principios o disposto no art. 18, segundo o cal:

“Pueden adquirir la nacionalidad española en virtud de opción:

1º) Los nacidos en territorio español de padres extranjeros que no se hallen comprendidos en el n º3 del art. 17.

2º) Los nacidos fuera de España de padre o madre que originariamente hubieran sido españoles.

Los interesados podrán hacer la declaración de opción, dentro del año siguiente a su mayor edad o emancipación, ante el encargado del Registro del Estado Civil del pueblo en que residieren para los que se hallen en el reino, o ante uno de los Agentes consulares o diplomáticos del Gobierno español, si residieren en el extranjero.

Para que la declaración de opción produzca efectos será preciso que se cumplan los requisitos expresados en el último párrafo del art. 19.”

Esta expresión adoece de ambigüidade. “**Párrafo**”, segundo o Diccionario de la R. A. Española, é “**cada una de las divisiones de un escrito señaladas por letra mayúscula al principio del renglón y punto y aparte al final del trozo de escritura**”. O último parágrafo do art. 19 sería entón o que consigna o requisito 3º): “**Inscribirse como español en el Registro del Estado Civil**”. Pero o art. 18 fala de “requisitos”, en plural; logo alude notoriamente a máis dun. ¿Cal entendeu o lexislador que era o “último parágrafo” do art. 19?

Hai, ó meu entender, requisitos que se impoñen de seu, aínda que o lexislador os omita. P. e., o disposto no parágrafo 2º do vidroso artigo 19, ó dicir: “**El que pretenda adquirir la nacionalidad española habrá de tener 18 años cumplidos o dieciséis y hallarse emancipado**”; é dicir, ser maior de idade ou atoparse emancipado. O mesmo habería que soste respecto á “**renuncia previa a la nacionalidad anterior**.” ¿Excluírémolo “**juramento de fidelidad al Jefe del Estado y de obediencia a las leyes**”?

¡Tampouco parece lóxico!

Por tanto, a interpretación máis razoable do último parágrafo do art. 18, tense ó ler, en vez de *no último parágrafo* do art. 19, “nos últimos parágrafos” do mesmo.

Con estes antecedentes á vista, a condición política de “galego” aparece coma un adxectivo que cualifica inseparablemente a “español”, a condición de ostentala veciñanza administrativa en calquera municipio de Galicia.

¿Que significa -urxe preguntar agora- “veciñanza administrativa”? Por desgracia, o de “veciñanza administrativa” non é, en si, un concepto xurídico positivo, senón unha inferencia. Posto que a Ley de Régimen Local forma un conxunto cos *residentes*, e divide estes en dous subconxuntos, a saber: *veciños* e *domiciliados*.

“La condición de “residente” se adquiere (art. 16, 1 LRL) en el momento de realizar la inscripción en el Padrón...”

“Son veciños los españoles mayores de edad que residan habitualmente en el termino municipal e figuren inscritos con tal carácter en el Padrón”.

“Son domiciliados los españoles menores de edad e los extranjeros residentes habitualmente en el término municipal e que como tales figuren inscritos en el Padrón municipal”.

A conclusión a deducir traía integración de toda esta serie de preceptos, non só produce decepción senón que, ademais, choca frontalmente coas máis arraigadas crenzas. Supedita-la condición política de galego a un formalismo administrativo é empobrecela e rebaixala, como se fose unha concesión dos poderes constituídos. Un é galego, en forza de certos feitos incontrovertibles -que xa veremos cales son-; e se é galego, debe ter dereito a participar nas decisións políticas que afectan a Galicia. E a **proba** ou demostración de selo, debe poder facerse con calquera dos instrumentos de convicción recoñecidos polo Dereito, e non supeditala exclusivamente ó formulismo de anota-lo nome nun padrón como veciño dun municipio.

Porque se o art. 11, 2 da Constitución mantén que “**ningún español de origen podrá ser privado de su nacionalidad.**” E se a nacionalidade non é un mero “**nomem iuris**”, unha figura decorativa, senón un “status”, un conxunto de deberes e dereitos permanentes e irrenunciabes, é inadmisíbel que se volatilicen pola omisión dun endeble requisito administrativo!

Un galego ten que ser galego, aínda que non se inscriba en padrón algún e, se acredita que o é, ten que poder ser elector e elixíbel.

O Estatuto galego fíxose por políticos e en momentos de hipertrofia política. Así compréndese que a galegitude só se definise como condición política, dende a rendixa dunha esixencia administrativa proelectoral. Polas mesmas razóns explícase a paradóxica e incongruente disposición do art. 7 que quere “outorgar” ás Comunidades galegas asentadas fóra de Galicia o recoñecemento, a **petición propia**, da súa galegitude (!) que entraña só “**o dereito** (¿?) a colaborar e compartir (¡nótese a deficiente articulación dos dous verbos, que rexen complementos distintos!) a vida social e cultural do pobo galego... que en ningún caso implicará a concesión de dereitos políticos.”

¿É que acaso necesita un galego, ou un grupo de galegos, que se lle recoñeza a posibilidade que sempre ten de realizar obras artísticas e/ou literarias e de traballar a prol de Galicia? ¡As grandes creacións dun galego sempre serán honra e prez de Galicia, aínda que non inscribirá o seu nome en ningún censo municipal e viva no ecuador ou no polo! ¡E o mesmo, en maior grao, haberá que afirmar das Comunidades galegas! Se son **galegas**, ¿que necesidade teñen de que se lles recoñeza a súa galegitude? ¡É ese o seu foro, non unha dádiva da Administración local ou autonómica!

3. Outra declaración do Estatuto que se fai inevitable contrastar é a que afirma que Galicia **foi** unha **nacionalidade histórica**. Que Galicia foi un reino consta como algo histericamente incontrovertible. Pero ¿foi unha nación? ¿Cando, ou dende cando cabe dala por tal? A solución a este problema obríganos a preguntarnos ante todo: **¿Que é unha nación?**

A resposta dista de ser doada. O concepto de nación é demasiado evanescente para deixarse delimitar sen equívocos. Tanto, que moitos autores, rendese ante a dificultade e consideran a nacionalidade punto menos que indefiníbel (¹¹⁵).

¹¹⁵ RUIZ DEL CASTILLO, Carlos no seu **Manual de Derecho Político**, 1939, 26, advirte: “Pocos conceptos ofrecen tantas dificultades como el de Nación. El problema que, en 1882, planteaba Renán, en una famosa conferencia de la Sorbona, al preguntar: **Qu’ est-ce qu’ une Nation?**, continúa abierto, e siempre preocupará su solución que, para la Ciencia, no será nunca sino relativa, aproximada e transitoria”.

En rigor, como enuncia o título dun estudio de Antonio Moles Caubet, a nación vai ligada a un consenso sobre certa vontade de particularismo ⁽¹¹⁶⁾. Pero ¿que mínimo se necesita para que se poida esperta-lo sentimento nacional? Weber fálanos de coparticipación cultural, de comunidade sentida, aínda que estas expresións non deixan de ser vagas.

Tal vez quen soubo expresar mellor o que significa o feito nacional foi Renán, nunha conferencia famosa. “Una Nación supone su pasado, si bien se resume en el presente por un hecho tangible: el consentimiento, el deseo claramente expresado de continuar la vida común. La existencia de una Nación es un plebiscito de todos los días” ⁽¹¹⁷⁾.

Na súa *Meditación de Europa* ⁽¹¹⁸⁾ ensínanos Ortega: “*El nombre “nación” es sobremanera feliz porque insinúa desde luego que ella es algo previo a toda voluntad constituyente de sus miembros. Está ahí antes e independientemente de nosotros, sus individuos. Es algo en que nacemos, no es algo que fundamos. La historia de la Polis comienza con una -real o legendaria- ktisis, fundación. Mas la Nación la tenemos a nuestra espalda, es una vis a tergo e no solo una figura a la vista, delante de nuestra mente, como era para el ciudadano la Polis. La nacionalidad hace de nosotros compatriotas e no primariamente conciudadanos. No consiste en nuestras voluntades, no vive de ellas, sino, irremediamente, existe por sí como una realidad natural. Es en este sentido un fenómeno menos puramente humano que la Polis si consideramos como lo más humano al comportamiento lúcidamente consciente. Claro que, por lo mismo, es más real, más firme, menos contingente e aleatorio. Todo lo que es plenamente consciente es -ni que decir tiene- más claro, más perspicuo e translúcido que lo inconsciente, pero, a la vez, más etéreo e expuesto a súbita volatilización. Viceversa, la Nación no es nosotros, sino que nosotros somos Nación. No la hacemos, ella nos hace, nos constituye, nos da nuestra radical sustancia”.*

Se a tese é certa, se a nación, como unha forma de comunidade, se manifesta como unha *realidade natural*, bastaría clasifica-las nacionalidades que nos ofrece a experiencia histórica, connota-los elementos comúns sempre compartidos, para lograr da mesma unha definición por

¹¹⁶ MOLES CAUBET, ANTONIO: *Nación y particularismo*, en *Studia iuridica*, nº 2, Caracas, 1958, 387 ss.

¹¹⁷ RENÁN, E.: *Op. cit.* (Edición española del Instituto de Estudios Políticos, cun Estudio Preliminar de J. Fueyo). Na súa *Filosofía del Derecho*, (43 ed. Barcelona, 1975, 802) LEGAZ LACAMBRA, L. obxecta estas afirmacións de Renán dicindo: “...Una nación no es... un plebiscit de tous les jours, pues todo plebiscito implica la posibilidad de decir *no * en el momento que a uno le place’. E para confirma-lo seu aserto, engade Legaz: “... Los vínculos de la comunidad nacional no sólo se extienden por la superficie horizontal del presente, sino que se sumergen en el pasado y se prolongan hasta el futuro; en este sentido puede afirmarse que la esencia de la nación es una continuada tradición”. Isto é exacto; pero non por iso deixa de ser verdadeiro o dito de Renán, pois as tradicións tamén se perden. RUIZ DEL CASTILLO: *Manual de Derecho Político*, Madrid, 1939, 35, ponderou esta posibilidade con palabras inesquecibles: “La relajación del poder de empresa, la falta de un ideal común - programa- y de un poder que lo ejecute es causa de que retoñen los ideales minúsculos y de que así se justifique otra vez el clanato o el provincialismo superado. Perdido el rumbo y el timón, ¿qué significa la nave con su potente realidad?, ¿qué el capitán con su imponente autoridad? Cada uno procura salvarse solo, y el *;sálvese quien pueda!* es, en efecto, consigna simultánea de disolución y de esperanza. ¿Qué es una Nación? En tal caso, una empresa frustrada y una ocasión perdida”.

¹¹⁸ ORTEGA E GASSET, J.: *Obras Completas*, IX, 2a ed. 1965, 271 ss.

comprensión (¹¹⁹). Separados, así, os atributos superfluos, que, pola súa accidentalidade, poden atoparse ou non, os esenciais ou indeficientes evidentemente a identifican.

Formulada unha definición, comproba-la súa validez consistirá só en verificar empiricamente se é aplicable, ou non, a tódolos casos historicamente coñecidos. Aínda que, claro, absténdose de xulgar aqueles que pode nubrar actualmente a paixón política.

A definición que eu propoño é esta: ***“Nación é unha comunidade hermetizante con vontade transpersoal de diálogo político en inveterada familiaridade e tradición cooperativa estabilizada”***.

Os termos empregados requiren algunhas aclaracións para a súa intelixibilidade plena.

Dícese “comunidade”, en contraposición a “sociedade”, para re-salta-lo carácter “natural” da mesma. Non é, en efecto a nación, un invento social humano, unha especie de artefacto deliberadamente proxectado e realizado polos homes, senón creación instintiva, espontánea, determinada pola nosa insuficiencia para sobrevivir illados. Como a nacionalidade non depende dunha determinada masa de poboación, senón de constituír, ou non, unha unidade mínima resistente ó medio, remontándonos á prehistoria, vemos o seu xerme nas tribos, nas bandas ou na familia.

Atribuímos á comunidade e ó sentimento nacional certa tendencia ó hermetismo, en canto establece una distinción marcada entre propios e estraños, entre quen forma o grupo, co que un se entende e colabora, e quen é alleo a él, que se mira con receo, suspicacia, rivalidade e potencial antagonismo.

Falamos de vontade transpersonal de diálogo político, porque existe no grupo, máis alá da cooperación económica rutinarizada -e polo mesmo irreflexiva- unha pretensión difusa en xestación tendente a diminuí-lo coeficiente de disipación do sistema. Na medida en que este sentimento, inicialmente incipiente e impreciso, se concreta e racionaliza, a nación vai converténdose en organización política.

Preconizamos unha “inveterada familiaridade e tradición cooperativa estabilizada”, porque o sentimento nacional é lento no seu arraigo e se propaga cunha celeridade que flúe en razón inversa co número de partícipes.

Sentadas estas premisas, pode xa ter sentido preguntarse se é Galicia unha “nacionalidade histórica”, como o afirma o Estatuto autonómico.

Despexemos, primeiro, en que sesgo fixo o Estatuto tal afirmación.

Ó meu xuízo, a proclamación estatutaria é un eco do art. 2 da Constitución vixente, onde se le:

“La Constitución se fundamenta en la indisoluble unidad de la Nación española, patria común e indivisible de todos los españoles, e reconoce y garantiza el derecho a la autonomía de las nacionalidades e regiones que la integran e la solidaridad entre todas ellas”.

Este artigo, ó presupoñen aparentemente que España, como Nación, está formada por “nacionalidades” e “rexións”, deu pé a que o noso Estatuto colócase a Galicia entre as primeiras,

¹¹⁹ Segundo os léxicos, unha clase ou conxunto pódese definir ou **por extensión**, é dicir, enumerando tódolos seus membros; ou **por comprensión**, ou sexa, por referencia ás propiedades que a identifican, por darse neles e só neles.

xunto con Cataluña e o País Vasco. En sesgo deóntico, se a nacionalidade vale como cualificación xurídica, como unha especie de honra deferida pola lei, entón non nos presenta ningún problema de verdade-falsidade. Non nos enfronta cunha cuestión de feito, senón unicamente cunha de Dereito. En cambio, se o aserto proposicional atende a clasificar as rexións de España segundo foran o non foran nacións, o estar entre unhas ou outras dependerá dun feito histórico, susceptible de resultar xa verdadeiro xa falso, e alleo totalmente, por ende, á vontade do lexislador.

Na primeira hipótese -que carece de todo interese para a nosa pesquisa-, non se pretende afirmar nada do pasado galego: brindase orientación de presente a futuro, *para que sexa de certo modo algo que aínda non é*.

Esta hipótese ten, sen embargo, escasas probabilidades. Os redactores da Constitución, ante unha materia proclive a conflitos, optaron por unha fórmula transactoria, aínda ó coste prohibitivo de inmolar á Lóxica. O resultado é ... o absurdo latente e un simple aprazamento das tensións larvadas.

Fálase *da* “Nación española” como “unidade indisoluble” e fundamento do orde constitucional e é concibida como “patria común e indivisible de tódolos españois”; ben que, a liña seguida, menciónanse as “nacionalidades e rexións que a integran”.

No noso idioma, empero, “nacionalidade” significa *o feito de ser nación*, de modo que, traía Nación española, aparecen, como partes, outras nacións. O cal induce a indagar: ¿A “unidade indisoluble” predícase de toda nación ou só de España? Se o primeiro, tamén as “nacións-partes” gozarían desta calidade, aínda téndoa xa perdida por terse incorporado a un conxunto máis amplo. Se o segundo, a diferenza establecida ten o achaque de arbitraria. Pois ¿por Que a unhas nacións e non a outras se lles atribúe esa unidade indisoluble?

Para colmo, a Constitución foi promulgada cando xa a Comunidade Europea era unha realidade adveniente e unha aspiración de España. ¿En que iría, pois, a parar no futuro, esa unidade indisoluble? ¡O mesmo que unha gota de auga no Océano!

A segunda hipótese é a que nos atinxe. ¿Foi Galicia realmente unha Nación en algún período da súa historia?

Como vimos anteriormente, en ningún momento da evolución histórica descrita se pode dicir que existirá o sentimento de comunidade hermetizante nin a vontade transpersoal de diálogo político en inveterada familiaridade, nin tampouco a tradición cooperativa estabilizada.

En efecto: antes da conquista romana, o territorio galego actual, indiviso respecto á Península, estaba ocupado por unha serie de tribos diferentes, sen sentimento algún de unidade, aínda que se aliaran ocasionalmente ante un inimigo común.

Despois da conquista romana, a provincia denominada Gallaecia e os seus conventos xurídicos non coinciden, senón que desbordan amplamente a Galicia actual. E entre os habitantes daquela provincia, calquera que sexa a parte que un seleccione, non hai rastros dun afán compartido que poida significar un proxecto unificador.

Na *primeira metade do século V da era cristiãa escribe Orosio a súa Historia*, contra los paganos. E aínda que demostra en varias pasaxes da súa obra os seus sentimentos patrióticos

respecto a Hispania (¹²⁰), non reacciona do mesmo modo ante aquela provincia romana que se chamou Gallaecia, seguramente porque non a concibía como Nación.

Durante a ocupación sueva, tampouco puido forma-lo sentimento nacional, porque a resistencia dos hispano-romanos se mantivo localizada e os suevos, unha vez establecidos no territorio que pasou ás súas mans (¹²¹), non parece que extremaran a opresión (¹²²). Un texto de Orosio suxire o contrario. Di: “*Fue invadida España, sufrió muertes e devastaciones; pero nada... que no hubiera sufrido antes... Además, después de estos estragos, los bárbaros, continuamente denigrados, han convertido sus espadas en arados y a los romanos, que han quedado, los tratan como aliados y amigos, de suerte que se encuentran ya entre ellos algunos romanos que prefieren vivir entre los bárbaros pobre y libremente, a sufrir las angustias de los tributos entre los romanos*” (¹²³). Orosio parece usa-lo vocábulo “romanos” no mesmo sentido en que empregamos aquí “hispano-romanos”. Pero, en calquera caso, o termo é sintomático, pois revélase como *única* referencia racial ou nacional.

Tampouco durante a Reconquista cabe descubri-lo inicio dun sentimento nacional galego. Nin Ramiro, coas súas preferencias por Galicia, onde xa gobernara en vida do seu pai, nos seus apenas sete anos de reinado; nin Ordoño, envolto en continuas guerras, nin aínda Alfonso III el Magno, que, nacido acaso en Santiago, e rexente de Galicia dende os catorce anos, por decisión de Ordoño, o seu pai; puideron contribuir a crear en Galicia conciencia de unidade. Os condes galegos, poderosos e levantiscos, contaban con forte apoio popular (¹²⁴). Froila, por exemplo,

¹²⁰ Vid. TORRES RODRÍGUEZ, C: *Paulo Orosio: Su vida y sus obras*, na Colección Galicia Histórica, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Penosa” e Instituto “Padre Sarmiento” de Estudios Galegos, Santiago 1985, 20 ss. onde demostra a súa orixe hispana e o seu probable nacemento en Braga. Argüe sobre o seu patriotismo, que resulta indubitable polo que se refire a Hispania; pero non parece que abrigue o mesmo sentimento respecto a Gallaecia, pois doutro modo non faría propias as palabras de Proclo chamando as xentes galegas “feroces y torvas” (VI, 21,8). A tese de JANVIER, Ivés: *La Géographie d’Orose*, Paris, 1982, 171 ss. que ve como probable o seu nacemento na Coruña non é, sen embargo, desdeñable. (Vid. TORRES, C. Op. cit., 25).

¹²¹ *Discútese cal foi a porción da Gallaecia en que se asentaron. Como non hai datos históricos seguros, non me atrevo a tomar partido.*

¹²² *Con todo, non faltan autores de gran autoridade que pensan outra cousa. P. e. OTERO PEDRAYO, R. en Guía de Galicia non vacila en dicir: “Os galegos sempre consideraron ós suevos como odiados dominadores”... Vid. tamén as notas de Macías ó Cronicón de Idacio, a que se refire Amor Meilán, Op. cit. 425. Para contraste, o poema de RAMÓN CABANILLAS titulado “¡En pé!”, incluído no seu libro “Da Terra Asoballada”, onde se le:*

*¡Irmáns no amor a Suevia
de lexendaria historia,
¡en pé! ¡en pé, dispostos
a non morrer sin loita!*

¹²³ PAULO OROSIO: *SU VIDA Y SUS OBRAS*, ed. de TORRES, C. cit. 711.

¹²⁴ *Escribe MARTÍNEZ MARINA: Op. cit. 78: “Los condados de Galicia, de Castilla y de Portugal fueron los más notables, así por su extensión como por la grande autoridad de los condes; el de Castilla al principio estuvo dividido en varios distritos con otros tantos condes; titulados de Álava, Lantaron, Cerezo, Lara, de Burgos, de Liebana, de Bureba, y Asturias de Santillana. Se reunieron bajo un solo magistrado supremo desde el conde Fernán González hasta que recayó este condado en don Fernando el Magno, y se volvió a dividir igualmente que el de Galicia en varios gobiernos particulares, de que se hace mención con bastante frecuencia en los instrumentos públicos, como de los condes de Lemos, del Bierzo, de Astorga del Campo de Toro y de Zamora, de Aguilar, de*

puido disputadle o trono ó rei Magno. E Pedro Theón prestoulle axuda para que puidera recuperalo (¹²⁵). Logo elle sublevado Hermenegildo Pérez, pronto vencido. Tamén os condes Flacidio e Vitiza (¹²⁶). Pero a preocupación do rei, entre constantes guerras, é amplia-lo seu reino e repoboalo. Galicia segue desintegrada en señoríos feudais e non hai lugar a un sentimento de unidade.

Cando, despois, a consecuencia do testamento de Fernando I el Magno, pasou, como Reino, a D. García1 (¹²⁷), polo pouco tempo que tardou D. Sancho, o herdeiro de Castilla, en derrotalle e tomalle preso en Santarem, lonxe de alumbrarse entón a idea dunha nova nacionalidade, optouse pola súa incorporación ó Reino castelán (¹²⁸). Pois, como escribe Colmeiro: “*Los gallegos, descontentos del gobierno de D. García, que además de tolerar los bandos en que estaba dividido el reino, los agobiaba con tributos cada vez mayores, se sometieron sin resistencia al vencedor*” (¹²⁹).

Tampouco coa proclamación de D. Alonso Raimúndez, filio de Dna. Urraca e do seu primeiro marido, D. Ramón de Borgoña; protexido do Conde de Trava y de Gelmírez, espertou un sentimento nacional en Galicia, pois os protectores do novo rei aspiraban a que recuperase os territorios perdidos pola súa nai (¹³⁰). Relátanos Colmeiro:

Mayorga, de Saldaña y Carrión, de Trastamara, de Nájera, y otros muchos que se conservaron como en lo antiguo.”

¹²⁵ Vid. PÉREZ DE URBEL, *Fray Justo: Op. cit.* 74 ss.

¹²⁶ PÉREZ DE URBEL: *Op. cit.* 90 s. e esp. 100.

¹²⁷ MARTÍNEZ MARINA dinos a este propósito: “*El reino gótico por principios esenciales de su constitución debía ser uno e indivisible, y el rey nuevamente electo estaba obligado a jurar con la acostumbrada solemnidad la ley que le prohibía partir, dividir o enajenar los bienes y estados de la corona*” (*Op. cit.* 88).

¹²⁸ A prisión de D. García desagradou a moitos galegos e serviu de causa ou pretexto para novas insurreccións. Así ocorreu coa de D. Rodrigo Ovéquiz, que relata meticulosamente LÓPEZ FERREIRO na súa **Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela**, III, 1900, 154 ss. A quen se interese pola extraordinaria personalidade de LÓPEZ FERREIRO recomendó: SÁNCHEZ-CANTÓN LENARD, *Ma del Pilar: Apuntes para la biografía de don Antonio López Ferreiro*, en *Cadernos de Estudios Galegos*, XV, 47, MCMLX, 255 - 335. O estudo, ademais de relacionar as publicacións do biografiado, contén un interesante apéndice documental.

¹²⁹ COLMEIRO, Manuel: **Reyes cristianos desde Alonso VI hasta Alfonso XI en Castilla, Aragón, Navarra y Portugal**, I, s. f. 7.

¹³⁰ Na súa extraordinaria **Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela**, III, 317 ss, LÓPEZ FERREIRO, Antonio, describe detalladamente como D. Alfonso VI nos seus últimos momentos declarou ante os principais cabaleiros do reino a súa vontade de que lle sucederá no trono de León e de Castela a súa filia Dna. Urraca “y que, muerta ella sin contraer nuevas nupcias, pasase el Cetro .. a manos del Infante D. Alfonso Raimúndez..” (páx. 318). Comenta despois o empeño dalgúns nobres en casar a Dna. Urraca con Alfonso I, o Batallador, rei de Aragón. A voda fíxose, aínda que sen dispensa -os reis eran primos segundos e -segundo López Ferreiro- “la unión ilícita .. abrió para nuestra patria una nueva era .. de disturbios y complicaciones”. E, sen embargo, de teren, Urraca ou Alfonso I máis sentido político, poderían, coa unión de Aragón e Castela, ter anticipado a España parte da obra realizada polos Reis Católicos e aforrarlle o lamentable reinado de Enrique IV Pero, ó revés que a raíña Isabel, Dna. Urraca era voluble e sen carácter e o mesmo secundaba que facía oposición ó seu esposo. Cando o Conde de Trava conseguiu que os nobres galegos proclamasen rei de Galicia a D. Alfonso VII, contra a vontade da súa nai, Alfonso I atacou a Galicia, entón despedazada en banderías, “llevándolo todo -como di López Ferreiro- a sangre y fuego” (páx. 334). Na ofensiva acompañoulle Dna. Urraca.

“Aunque la proclamación del infante D. Alonso se hizo con el consentimiento de su madre y conforme a la última voluntad de su abuelo, disgustó sobremanera al rey de Aragón, que veía en su entonado un rival temible, y en su elevación al trono un acto de rebelión. No se engañaba, porque el obispo Gelmírez, el Conde de Trava y muchos señores, sus deudos y amigos tomaron las armas, y llevando consigo al nieto de D. Alonso VI, emprendieron la marcha para coronarle rey de León en la ciudad de este nombre, como en la de Santiago le habían coronado rey de Galicia” ⁽¹³¹⁾.

Algo despois agrega: *“La discordia civil estaba más viva que nunca en Galicia. El conde de Trava y el obispo Gelmírez perseveraban en excluir a Dña Urraca de toda participación en el gobierno y elevar a su hijo al trono de León y de Castilla”* ⁽¹³²⁾. É dicir, aínda entón, lonxe de pensar nunha segregación, a mira dos magnates rexionais era o restablecemento do reino castelán. Incluso a revolta popular que se produxo no municipio de Santiago contra Dna. Urraca e Xelmírez en 1117 non pretendía outra cousa que preserva-los dereitos do xove rei ⁽¹³³⁾.

Quen abrigaba ata tal punto a convicción da súa soberanía sobre os territorios cristianos reconquistados ó musulmán que se intitulou *o Emperador* en Cortes Xerais celebradas en León, ás que concorreron príncipes tributarios. Para el, seguramente, a España visigoda sinalaría as fronteiras do que debería se-lo seu reino.

“Coronóle -prosegue Colmeiro- el arzobispo de Toledo y le entregó el cetro, símbolo de su alta dignidad. El Imperio representaba la unidad de todos los pueblos cristianos sujetos a la obediencia a D. Alfonso VII, así castellanos, leoneses y gallegos, como navarros, aragoneses, catalanes y portugueses, para expulsar de España a los sarracenos; pero no produjo el efecto deseado por las rivalidades de los reyes cristianos, que, lejos de concebir la idea de una patria común, aspiraba cada uno a la independencia absoluta y aumentar sus estados, haciendo por su cuenta la guerra a los infieles, y retardando la obra de la reconquista por falta de concierto y superior impulso” ⁽¹³⁴⁾.

As concepcións propias do feudalismo que prevalecían entón, recollidas, incluso, na Lexislación da época ⁽¹³⁵⁾, conducían a unha representación patrimonialista do poder político. Os reis podían dispoñer do territorio que gobernaban como se tratase dun ben inmovible calquera no Dereito Privado. De aí que Alfonso VII, pese ó seu afán imperialista, non vacilase en dividi-lo seu reino entre os seus fillos D. Sancho e D. Fernando, asignando ó primeiro Castela e Toledo e ó segundo

Tal vez por isto recibiu Alfonso o apoio dos irmandiños e de Xelmírez, que lie aseguraron o éxito nos primeiros meses da invasión. Despois, cando, ante as crueldades do rei, ela abandonalle e volve a León, o Conde de Trava consegue derrotarlle e obrígalle a saír de Galicia. (Vid. López Ferreiro, Op. cit. 335 ss).

¹³¹ COLMEIRO, M.: Op. cit. 27.

¹³² COLMEIRO: Op. cit. 29.

¹³³ Véxase a súa descripción en COLMEIRO: Op. cit. 30. Unha exposición minuciosa da pugna entre Alfonso VII e a súa nai polo reino de Galicia pódese ver en LÓPEZ FERREIRO, Op. cit. 447 ss.

¹³⁴ COLMEIRO: Op. cit. 39.

¹³⁵ Referinme a estas leis en **Política. Una investigación sobre su esencia**, Santiago, 1994, 60 ss. Sobre o feudalismo remítome a SUÁREZ FERNÁNDEZ, Luis: *Historia social y económica de la Edad Media Europea*, Madrid, 1984, 115 ss.

León e Galicia. Galicia configurábase unha vez máis, así, como parte dun reino; pero potencialmente tamén como outro eventual reino máis. ¿Podía xurdir así a idea dunha nacionalidade independente? Realmente, os vínculos feudais non o permitían. Recordémo-lo verso do Poema do Cid que citamos anteriormente: “*E los condes gallizanos a él tienen por señor*”. E dicir, réndenlle voluntaria vasallaxe. Porque podían **non o facer**.

A Lei III, Título III, *Libro I del Fuero Viejo de Castilla* dicía en efecto: “... *Si algún Rico orne, que es vasallo del Rey, se quier espedir del e de non ser suo vasallo cavallero, puédese espedir de tal guisa por un suo vasallo cavallero, o escudero, que sean Fijosdalgo. Devel decir ansi: Señor fulan Rico orne, beso vos yo la mano por él, e de aqui adelante non es vostro vasallo. E si algún cavallero, o escudero fijosdalgo quisier espedir algund Rico orne, non seiendo este, que él espide, suo vasallo, puédelo facer; mas si aquel, a quien espide, non gelo otorgare, este, que el espidió, deve ser enemigo del Rey*”.

Baixo estas condicións, o alborear da conciencia nacional non era posible.

Menos aínda desde que comezan a prolifera-los Foros Municipais, que disgregan moito máis que unen e que, se representan unha barreira fronte ó poder dos señores feudais, reforzan o dos reis sobre os pobos.

No século XV Galicia é un fervedoiro de bandeiras. Pugnán os nobres contra os prelados; os prelados contra os concellos; os concellos contra os nobres, á par que oscilan frecuentemente entre uns e outros. A rivalidade entre casas nobiliarias trouxo consigo **a revolta dos irmandiños**, traía cal estaba a longa man do rei Enrique IV, que vía na exasperación xeral un medio excelente para suxeitar ós díscolos señores feudais que tiranizaban a Galicia (¹³⁶). E mentres os impulsores da insurrección popular procuraban beneficiarse particularmente da mesma e sementaban o caos na Rexión, os Reis Católicos, levando á práctica probablemente os plans do seu antecesor, dobregando a nobreza galega tanto eclesiástica como secular, impuxeron, non sen traballo e vicisitudes orde e unidade en Galicia (¹³⁷), (¹³⁸).

¹³⁶ LÓPEZ FERREIRO na súa monumental *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, cit. III, 334 ve como primeira orixe da Irmandade na coalición que formaron algúns nobres galegos contra o Conde de Traba para unirse á causa de D. Alfonso I de Aragón, el Batallador, como esposo de Dna. Urraca e restablece-lo seu dominio sobre Galicia. “Los coligados -escribe- ...en su empeño de extender la Hermandad y darle mayor impulso, solicitaron de Don Diego Gelmírez que se adhiriese a la liga. El Prelado.. en un principio anduvo vacilando... Pero al fin.. cedió y prestó su nombre a la liga, aunque con el firme propósito de ayudar y favorecer, en todo cuanto le fuese posible, al Conde D. Pedro” (páx. 335 y ss.) Máis adiante, fálanos LÓPEZ FERREIRO de dúas Irmandades, a dos cabaleiros e a dos campesinos, que sitiaron o castelo de Miño, en ausencia do señor de Traba (345 ss.). Tamén se invocou a Irmandade no Concilio de Compostela, aínda que non logrou arraigo (Op. cit. 429 ss.). Nova irmandade foi constituída polos burgueses composteláns, baixo a presidencia nominal de Dna. Urraca, para combater a Xelmírez. (Op. cit. 458 ss.). A chamada **sublevación dos irmandiños** non tivo lugar empero ata a chegada, como Arzobispo, a Santiago de D. Alonso III (segundo dos Fonseca). Precedérona numerosos incidentes que conta LÓPEZ FERREIRO con todo detalle. (Op. cit. VII, 1905, 249 ss.). Sobre a insurrección, LÓPEZ FERREIRO di: “Triste y funesta debió de ser la mortandad para muchos Caballeros; pero más terrible fue el general levantamiento promovido en toda Galicia. A tal punto habían llegado la opresión de los pueblos, el quebrantamiento de sus libertades, el abuso de sus personas y bienes, que todos unánimemente como gente desesperada se resolvieron a acabar de una vez con todos los que consideraban como causa de sus males y de su ruina”. (Op. cit. 257 ss.)

¹³⁷ Vid. en LÓPEZ FERREIRO: (Op. cit. 259 ss.) as incidencias da longa loita entre o Arcebispo Fonseca e os nobres galegos, especialmente o Conde de Camina, D. Pedro Álvarez de Sotomayor, que abrazara a causa da Beltranexa. O que custou reducilo ós Reis Católicos. E finalmente a pacificación de Galicia, gracias á introducción

A verdade o sentimento nacionalista no prendeu no noso país ata o romanticismo. E foi máis entón unha reacción minoritaria ca un movemento popular. Incluso o levantamento de 1846, iniciado polo coronel Miguel Solís e secundado por outros mandos e polos estudantes de Santiago, non estaba inspirado por pretensións nacionalistas. Como escribe Amor Meilán: “*La circunstancia de no tener el alzamiento ramificaciones en otras provincias de España y de responder a los dictados de una junta constituida en Santiago y llamada provincial del Reino de Galicia, indujo a algunos autores a dar a aquella revolución carácter separatista. Nada más lejos de la verdad, ya que el lema de la Junta, estampado clara y terminantemente en su alocución de 15 de Abril a los habitantes de Galicia, era el de Isabel II, libre y constitucional; abajo el sistema tributario; libertad, independencia nacional y Cortes Constituyentes*”⁽¹³⁹⁾.

Non hai, pois, argumento algún que permita, a tenor dos feitos, cualificar a Galicia como “nacionalidade histórica”. Reino, si o foi; aínda que por pouco tempo; pero reino e nación, a pesar dunha opinión bastante difundida actualmente, con craso anacronismo, non son unha mesma cousa. Reino é territorio ó que se entendía o poder dun monarca; e nada tiña que ver co sentimento nacional. A veces era o resultado dunha conquista militar; ás veces, dunha herdanza; outras dunha elección⁽¹⁴⁰⁾.

4. Faltos deste asideiro, ¿poderemos funda-la galeguidade atén-donos simplemente ó concepto de “pobo”?

Vexámolo, preguntándonos antes de nada *¿que se entende por pobo?* ¿Que significa a palabra pobo?

O Dicionario da R. A. da Lingua atribúe ó termo 5 acepcións: 1. Cidade ou vila. 2. Poboación de menor categoría. 3. Conxunto de persoas dun lugar, rexión ou país. 4. Xente común e humilde dunha poboación. 5. País con goberno independente.

A vista deste elenco de significados, é obvio que a única acepción que nos pode servir é a n° 3, que fai “pobo” = conxunto de persoas dun lugar, rexión ou país. Logo “Pobo galego” equivalería ó conxunto de persoas da rexión ou país galego.

Salvamos así as aparencias; pero, afondando na análise, problemas moi espiñosos viran perturba-lo noso discurso.

Escribíamos hai anos sobre isto mesmo: “O termo *pobo* constitúe unha variable semántica con dous valores extremos absolutos, ou no peor dos casos, paramétricos, e toda unha gama de valores medios tan relativos que a súa determinación é sempre provisional e está suxeita a coordenadas

da Santa Hermandad e a reorganización da Xustiza (Op. cit. 289 ss). Un resumo de todos estes combates e actuacións rexias en SUÁREZ FERNÁNDEZ, Luis & MATA CARRIAZO, Juan de, Reinado de los Reyes Católicos, Vol. XVII da Historia de España dirixida por Menéndez Pidal, 3ª ed. 1983, 305 s. y 341 ss.

¹³⁸ Vid. WALSH, W. T: *Isabel de España*, (Mestas), Burgos, 1937, 242 ss.

¹³⁹ AMOR MEILAN, M.: *Op. cit.* 509.

¹⁴⁰ *O anacronismo de semellante perspectiva resulta claramente das Partidas, onde “imperio” e “reino” son consecuencia da existencia dun emperador ou un rei. Vid. Part. II, Tit. I, Leis I, II, III, V, IX. Segundo esta última o señorío do reino pódese ganar 1) por herdanza; 2) por elección popular, a falta de herdeiro lexítimo; 3) por casamento con raíña; e 4) por nomeamento feito polo Papa ou polo Emperador. (Tirano, en cambio, é quen se apodera dun reino ou imperio pola forza, o engano ou a traizón).*

convencionais, que o uso pode alterar sen previo aviso. ¿Dubídano vostedes? Pois palpen por si mesmos a proba: Na espaciosa illa do seu fantástico relato Robinsón era todo o pobo: unha magnitude fixa, constante, durante longos anos. Na pequena illa do noso planeta minúsculo, arrastrado cara sabe Deus onde no espacio, tódolos homes somos “o pobo”, aínda que en número que cambia a cada instante. Pero ¿que é o pobo máis alá destes valores límite? ¿Hai alguén que o poida dicir? ¡Vana esperanza! *Facer parte do pobo* resólvese tanto nunha graciosa concesión dos poderosos e no privilexio duns cantos coma no recoñecemento arrancado por forza duns poucos a moitos ou de multitudes a minorías. Coteruco de Abaixo é hoxe parte de Coteruco Federal e un pobo só. Maná sopra unha racha ideolóxica que reclama a diferenciación ou estala unha contradicción de intereses e xurden coma pobos aparte Coteruco de Arriba, Coteruco de Abaixo, Coteruco do Medio e ata a cidade libre de Coteruquito a guapa. ¡Xa temos agora reivindicada a personalidade de cada pobo! ¿Logrouse, por fin, a **unidade mínima natural**? Non se fagan vostedes ilusións! Maná mesmo a patética oratoria dun gran líder galvaniza os ánimos e os mini-pobos afirman o seu xemelgismo fraternal e non admiten outra verdade que a da “súa” magna Coterucilandia.

¿Quen é, pois, *o pobo*? ¡Ou é a humanidade enteira, ou non o pode saber ninguén! E se o pobo vén parar nunha creación continuada (Lazarus) ou nun plebiscito cotián (Renán), non será sequera un feito estatístico valedeiro, senón a mesma incerteza e inestabilidade. Ó seu lado, o río de Heráclito é permanente. Aquí nunca se sabe hoxe se algún dato de onte segue valendo ou falla”⁽¹⁴¹⁾.

Se o pobo galego é o conxunto dos galegos, a tautoloxía é manifesta, a menos que definámo-la galeguidade dalgún outro xeito. Se falamos *dos habitantes de Galicia*, tanto *habitantes* como *Galicia* converteríase en incógnitas a despexar. A mesma preposición *de* entraría en conflito cunha posible *en* substitutoria. Poderíamos inquirir ó respecto: ¿Cantos habitan en Galicia son galegos? ¿**Cantos non habitan en Galicia non o son?** Ademais: ¿Cando se entende que unha persoa “habita” en Galicia? ¿É función do tempo de permanencia na Rexión? ¿**E quen terá dereito a determinar canto tempo fai a un galego?** A mesma Galicia ¿confúndese co territorio definido como tal na actualidade?

Permítanme que transcriba aínda outro fragmento da última obra que citei, onde formulaba outras preguntas torturantes. ¡Velaquí están!

*“Un jefe autocrático -escribía entón- se aventura mucho cuando manda desde la sinrazón. Si comete atropellos, las consecuencias pesan sobre él, cuya autoridad se quedará, con eso, manifiestamente desavalada. Si, en cambio, son una Asamblea popular o un Parlamento los que incurren en arbitrariedad, su excusa está preparada de antemano: *La mayoría se ha pronunciado así; luego ese es el Derecho; y basta*.”*

*¿Y qué les cabe hacer entonces a las minorías disidentes, sojuzgadas y acaso reprimidas con ensañamiento por una injusta malevolencia mayoritaria? ¿No les reconoceremos el derecho a la secesión, a reclamar una parte de tierra, proporcional a su número, para erigir allí su propio *Estado* autónomo, organizado según su criterio? *¡Eso, jamás; -se contestará-; porque la Nación o la Patria forman una unidad indivisible! ¿Indivisible? ¿Por qué? ¿Es el territorio para el pueblo o el pueblo para el territorio? ¿Define el*

¹⁴¹ LOIS: *Nueva versión sobre el Derecho*, Santiago, 1977, 213.

territorio al pueblo, o viceversa? ¿Es forzada la pertenencia a un pueblo o posible incorporarse al que uno prefiera, si se nos muestra hospitalario? ¿Nunca podrán los marginados de un país formar otro allí mismo?

Ante tan enrevesadas preguntas non se sabe como saír ben. *Pobo* e *maioría* son termos cun significado e xustificación que tenden a enredarse nunha estraña petición de principio. Se *pobo* se confunde con *humanidade*, desaparecerán os equívocos extensionais; pero tamén o plural con eles. Habería, entón, **de dereito**, só un pobo no mundo e teríamos que descalificar como tales a cantos hoxe ou onte usaron este nome. A vontade do pobo constituiría unha incógnita; a *maioría* nunca se tería fixado e menos consultado. Tódalas supostas decisións maioritarias que lexitimaron Constitucións ou cambios políticos acá ou acolá serían así toscas engañifas ou trampas para incautos; nunca verdades. Se *pobo* non implica *humanidade*, calquera outra acepción, incidindo en convencionalismo, non se podería impoñer senón pola forza e todo goberno tería que confina-la súa acción a quen o aceptaran libremente. Porque se interpreta como *raza*, *pobo* constituiría unha incógnita; ninguén sabería ata onde chegar para cénsalo: ¿e que autoridade podería lexitimamente ir sinalando a liña divisoria? E se por tal se ten *unha comunidade en convivencia cooperativa constante e asentamento compartido*, un quedaríase dubidando entre circunscricións tan diversas como a familia, a aldea, a cidade ou o municipio. Pero, máis alá destas áreas territoriais ¿como elixir sen arbitrariedade entre ámbitos xeográficos de tan desvaída diferenciación coma os denotados polas provincias, as rexións ou as mesmas nacionalidades? ¿Haberá que facer da Nación ese *plebiscito de tódolos días*, que invocaba Renán? ¿Pero a cantos electores abarca? ¿Quen son propiamente os titulares de unha determinada nacionalidade e por que argumentos? ¿E quen, e con que dereito, estableceu os requisitos para discerni-la nacionalidade? ¿Non se advirte que uns e outros, sobre ser equívocos, encerran **petición de principio**? Cando algunha Constitución afirma, por exemplo: *Son ningurienses: 1º) Os nacidos de pai ou nai ninguriense, sexa calquera a localidade do seu nacemento; 2º) Os nacidos en Ninguris, aínda cando os seus pais sexan estranxeiros*; non fai outra cousa que enunciar vacuidades. Tan é así, que a fórmula puido ser válida cando Ninguris era un imperio universal e seguilo sendo dende que xa Ninguris é pouco máis que unha Cidade-Estado, traía súa desmembración en reinos de taifas. Pois, consumada a ruptura, os ningurienses por nacemento de antes, non son ningurienses agora, por non ter nacido na Ninguris actual; nin son fillos de pais ningurienses, xa que os seus cambiaron de nacionalidade radicalmente” (142).

Non creo necesario engadir nada máis para que se me permita deducir lícitamente a conclusión de que tampouco partindo de “pobo” chegaremos a definir esencialmente a galegitude.

Aquí, é o adxectivo, non o substantivo, o que determina a esencia. Sen engadirlle o cualificativo xentilicio, pobo non significa nada.

5. ¿Quédanos mirar cara ó futuro e propugnar, cortando dunha tallada ó nó gordiano, que a Comunidade Autónoma galega se convirta en Estado?

Examinemos de cerca esta posibilidade.

O concepto de Estado que nos legou a tradición arranca de Maquiavelo, que acuñou o nome, e de Bodin, que trazou as súas características teóricas por primeira vez.

¹⁴² *Op. cit.* 193 s.

Con anterioridade a estes autores, denominación semellante non existía. E discútese -e é realmente moi discutible- se existía, aínda que non se denominara con ese termo, o fenómeno político mentado con el ⁽¹⁴³⁾. A cuestión é, sobre todo, polémica en canto ás agrupacións humanas sedentarias en que existe un poder de dominación con capacidade organizativa. Non, xeralmente, respecto ós nómades e incluso á horda. Pero no tendo consenso sobre as notas ou propiedades que definen esencialmente ó Estado, tampouco pode habelo na determinación da súa orixe. Se toma a palabra en sentido moi amplo, podería dicirse, como advirte Fraga, que “é tan antigo como a sociedade” ⁽¹⁴⁴⁾. Pero se, como sinala o mesmo autor, “a historia do Estado non é tanto a dunha idea como a dunha realidade social” ⁽¹⁴⁵⁾, a definición do Estado ten que ser sumamente difícil; porque requiriría illa-los elementos comúns a tódolos exemplares do seu desenvolvemento histórico. Por iso, ten razón Thomas I. Cook cando di que só temos do Estado un * concepto insatisfactorio*, tanto pola súa limitación temporal, como polo seu inevitable particularismo, como por elaborarse sobre unha experiencia insuficiente ⁽¹⁴⁶⁾. De aí que, por exemplo, a preguntas como: *¿Eran as poleis gregas Estados? ¿O era a organización política romana?*, as respostas non poidan ser acordes.

Indubidablemente, hai moitos elementos comúns entre as poleis gregas e o Estado; pero as diferencias son aínda maiores. A idea da **representación política sen mandatos imperativos**, que se fixo consubstancial ó Estado moderno, sería considerada inadmisíbel aberración en calquera **polis**. En cambio, a **polis** era, noutros aspectos, moito máis ca un Estado, pois implicaba unha convivencia integral, unhas relacións cuasifamiliares entre os seus membros e unha conxunción do político co relixioso.

No meu recente libro “*Tras eufemismo demo-a-cracia*” resumín a cuestión así:

“A que se llamaba una polis? No es menester que especulemos por nuestra cuenta, en demanda de una más o menos aleatoria contestación. Con pleno conocimiento de causa ha procurado satisfacer nuestra curiosidad nada menos que todo un Aristóteles.

Él nos proporciona, en efecto, las notas que juzga característicamente definitivas de la polis, al decir: 1) que es una comunidad; 2) que es superior e integra a todas las otras comunidades; y 3) que tiene por fin el más alto de todos los bienes: la completa autosuficiencia práctica en la consecución de un promedio digno para la vida humana ⁽¹⁴⁷⁾.

¹⁴³ Nun estudio de gran interese suxire GARCÍA PELAYO que os trazos máis característicos do Estado moderno poderían atoparse no absolutismo monárquico e na organización burocrática que estableceu Federico II de Suabia no reino de Sicilia. En cambio, a pesar do intento propagandístico que contiña o **Liber Augustalis** ou **Constitutiones Melfiae**, o único que non logrou Federico coa efectividade requirida foi a que me permitiu chamar *cohonestación recoñecida* do seu poder. Vid. infra.

¹⁴⁴ FRAGA IRIBARNE, MANUEL: **La crisis del Estado**, Madrid, 1955, 258 ss.

¹⁴⁵ FRAGA IRIBARNE, M.: *Op. cit.*, 268.

¹⁴⁶ Citado por FRAGA IRIBARNE en *Op. cit.*, 269.

¹⁴⁷ ARISTÓTELES: **Política**, I, 2; III, 9; IV (VII), 4 ss. esp. 7. Cito segundo a edición de Marías, J. & Araújo, M., Madrid, 1951. Manexei tamén frecuente e intensamente a tradución de Azcárate e a recollida nas **Obras de Aristóteles** de Samaranch, Madrid, 1973. Sobre a polis vid.: p. e., KITTO, H.D.F.: **Los griegos**, (Garasa) Buenos Aires, 1963, 87 ss. GLOVER, T. R.: **El mundo antiguo**, (Sond), Buenos Aires, 1961, 120 ss. FINLEY, M. I. **Los**

Ante a descrición precedente, excusa sinala-las esenciais diferencias que median entre a polis e o Estado moderno. Aquela consérvase aínda como un grupo primario ⁽¹⁴⁸⁾, intrinsecamente aglutinador e a plenitude de vida. Non é, por conseguinte, algo meramente formal que deixe fóra de sí, por incapacidade de asimilación, á sociedade subestante, senón un todo material e formal que non necesita de aportacións estrañas para ofrecer ós copartícipes canto postula unha vida humana colmada. Ó revés que no Estado moderno, cada vez máis deficiente nas cousas fundamentais, pese ó coste prohibitivo que nos obriga a soportar -verdadeiro preludio da súa disolución-; a polis ofrecía ós gregos axeitada cobertura ás máis comúns apetencias, dende a relixión, ata as diversións, dende as artes ás tertulias. Por iso resultan singularmente atinadas as seguintes aclaracións de Kitto: “*La polis era una comunidad viva, basada en el parentesco, real o presunto; una especie de dilatada familia que convertía la mayor parte de la existencia en vida íntima.. “La religión, el arte, los juegos, la discusión de grandes temas, todo ese animado cuadro, resultaban necesidades del medio, que sólo podían ser satisfechas gracias a la polis y no como entre nosotros con la ayuda de asociaciones voluntarias de personas que comparten idénticos esquemas mentales, o bien por la acción de organizadores que mueven a los individuos”* ⁽¹⁴⁹⁾.

A polis era, pois, moitísimo máis ca unha cidade actual e tamén moitísimo máis que os nosos imponentes Estados: Incorre en anacronismo quen trate de aplicarlle as falsillas políticas do noso tempo. Sen embargo, as teorías políticas gregas conteñen ensinanzas aproveitables para nos, mentres que, como o subliña Alvaro d’Ors, “*el pensamiento político de Roma resulta extraño y sin sentido para la teoría política moderna*” ⁽¹⁵⁰⁾. Menos aínda que en Grecia, cabe falar en Roma de “Estado”.

Entón, ¿por que o éxito irresistible da desafortunada palabrexa maquiavélica? *Por unah razón moi sinxenla: Porque mercé á súa desubicación e abstrusismo, botaba a responsabilidade das decisións impopulares adoptadas polo goberno sobre un ente metafísico e irrepreensible, xa que o “Estado” pese ó que significa o vocábulo non está en parte algunha como realidade diferenciada do aparato de poder en que verdadeiramente consiste. ¿Ou que súbdito se sinte parte do Estado?*

Cada un sabe por experiencia propia que desempeña un papel nada desprezable no concertó social; coopera con tódolos outros e, na medida en que serve, tamén é servido. Pero Sociedade e Estado deixaron de ser un ente único. Aquela unidade integrada que se manifestaba na polis, fragmentouse nos tempos modernos, dende que os poderes públicos, reivindicando a súa soberanía e desligándose do contexto social, tiveron que xustificar doctrinalmente os seus actos de imperio sobre unha maioría disociada, que se resigna á pasividade. O Estado non é hoxe como sería indispensable que o fose para non dexenerar nunha mediatización do home mercé a unha organización coactiva **consorcio voluntario en pro común**, senón un poder hermético ó disenso

griegos de la antigüedad, (García de la Mora), Barcelona, 1966, 55 ss. ANDREWES, A.: *El desarrollo de la ciudad-Estado*, no volume colectivo ed. por LLOYD-JONES, H.: *Los griegos*, (Cayol de Bethencourt), Madrid, 1965, 28 ss. Así mesmo, os estudos de BRILE, R: no volume sobre *Le Monde Grec aux temps classiques*, tome I, *Le V6 siècle*, baixo a dirección de BRIANT P Y LEVEQE, P. Paris, 1995, páxs. 7 ss. 133 ss.

¹⁴⁸ Sobre grupos primarios, vid. (por todos): OGBURN & NINKOFF: *Sociología*, (Bugada), 1958, 146 ss.

¹⁴⁹ KITTO, H. D. E: *Los Griegos*, (Garasa), Buenos Aires, 1962, 106 ss. Cfr. t. sobre o mesmo: GLOVER, T. R.: *El mundo antiguo* (Sond y Vázquez Presedo), Buenos Aires, 1965, 120 ss.

¹⁵⁰ D’ORS, A.: *Ensayos de Teoría Política*, Pamplona, 1979, 58.

e autocohonestado, que suplantou á sociedade sen asumí-las súas cargas. Por tratarse dun recrutamento forzoso, disimulado pola rutina histórica e a súa virtual universalidade, a necesidade da súa xustificación faise menos apremiante respecto á gran masa, educada na aceptación dos feitos sen ningún cuestionamiento crítico. Logo, a propaganda efectúa certas manobras de conversión terminolóxica sumamente hábeis que renden copiosos dividendos ⁽¹⁵¹⁾.

Respecto a Roma, o noso gran romanista Alvaro d'Ors ofrécenos unha resposta negativa. Nun estudio recollido nos seus *“Ensayos de teoría política”* que leva precisamente o título *“Sobre el no-estatismo de Roma”* sostén que a organización política romana difería radicalmente dos actuais estados e das poleis gregas en que non presuporía unha incardinación territorial senón que viña ligada á comunidade do *nomem romanum*. *“Lo que da unidad a la civitas -escríbelo sabio romanista- es la comunidad del nomem, es decir, de los tria nomina que ostenta todo ciudadano púber”*. *“El mismo territorium -engade-depnde de una concepción no urbana, pues designa las tierras que se entregan a los colonos, pero que están fuera de la ciudad, prope oppidum, como dice Varrón (L. L. S, 21).”*

“La contraposición entre polis y civitas -segue a dicir d'Ors-permite esta observación muy significativa: en tanto los politai presuponen una polis, la civitas romana presupone unos cives. La prioridad de lo personal sobre lo territorial aparece en esta derivación con toda claridad. La palabra polis, relacionada con polús y con pletos, parece tener su mejor correspondencia en un término perdido en latín, pero que nos conservan el oseo touto y el umbro totam, que se refieren igualmente a una concentración humana en un territorio determinado. Civis, en cambio, se relaciona con la raíz de palabras germánicas que indican un vínculo familiar”...

Xeneralizando, cabe soste, con moitos autores do máximo prestixio, que o Estado se orixinou en data relativamente recente. Max Weber, por exemplo, ó estudia-las asociacións de dominación -aínda recoñecendo que tódalas asociacións son, en algún grao, asociacións de dominación- caracteriza propiamente ás “asociacións políticas” pola posesión das seguintes características: a) “existencia e validez das súas disposicións dentro dun ámbito xeográfico determinado”; b) ameaza e aplicación, no seu caso, da forza física por órganos especializados; e c) que se garante así con continuidade a vixencia do preceptuado.

Entre as asociacións políticas destácase o Estado, definido como “instituto político de actividade continuada, cando o seu cadro administrativo manteña con éxito a pretensión ó *monopolio lexítimo* da coacción física para mantemento do orde vixente”⁽¹⁵²⁾.

A definición é bastante ampla (aínda que o monopolio da coacción é moito máis limitativo do que puidera parecer e poucas organizacións políticas do pasado poderían preténdelo); pero Weber advirte que: *“Es conveniente definir el concepto de estado en correspondencia con el moderno tipo del mismo, ya que en su pleno desarrollo es típicamente moderno...”* ⁽¹⁵³⁾.

En liña similar, Hermann Heller acota expresamente o seu estudio dicindo: *“El objeto de nuestra teoría del Estado es... únicamente el Estado tal como se ha formado en el círculo cultural de Occidente a partir del Renacimiento.”*

¹⁵¹ LOIS: *Op. cit.* 191 ss.

¹⁵² MAX WEBER: *Economía y Sociedad* (Medina Echavarría), I, México, 1944, 54.

¹⁵³ *Op. cit.* 56.

Completando o seu pensamento engade despois: “*El Estado de la Edad Moderna tiene tan poco que ver con el medieval -si es que se puede hablar de un Estado en la Edad Media-, tanto en lo concerniente a su estructura como a su función, que, en este caso, sólo puede hablarse de cambio y no de evolución. Lo mismo cabe decir respecto a las relaciones entre la estructura del Estado antiguo y la del medieval*”⁽¹⁵⁴⁾.

Máis radical amósase aínda Carl Schmitt. En *Staat als ein konkreter, an eine geschichtliche gebundener Begriff*, 1941, afirma que o concepto de Estado está condicionado historicamente e vai ligado á posta en práctica dunha concepción da soberanía.

“*El Estado moderno -dinos noutra das súas obras- ha nacido historicamente de una técnica política. Con él comienza, como un reflejo teórico suyo, la teoría de la razón de Estado, es decir, una máxima sociológico-política que se levanta por encima de la oposición de derecho y agravio, derivada tan solo de las necesidades de la afirmación y la ampliación del poder político. El ejército y el servicio civil burocrático adiestrado, los “ejecutivos”, constituyen la médula de este Estado, el cual es por esencia ejecutivo*”⁽¹⁵⁵⁾.

Entre nos, Fraga, subscribe o criterio schmittiano, afirmando que o Estado “xurde como unha técnica de cousas políticas”⁽¹⁵⁶⁾.

Sánchez Agesta declara tamén: “*Es más preciso designar únicamente como Estado a la comunidad política histórica que aparece en el Renacimiento y que llega hasta nuestros días*”⁽¹⁵⁷⁾.

Non faltan, sen embargo, autores que remontan a orixe do Estado ata os máis remotos tempos da prehistoria humana. Fraga, na súa importante obra, cítaos comprensivamente, aínda que non comparte as súas concepcións etnolóxicas, baseadas nunha interpretación sumamente discutible de como viven e se relacionan os poboados de primitivos actuais⁽¹⁵⁸⁾. El átense á forma moderna postrenacentista; pero apunta tamén con gran finura e unha erudición asombrosa: “*Nacido en los albores del Renacimiento como un pequeño pero eficaz aparato de poder militar y de organización administrativa, al servicio (como motor político y empresa de gobierno) de una sociedad preexistente, cuyos moldes políticos anteriores se habían quedado pequeños ante los cambios de coyuntura y de estructura que entonces se produjeron; en la actualidad, ante otra gran crisis, que amenaza dejarlo a él inservible, resulta que el Estado, a fuerza de extender sus funciones y de querer controlar todas las relaciones sociales, se ha diluido en éstas, y de algún modo ha pasado de dominador a dominado. Entre otras consecuencias, ello arrastra una muy interesante en el terreno doctrinal; a saber, que una teoría del Estado, por completa o **general** que sea, no agota ya los problemas de la política actual*”⁽¹⁵⁹⁾.

¹⁵⁴ HERMANN HELLER: *Teoría del Estado*, 4ª, ed. (Tobío) México, 1961, 43.

¹⁵⁵ SCHMITT, CARL: *La dictadura* (Díaz García) T ed. 1968, 44.

¹⁵⁶ FRAGA: *Op. cit.* 263,

¹⁵⁷ SÁNCHEZ AGESTA, LUIS: *Principios de Teoría política*, 4ª, ed. 1972, 1 12.

¹⁵⁸ FRAGA: *La crisis del Estado*, cit. 259.

¹⁵⁹ FRAGA: *La Crisis*, cit. 268.

Quen máis enerxicamente e con maior documentación referiu a orixe do Estado ó exercicio consciente da soberanía é o barón de Heydte no seu interesante libro de 1952 “*Die geburtsstunde des souveränen Staat*”, no que tilda de anacronismo falar de Estado -dado o significado real que se atribúe actualmente á palabra- con anterioridade ó século XIV

Nunha liña similar, sostiven, baseándome en Murdock (¹⁶⁰), que hai que rechazar toda posibilidade de remonta-lo Estado á prehistoria. Separando a política do Estado; afirmé a prioridade temporal daquela sobre éste, ó que vexo como un produto da evolución cultural, necesariamente transitorio.

Reflexionando dende unha perspectiva filosófica, pregunteime noutro traballo baixo que sesgo categorial ha de considerarse ó Estado. “Cabe falar do Estado como proxecto; como deber asumible ou asumido ou apremiante; como feito, como realidade estatística ou prognóstico probabilitario; como medio arbitrado para lograr certo fin político. Ou como todas ou algunha destas cousas, se son compatibles entre si”. “¿Que ser ten ó Estado? ¿Onde está? ¿De que maneira é? ¿Como comprobar se unha determinada proposición relativa ó Estado é verdadeira ou falsa? ¿Como informarnos sobre se calquera propiedade que se lle atribúe, convenlle ou non?”

Tratando de responder a estas cuestións, estudiei os elementos do Estado e considerei insuficientes para definilo os tres clásicamente mencionados: territorio, poboación e poder. Ó meu xuízo, non se pode reducir ó Estado a mera situación de feito. “*O cuenta con soportes éticos o tiene que fingirlos. Dicho de otra forma: Todo poder necesita ser coonestado para resultar soportable. De ahí que a los tres elementos del Estado haya que añadir todavía otro elemento capital: el dispositivo de coonestación y seducción que desarme y arrastre adhesiones*” (¹⁶¹).

Nun folleto recente, pretendo demostrar que este elemento é o que distingue ó Estado das restantes organizacións sociais. Incluso o “monopolio da coacción” non me parece decisivo como diferenza específica: “*Si un gobierno careciera de cobertura ideológica, mayoritariamente plausible, nadie podría evitar su derrocamiento a muy corto plazo. He ahí por que se ha producido en España una cadena tal de pronunciamientos en las dos últimas centurias: gobiernos fracasados y en descrédito, repudiados por la inmensa mayoría de la población, habían perdido en forma tan ostensible toda traza de legitimidad, que la opinión pública era algo así como una conspiración tácita para derribarlos*” (¹⁶²).

Esta tese rompe con aquela concepción tradicional que, arrancando en Bodin, cifraba na *soberanía* e na *res publica* a esencia do Estado. Pero como a “cousa pública” se atopaba tamén nos organismos intermedios (municipios, provincias, rexións), a “última diferenza” definitoria do Estado, de que carecía toda outra organización social, era a *soberanía*; voz que, etimoloxicamente, proclamaba a superioridade do poder do Estado sobre tódolos seus posibles competidores (do latín *super omnia*).

Había, sen embargo, en semellante modo de ver un primitivismo inxenuo. Nacida ó tempo do absolutismo monárquico, intentaba, no fondo, reivindicar para o poder real a total independencia

¹⁶⁰ LOIS: *Política. Una investigación sobre su esencia*, Santiago, 1993, 63 ss.

¹⁶¹ LOIS ESTÉVEZ, JOSÉ: *El ser del Estado y sus repercusiones pragmáticas: Estado de Derecho*, na *Lei*, n.º 358, Febrero de 1982, páxs. 2 y 3.

¹⁶² LOIS ESTEVEZ: *La Política. Una investigación sobre su esencia*, Santiago, 1993, 80

doutros poderes, especialmente respecto ó Romano Pontífice, que na Idade Media disfrutaba de tal *auctoritas* e adhesión popular que lograba impoñerse a miúdo e revocar decisións rexias.

Os primeiros teóricos, Ademais de atribuír ó poder soberano a supremacía sobre tódolos demais, tíñano por *absoluto* e *perpetuo*. Incorrían, así, en certa idealización inadvertida. Como feito, o poder é resultado da influencia dun home ou algúns homes sobre os demais; varía, pois, segundo as circunstancias. E, por iso, quen domina hoxe, non é o mesmo que dominará maná.

Tampouco dende unha perspectiva xurídica é simple o problema. Vista dende o Dereito, a soberanía preséntase como unha calidade dos actos xurídicos irrevocables. Por necesidades prácticas, non é posible someter a permanente revisión tódalas decisións. A vida social depende en gran medida da confianza. E se todo fose incerto, ¿quen a podería sentir? De aí, iso que se chama *seguridade xurídica*.

Pois ben, a seguridade xurídica esixe que, chegado un momento, o acordado polos poderes públicos sexa inmutable. Fálase entón de *preclusión*, de *causar estado*, de *cousa xulgada*. Con nomes diferentes, hai aí clara identidade fenoménica: estamos ante manifestacións plurais da soberanía xurídica (¹⁶³).

Isto aparte, a soberanía como algo conferido establemente a persoas ou grupos, está en crise palmaria. O mando supremo, ou, se prefire dicir como Carl Schmitt “*la posibilidad de decidir en los estados de excepción*”, non reside sempre no mesmo poder político. Non é que dependa da Constitución, que, como regra de Dereito, se respecta, ou non, tómase en tal sentido ou en tal outro; depende de cal sexa o que consiga impoñerse no momento ós outros.

¿E que dicir da soberanía *nacional*? Desgraciadamente, non pasa de mito político. A nosa Constitución no seu art. 1, 2, dinos: “*La soberanía nacional reside en el pueblo español, del que emanan los poderes del Estado*”. Esta “emanación” como o vello emanantismo teolóxico, ocorre por vías de misterio. Pero un debe preguntarse: ¿Reside a soberanía no pobo *de feito* ou *por Dereito*? Se afirma como un feito, o aserto non merece crédito, a menos que se demostré a súa verdade. Pois “estase” como soberano polo feito de selo, non porque nolo presenten como tal.

Se lle atribúe por Dereito, podería perdela, se alguén consegue arrebatalla de facto; e, por iso, sempre nos apremiaría a necesidade de investigar se a conservaba ou non.

Na hipótese dunha soberanía popular *de Dereito* habería que preguntar Ademais de onde arranca orixinariamente esa soberanía ou quen fai soberano ó pobo. ¿El a sí mesmo? Séndoo de feito, podería pregóvalo eficazmente como algo que se lle deberá de Dereito. En caso contrario, vana -e tautolóxica- sería a súa pretensión de arroxarse a soberanía xurídica. ¿Deferírala o poder constituínte? Entón este, que non se confunde co pobo, senón que só o * representa*, tería a estraña prerrogativa de fabricar soberanos ó seu arbitrio.

Tales son as paradoxas que resultan ó analiza-lo concepto como algo inmanente ó Estado. Pero ¿que sucede se o examinamos dende o exterior?

Tamén con este enfoque a crise da soberanía non se pode disimular. Non só cede a cada paso o *principio de non intervención* no Dereito Internacional, senón que os Estados (chamados) nacionais, experimentando a súa insuficiencia e á súa “heteroarquía”, están tratando de integrarse

¹⁶³ Esta convicción mantéñoa dende tan cedo como 1947, data na que presentei en Madrid a miña tese doutoral, publicada ó ano seguinte como *Teoría del fraude en el proceso civil* (Santiago, 1948).

en bloques continentais con soberanía compartida e, en consecuencia, debilitada. ¿É o preludio da substitución paulatina da “razón de Estado” pola “razón de Humanidade”, que pronosticou Fernández de la Mora hai corenta anos? ⁽¹⁶⁴⁾.

Sexa calquera a resposta, a hermeticidade soberana dos Estados parece irrecuperable na actualidade. A soberanía deixou de ser elemento esencial do Estado. ¿En que se diferenciará, entón, o Estado dunha Comunidade Autónoma ou o Estado federal dos Estados confederados? ¿A resposta non se poderá dar dende agora por remisión á “insularidade” dun ordenamento ou á súa “inclusión” noutro máis amplo! Xa hoxe na Comunidade Económica Europea as lexislacións dos Estados que a forman dependen cada vez máis da normativa comunitaria. E pronto tódolos ordenamentos quedarán supeditados a certas prescricións dunha O.N.U. renovada e dos seus correspondentes Tribunais Internacionais.

¹⁶⁴ FERNÁNDEZ DE LA MORA: *La quiebra de la razón de Estado*, Madrid, 1951, esp. 15 ss. 39 ss.



Galeguidade e sentimento patrio

1. ¿Que se ha de ver entón tras ese “xentilicio” a definición do cal tan fundamente nos desasosega? ¿Será Galicia simplemente *a nosa Patria*?

De novo énos necesario investigar que hai tras esta idea, por máis que ó presente se nos ofrezca en crise, tanto pola infrecuencia do seu emprego como pola reacción máis ben apática que hoxe suscita, en contraste cos sentimentos que non hai moito adoitaba esperar.

A razón de semellante apatía farásenos evidente moi pronto, en canto nos decatemos de que os sentimentos patrióticos non son senón unha extensión lóxica do afecto familiar. Ata data relativamente recente, a familia tiña a máxima importancia para a sorte e a calidade da nosa vida. Durante milenios a probabilidade de supervivencia de cada ser humano descansaba enteiramente sobre a magnitude, a coordinación de aptitudes e habilidades e a eficiencia cooperativa do grupo familiar. Cousas todas en boa medida dependentes do interese duns membros por outros, da eficaz transmisión de saberes e métodos; é dicir, de tradicións e artes de invención; e de que as disensións sexan mínimas en número e na súa magnitude, tolerables. Folga sinalar que a maior cariño e comprensión, isto é, canto máis unida a familia, maiores expectativas de prosperidade para toda ela.

Primitivamente, os vínculos familiares tiñan ademais o referendo de fortes concepcións relixiosas. Como demostrou sagazmente Fustel de Coulanges, a relixión primitiva era de carácter familiar. Daba a súa forma á familia. Ata tal punto que se non se recorre ás crenzas relixiosas da época, as institucións sociais e xurídicas resultarán estrañas e incomprensibles. En cambio, *“la comparación de las creencias y de las leyes muestra que una religión primitiva ha constituido la familia griega y romana, ha establecido el matrimonio y la autoridad paterna, ha determinado los rangos del parentesco, ha consagrado el derecho de propiedad y el derecho de herencia... Esta misma religión, luego de ampliar y extender la comunidad familiar, ha formado una*

asociación mayor, la ciudad, y ha reinado en ella como en la familia. De ella han procedido todas las instituciones y todo el derecho privado de los antiguos..." (165)

O libro xenial do sabio francés pon de manifesto con claridade inimitable todos estes feitos. Engadamos aquí que a relixión familiar precede á sedentarización, ocorrida, sobre todo (166), tralo descubrimento da agricultura; pero con esta recibe un enérxico reforzó. En efecto; como escribe Fustel de Coulanges: "*Si con el pensamiento nos trasportamos hasta esas antiguas generaciones de hombres, encontraremos en cada casa un altar y en torno del altar a la familia congregada. Cada mañana se reúne para dirigir al hogar las primeras oraciones. Cada noche para invocarlo una postrera vez. En el decurso del día también se reúne cerca de él, para la comida, que se comparte piadosamente luego de orar y hacer la libación...*" (167).

Nun principio, mentres persiste a vida nómada, a familia, se ben constituía ademais, e aínda en primeiro termo, unha formación política (168), monopolizaba case que por completo os afectos humanos. O que hoxe chamamos sentimento patrio tiña que proxectarse sobre o clan familiar ou patriarcal, con tódolos seus vínculos tradicionais e relixiosos. Despois, traía estabilización sedentaria, superponse ó compoñente ancestral un máis concreto compoñente físico: a terra electa e consagrada que acolleu ós pais. A patria era, á vez, por unha parte, "etnia", "relixión", "comunicación" e "terruño", posto que fundía indisolublemente estes catro sentimentos; pero, por outra parte, sobrepasándoos, representaba aínda outras realidades e vivencias non menos íntimas, tales como a sede do fogar familiar, o escenario onde transcorreu a propia vida, o amor, as amizades, o diálogo cordial, o acubillo protector do Dereito... Ten razón Fustel de Coulanges, ó escribir:

*"La palabra patria significaba, entre los antiguos, la tierra de los padres, terra patria. La patria de cada hombre era la parte de terreno que su religión doméstica o nacional había santificado, la tierra donde reposaban los huesos de sus antepasados, y ocupada por sus almas. La patria chica era el recinto familiar, con su tumba y su hogar. La patria grande era la ciudad, con su pritaneo y sus héroes, con su recinto sagrado y su territorio marcado por su religión. *Tierra sagrada de la patria * decían los griegos. No era ésta una vana frase. Este suelo era verdaderamente sagrado para el hombre, púes estaba*

¹⁶⁵ FUSTEL DE COULANGES: *La ciudad antigua*. Estudio sobre el culto, al Derecho y las instituciones de Grecia y Roma. (Villalaz), México, 1980, 2.

¹⁶⁶ Digo "sobre todo", porque é certa a observación de GORDON CHILDE, V de que: "No debe confundirse la adopción de la agricultura con la adopción de una vida sedentaria. Es costumbre contrastar la vida asentada del agricultor con la existencia nómada del *cazador sin hogar*. El contraste es bastante artificioso. En el siglo pasado, las tribus cazadoras y pescadoras de las costas del Canadá, en el Pacífico, poseían aldeas permanentes con casas de madera importantes, adornadas y casi lujosas". En "*Los orígenes de la Civilización*", (Gortari), Madrid, 1975, 99 s.

¹⁶⁷ FUSTEL DE COULANGES: *Op. cit.* 25.

¹⁶⁸ *Desenrolo con maior amplitude esta idea na miña Política. Una investigación sobre su esencia, cit. 63 ss. Por isto precisamente FUSTEL DE COULANGES puido escribir con verdade: "El principio de la familia tampoco consiste en el afecto natural, púes el derecho griego y el derecho romano no tienen para nada en cuenta ese sentimiento. Puede existir en el fondo de los corazones, pero nada es en el derecho..." A verdade é que cando o Dereito -calquera Dereito-ten que intervenir na familia, é porque as relacións afectivas non bastaron para solucionar algún conflicto. Polo demais, mentres a familia funcionaba como unha polis en miniatura, as súas propias normas non admitían intromisión foránea.*

habitado por sus dioses. Estado, ciudad, patria: Estas palabras no eran una abstracción, como entre los modernos; representaban realmente todo un conjunto de divinidades locales, con un culto cotidiano y creencias arraigadas en el alma”.

“Así se explica el patriotismo de los antiguos: sentimiento enérgico, que era para ellos la virtud suprema, a la que se subordinaban todas las demás. Cuanto para el hombre había de más caro se confundía con la patria. En ella encontraba su bien, su seguridad, su derecho, su fe, su dios. Al perderla, lo perdía todo. Era casi imposible que el interés privado estuviese en desacuerdo con el interés público. Platón dice: La patria nos engendra, nos sustenta, nos educa. Y Sófocles: La patria nos conserva”...(169).

E Glotz, con non menos acerto, testifica:

“Desde el día en que el efebo mayor presta el juramento cívico, debe a la ciudad todos sus pensamientos y toda su sangre. No se consagra en cuerpo y alma a una abstracción sino a una cosa concreta que ve todos los días ante sus ojos. La tierra sagrada de la patria es el refugio de su familia, las tumbas de sus antepasados, los campos a cuyos propietarios conoce, la montaña adonde va a cortar leña, a pastar su rebaño o a cosechar la miel, los templos en los que asiste a los sacrificios, la acrópolis a la que asciende en procesión; es todo lo que él ama y de lo que se muestra orgulloso y que cada generación quiere dejar en mejores y más envidiables condiciones de lo que lo recibió. Una ciudad, una sola, y muchas veces ínfima, y por ella corre Héctor al encuentro de la muerte, los espartanos consideran como el coronamiento de la “virtud” caer en “primera fila”, los combatientes de Salamina se lanzan al abordaje a los sones del pean y por ella, también, bebe Sócrates la cicuta para demostrar su respeto a la ley” (170).

A polis significaba, pois, para un grego canto para nos poden significar a unha o pobo natal, a Nación, o Estado, a parroquia, os familiares e veciños, a lingua de comunicación e os máis arraigados hábitos sociais e relixiosos. Ben que cunha importante diferenza: a de que todos estes afectos entrañables, coincidindo no seu obxecto, non podían contender entre si. ¡Que distinto, en cambio, o que ocorre nun Estado moderno! Como pura estrutura de dominación e case que sempre artificial e en macroescala, o Estado non pode espertar, de seu, nos “súbditos” íntimas adhesións. Un ignora, mesmo, que é. ¿Como sentir, entón, por él nin un asomo de amor? Detrás da Nación cabe descubrir un cortexo de xestas históricas admirables que alenten o noso orgullo. Temos unha enorme débeda co pasado que non é posible preterir; pero esa débeda referímola á totalidade do pobo ou a uns cantos persoeiros que a personifican; só en contadísimas ocasións, a un gobernó; ó Estado xamais, porque este non se concibe como un suxeito que realmente exista senón como ficción consecutiva a un nome ou un *idolus fori*.

A consecuencia é fácil de extraer: non creándose por natureza, espontaneamente, un sentimento de dilección cara o Estado, pese a ser esencial; resulta imprescindible provocalo artificialmente mediante os oportunos reflexos condicionados. Velaquí por que fai falla que se incaute o poder das devocións que suscitan as comunidades naturais ou afectivas onde se descoñece a pertenza por coacción. E tamén a causa pola cal as organizacións políticas que comportan unha deshumanización burocrática necesitan montar un dispositivo ou un artificio de coonestación

¹⁶⁹ FUSTEL DE COULANGES: *La ciudad antigua*, cit. 149 ss.

¹⁷⁰ GLOTZ: *La ciudad griega*, (Clavel), Barcelona, 1929 cit.40 ss.

capaz de impedir ou aplaca-los xermes de insubordinación. Doutro modo, sobrepasarían os límites que a forza pública pode resistir.

Aínda que sexa moi polo breve, conven xustifica-las afirmacións precedentes. O Estado, ó revés que a polis no caso máis xeral, non se formou como desenlace dunha evolución pacífica, traía voluntaria incorporación de unidades políticas menores. Non foi o produto dunha confederación de “municipios” (se nos é lícito dicilo así) que, conservando unha autonomía substancial, deciden cooperar en beneficio común.

O que un concibe lexicamente como o proceso máis congruente e desexable non é, por desgracia, o normal, nin sequera un evento raro que sucederá algunha vez. Polo que parece, non se deu nunca por agora. Na realidade histórica coñecida, o Estado conformouse pola forza. Non foi a culminación ou o perfeccionamento de núcleos sociais afectados de insuficiencia fronte a un clima de adversidade, senón un feito revolucionario que irrompeu e se impuxo dende o exterior. En Grecia, por exemplo, nin as Anfitionías nin o perigo persa nin as instigacións dalgunha que outra personalidade clarividente (¹⁷¹) lograron callar sequera nun só intento serio por constituir unha verdadeira confederación. Foron Filipo e Alejandro os que intuiron a necesidade de superalo sistema das polis, aínda que parece innegable que o seu empeño e probablemente calquera outro resultara un fracaso deprimente, de non media-la forza. ¿Que por que? Porque a “Patria” é moito máis que a adhesión a unha fe política. Un pode aceptar, no seu foro interno, racionalmente, calquera concepción de tendencia ecuménica; pero cando teña que optar, en dilema pechado, entre a súa convicción intelectual e o seu latexante amor á Nación que nutriu a súa vida, este último ganará a partida case sempre (¹⁷²).

Alzado a expensas dunha organización militar; dependendo a súa subsistencia da abnegada lealdade dun exército disciplinado e adicto, o Estado necesita inescusablemente monopoliza-lo entusiasmo e o fervor patriótico para sortea-las continuas crises que o acosan. Polo cal, incapaz de granxealos por si mesmo, apropiaos ás comunidades residuais que aínda merecen a nosa afección, pese á relegación sistemática que, como a rivais, lles impón. Cando hai que motivar ós recrutados para a guerra, sería contraproducente invitalos a poner en risco as súas vidas polo goberno ou por ese Estado metaempírico, incapaz de inspirar amor: evócanse entón os seres queridos, a familia, a terra natal, a relixión que un practica; é dicir, reconstrúese por asociacións o sentimento patrio, para poder exclamar co poeta latino: “*Dulce et decorum pro Patria mori*”

¹⁷¹ ISÓCRATES: *Panegírico*, 131; en *Discursos* (Guzmán), I, Madrid, 1959, páx. 234 s.: “Podían, tras reconciliarse con nosotros, hacer a todos los bárbaros periecos de Grecia entera”. Filipo, 16: “Quiero aconsejarte, en efecto, que tomes a tu cargo la concordia de los griegos y la expedición militar contra los bárbaros”, en *Discursos*, cit. II, 164. Algo moi similar escribirá ARISTÓTELES: *Política*, cit. IV, 6: “La raza griega, que topográficamente ocupa un lugar intermedio, reúne las cualidades de ambas. Posee, a la par, inteligencia y valor; sabe al mismo tiempo guardar su independencia y constituir buenos gobiernos, y sería capaz, si formara un solo Estado, de conquistar el Universo”, (trad. Azcárate, cit. 136. Na edición de Julián Marías y María Araújo, páx. 122. A súa tradución (máis literal) reza: “La raza griega, así como ocupa localmente una posición intermedia, participa de las características de ambos grupos y es a la vez briosa e inteligente; por eso, no sólo vive libre, sino que es la que mejor se gobierna y la más capacitada para gobernar a todos los demás si alcanzara la unidad política”.

¹⁷² Un suposto ben aleccionador proporcionannolo os socialistas europeos con ocasión da Primeira Guerra Mundial. Tódolos seus compromisos pacifistas desvanecéronse no aire en canto os seus países de orixe decidiron participar na contenda. Vid. ó respecto MOMMSEM, W. J.: *La época del imperialismo. Europa 1885-1918*, en *Historia Univ. S. XXI*, cit. tomo 28, 1978, 266 ss.

(¹⁷³). E ata se dá o paradoxo de que Estados oficialmente laicos non descoidan a instauración dun “clero castrense” (ou algo similar) para confortar espiritualmente ós soldados en batalla.

2. O patriotismo, o amor á patria, resulta ser, así, como a *polis* ou a *civitas* unha prolongación do amor á familia. E ámbolos dous obedecen a motivacións similares. Na familia, amén de moitas outras cousas, hai que ver tamén unha comunidade de riscos e venturas: na familia, todos somos *consortes*: a sorte énos, en grande medida, común. O que a un beneficia, redunda en ben de todos. O que lle daba, causa mal a todos. En xeral, estatisticamente, debemos á familia a vida, a aprendizaxe substancial, primaria, a nosa actitude cara a relixión, as nocións éticas fundamentais e a educación para a convivencia. Ata a lingua en que pensamos chámase “materna”, porque é a que aprendemos da nosa nai. E se isto lle debemos á familia os individuos, a humanidade lle debe aínda moito máis: débelle todo canto é.

A familia presentaba, non obstante, un problema social asaz grave: o do seu hermetismo. Pola súa propia natureza, a familia estaba pechada ós estraños. Do estraño había que desconfiar; e, como inimigo presunto, precaverse contra as súas posibles agresións e estar sempre apercebido para véncelas. ¿Como superar, así, a familia cando o número e tamaño dos grupos facía necesarias, para a supervivencia dos máis, estruturas cooperativas a escala máis vasta? Permítanme que ceda unha vez máis a palabra a Fustel de Coulanges.

“El estudio de las antiguas reglas del derecho privado nos ha hecho entrever, más allá de los tiempos que se llaman históricos, un período de siglos durante los cuales la familia constituyó la única forma de sociedad. Esta familia podía entonces contener en su amplio marco varios millares de seres humanos. Pero la asociación humana todavía era demasiado estrecha en tales límites: demasiado estrecha para las necesidades materiales, púes era difícil que esta familia se bastase en todos los azares de la vida; demasiado estrecha también para la satisfacción de las necesidades morales de nuestra naturaleza, púes ya hemos visto cuan insuficiente era la comprensión de lo divino y cuan incompleta la moral en ese pequeño mundo” (¹⁷⁴).

3. Como era imprescindible que a colaboración interhumana sobrepasara o marco estreito da familia; pero a relixión doméstica representaba un obstáculo para a súa expansión, porque “prohibía que dúas familias se mesturasen e se identificaran” (¹⁷⁵), houbo que conseguir que “varias familias, sen sacrificar nada da súa relixión particular, se unisen ó menos para a celebración doutro culto que lles fose común. Isto é o que ocorreu. Certo número de familias formaron un grupo, que a lingua grega chamou *fratría* e a lingua latina *curia*...” (¹⁷⁶).

Este gran paso na evolución social fíxose pronto insuficiente para responder ó reto dos novos incrementos de poboación; pero como o modelo para dalo estaba xa creado, bastou seguilo para constituír primeiro as tribos e máis tarde para formar *polis* e *civitates*.

A expansión das concepcións relixiosas era o medio e a condición para cada un destes avances.

¹⁷³ HORACIO: *Odas.*, III, 2, v. 13. *Tal vez reminiscencia de Tirteo cando exclamaba: “Es hermoso morir por la patria luchando valientemente en la vanguardia”*

¹⁷⁴ FUSTEL DE COULANGES: *Op. ci.* 83.

¹⁷⁵ FUSTEL DE COULANGES: *Op. et loc. cit.*

¹⁷⁶ FUSTEL: *Op. et loc. cit.*

Permitía, sobre todo, que os que antes, como estraños, non podían concorrer ós ritos do grupo, fosen admitidos ó mesmo como membros. Entre eles haberían de xurdir, en adiante, vínculos de colaboración, que se irían transformando paulatinamente en lazos afectivos.

O proceso é natural. O impulso cara á fusión responde tanto a motivacións económicas coma políticas. E se a relixión nun primeiro momento pode actuar como impedimento á congregación con estraños; despois, polo contrario, favorece e propicia.

Dende que as pequenas comunidades abandonan a economía predatoria e, asentadas nun territorio determinado, adócanse maioritariamente á agricultura, a súa necesidade de recursos novos crece constantemente. Flamantes invencións dan lugar a novas industrias e comercio. As vivendas, máis permanentes que as dos nómadas, tenden a ser mellores e máis cómodas cada vez; aumentan as esixencias de mobiliario; cantas industrias van xurdindo, perfeccionándose por experiencia, requiren novos útiles e, por conseguinte, novas materias primas, que pode haber, ou non, no chan propio. Se han de buscarse fóra, xurde unha certa dependencia económica respecto a esa *base de aprovisionamento*, coa cal é preciso manter relación comercial. Como para obter un produto en carencia hai que entregar a cambio algún outro sobranse, que alí falte; o trato beneficia por igual ás dúas comunidades, fainas amigas e as predispor a integrarse. Porque o comercio é tamén un vehículo de intercambios culturais, que rompe barreiras e aproxima os costumes e os modos de pensar.

Hai xa moitos anos, reflexionando sobre esta cuestión sostiña: “1º. *Dos espacios vitales interdependientes tienden a fusionarse para formar un solo Estado (mejor hubiera dicho una sola entidad política).* 2º. *Los Estados (mejor, *grupos*) así formados siguen un proceso idéntico.* 3º. *La fusión se detiene ante un obstáculo geográfico insalvable, o ante culturas repelentes, que impidan el comercio.* 4º. *Este complejo geográfico-psicológico origina un sentimiento centripeto que causa la Nación*”⁽¹⁷⁷⁾.

Anos máis tarde, expoñía a mesma idea con outras palabras. Se me consinte a cita, velaquí están:

“Retrocedamos en la Historia hasta el tiempo remoto en que no se habían constituido aún verdaderas estructuras políticas. Grupos de familias independientes convivían con paz y con holgura en áreas de dispersión muy vastas. La tierra sobraba, y era fácil obtener alimento y vestido. No había, púes, causas de fricción y no es de extrañar que la convivencia fuera pacífica. Lo mismo ocurre hoy en ciertos territorios de África y de Oceanía y en la Laponia. Las familias se bastan a sí mismas, y no sintiendo la necesidad de cooperar unas con otras para algo, se mantienen en un aislamiento casi hermético, codiciosas, antes que nada, de su autonomía. Pero si crece la población y la tierra y los alimentos escasean, entonces estalla la lucha, en aras de la supervivencia biológica, y cada cual procura defender su vida con su fuerza. En estas circunstancias, la existencia se torna mas y mas difícil.

Y, ante la presión de la necesidad, el problema acaba por resolverse automáticamente, mediante cualquiera de estas tres hipótesis: a) Mengua la población, porque aumenta el índice de mortalidad y disminuye el índice de crecimiento, debido a la guerra; b) un grupo somete a los otros por la fuerza e instaura un régimen de división del trabajo que, multiplicando los recursos, vuelve a permitir la vida sin que varíen esencialmente las circunstancias; c) las familias se asocian espontaneamente, por su propio interés,

¹⁷⁷ En *Ensayo de Valoración filosófica del Derecho según una metodología esencialista*. Madrid, 1945, 48.

tras descubrir los beneficiosos efectos que puede reportar la integración social en unidades cada vez más amplias. La primera hipótesis no conduce a nada. Ulteriores crecimientos de población replantean la primitiva situación de penuria, y vuelta a empezar el proceso. Las otras dos hipótesis dan lugar a estructuras jurídicosociales.

Ahora bien, cada uno de los núcleos sociales así constituidos lleva en su interior la necesidad de una expansión incesante. En condiciones favorables, la población tiende a crecer en progresión geométrica, como subrayó Malthus, e impone nuevas y más complicadas formas de división del trabajo, si se quiere que la producción cubra las exigencias del consumo. Por esta razón, los núcleos sociales próximos en el espacio se interdependizan, entran en relaciones de comercio, produciendo, así, el uno para el otro, se compenentran cada vez más, disuelven paulatinamente sus diferencias... y acaban por fundirse. He ahí cómo se han formado las primitivas CiudadesEstados y muchas Naciones modernas. He ahí cómo se formarán también, bien pronto, Estados continentales, y, más tarde, un Superestado mundial: las circunstancias económicas lo hacen indispensable.

En efecto; el mundo se está haciendo insuficiente, como una pequeña isla, para sostener con sus recursos a una porción de Sociedades disgregadas. La población, pese a todas las coartaciones de un neomalthusianismo antiprovidencialista, sigue creciendo a un ritmo prometedor. La utilización de nuestras fuentes energéticas y de nuestros medios de subsistencia, dado el estadio económico actual, tiende, por estar en las proximidades de su máximo, a un inmediato descenso. De modo que la necesidad de realizar una nueva y más delicada especialización económica y una aún más cuidadosa división del trabajo es a cada hora más acuciante. Los pueblos del mundo irán perdiendo, púes, la posibilidad de constituir espacios vitales autárquicos. Unos tendrán que fiarse y depender de otros, para lograr, en el trabajo común y coordinado, lo que por sí mismos ya no pueden siquiera pretender. A los frustrados intentos de autarquía sucederá, por ende, una economía mundial, con una administración y un Derecho únicos. Porque cuando los pueblos se necesiten no podrán ser rivales. Y la paz vendrá, traída por Dios, que escribe derecho en la Historia a pesar de nuestras líneas torcidas” (178).

Analicemos agora cales son os posibles elementos do patriotismo e Que relación gardan entre si.

O primeiro de todos segue a ser aínda o amor familiar. Os fillos séntense, polo xeral, perpetuamente unidos ós seus país. En calquera idade da vida, os recordos da casa paterna provocan normalmente en nos a máis fonda nostalxia e un tenro sentimento de afección.

Querol púxoo de relevo no seu sincero poema “*En Nochebuena*” con versos inesquecibles:

*“... Pienso que de los días de ventura
las horas van apresurando el paso,
y que empaña el oriente niebla oscura
cuando aún el rayo trémulo fulgura,
último del ocaso.*

¹⁷⁸ *La lucha por la objetivación del Derecho*, Vigo, 1965, 48 ss.

*“Padres míos, mi amor! ¡Cómo envenena
las breves dichas el temor del daño!
Hoy presidís nuestra modesta cena;
